

SESIÓN ORDINARIA DO EXCMO. CONCELLO PLENO DO DÍA 30 DE XULLO DE 2015.

No Pazo Municipal de Ferrol, sendo as dez horas e cinco minutos do día 30 de xullo de 2015, reuniuse o Exmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Don Jorge Juan Suárez Fernández, coa asistencia dos seguintes señores/as: Dona Martina Aneiros Barros, Don Jesús Basterrechea López, Don Francisco Javier Breijo Devesa, Don Diego Calvo Pouso, Dona Verónica María Casal Míguez, Don Bruno José Díaz Doce, Dona Eva Espiñeira González, Don Guillermo Ramón Evia Pérez, Dona María de la Luz Fernández Lemos, Dona María Eugenia Freire Fajardo, Dona María del Carmen García Fraga, Don Alejandro Langtry Caínzos, Dona María Esther Leira Penabad, Dona María Susana Martínez Galdós, Dona Rosa María Martínez Beceiro, Dona Rosa María de las Nieves Méndez Fonte, Dona José Álvaro Montes Celeiro, Don José Manuel Rey Varela, Don Antonio Iván Rivas Rico, Dona María Teresa Riveira Roca, Dona Ana María Rodríguez Masafret, Don Felipe Sas Río, Dona Beatriz Sestayo Doce e Don José Tomé López. INCIDENCIAS: Ás 10:28, durante a deliberación dos puntos 12 e 13, fíxose un receso ata ás 10:46. Na deliberación do punto 17 ausentouse o Alcalde durante dous minutos, quedando a segunda Tenente de Alcalde presidindo o Pleno e cando se deliberaba o punto 21 ausentouse catro minutos, presidindo o Pleno a primeira Tenente de Alcalde. Asistidos pola Secretaria Accidental Dona Paula M^a Vázquez Carrasco e polo Interventor Municipal Don Manuel Vázquez Fernández, ó obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente a este día, adoptándose os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á CELEBRADA O DÍA 2 DE XULLO DE 2015 (EXTRAORDINARIA).- A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior.

2. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA E OS SEUS DELEGADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE OS DÍAS 16 DE XUÑO E 20 DE XULLO DE 2015.- De conformidade co disposto no art. 36.1.31 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol, a Corporación deuse por enterada das resolucións dictadas polo Sr. Alcalde e os seus delegados durante o período comprendido entre os días 16 de xuño e 20 de xullo de 2015.

3. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 14 DE XULLO DE 2015, REFERENTE Á COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.- Examinada a resolución da Alcaldía, que textualmente di: "Vistos os escritos presentados polos distintos Grupos Municipais polos que se solicita,

despois da constitución da nova Corporación, a adscripción dos Sres/as. Concelleiros/as ás diferentes Comisións Informativas, en cumprimento do acordo plenario 2 de xullo de 2015 esta Alcaldía ven en dispoñer o seguinte:

PRIMEIRO.- Adscribir a seguinte distribución dos Sres/as. Concelleiros/as nas Comisións Informativas, propostas polos seus voceiros, proceder ó nomeamento do Secretario/a das Comisións así como establecer o día e hora en que terán lugar as sesións:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, EMPREGO E RECURSOS HUMANOS.

Presidenta: D^a M^a Eugenia Freire Fajardo

Vocais:

- D. José Álvaro Montes Celeiro
- D^a María Esther Leira Penabad
- D. Bruno José Díaz Doce
- D. Felipe Sas Río
- D^a Susana Martínez Galdós
- D. Francisco Javier Breijo Devesa
- D. Alejandro Lángtry Caínzos
- D. José Tomé López
- D. Iván Rivas Rico
- D^a Ana María Rodríguez Masafret

Suplentes:

FERROL EN COMÚN:

1º.- D. Jesús Basterrechea López

2º.- D^a M^a Teresa Riveira Roca

PSOE:

1º.- D^a Beatriz Sestayó Doce

2º.- D^a María de la Luz Fernández Lemos

3º.- D^a Rosa María de las Nieves Méndez Fonte

PP:

1º.- D^a M^a Carmen García Fraga

2º.- D^a Rosa Martínez Beceiro

3º.- D. Diego Calvo Pouso

4º.- D. Guillermo Evia Pérez

5º.- D. Jose Manuel Rey Varela

6º.- D^a Martina Aneiros Barros

7º.- D^a Verónica Casal Míguez
BNG: D^a Eva Espiñeira González

Secretario: Joaquín Martínez Cubero

Periodicidade: Semanal. Martes ás 10:00 horas

COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, MULLER E MOCIDADE

Presidente: D^a Beatriz Sestayo Doce

Vocais:

- D. Felipe Sas Río
- D^a María de la Luz Fernández Lemos
- D. M^a Teresa Riveira Roca
- D. Jesús Basterrechea López
- D^a Susana Martínez Galdós
- D^a Rosa Martínez Beceiro
- D^a M^a Carmen García Fraga
- D^a Verónica Casal Míguez
- D^a Eva Espiñeira González
- D^a Ana María Rodríguez Masafret

Suplentes:

PSOE:

- 1º.- D. Bruno José Díaz Doce
- 2º.- D^a Rosa María de las Nieves Méndez Fonte

FERROL EN COMÚN:

- 1º.- José Álvaro Montes Celeiro
- 2º.- M^a Esther Leira Penabad

PP:

- 1º.- D. José Tomé López
- 2º.- D. Francisco Javier Breijo Devesa
- 3º.- D. Diego Calvo Pouso
- 4º.- D. Alejandro Langtry Caínzos
- 5º.- D. Guillermo Evia Pérez
- 6º.- D^a Martina Aneiros Barros
- 7º.- D. Jose Manuel Rey Varela

BNG:

D. Iván Rivas Rico

Secretaria: D^a Victoria Lamigueiro Pita

Periodicidade: Semanal. Xoves ás 10:00 horas

**COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE, URBANISMO, SERVICIOS, OBRAS E
SEGURIDADE**

Presidenta: D^a María de la Luz Fernández Lemos

Vocais:

- D^a Rosa María de los Nieves Méndez Fonte
- D. Bruno José Díaz Doce
- D^a M^a Esther Leira Penabad
- D^a M^a Teresa Riveira Roca
- D. Guillermo Evia Pérez
- D^a Rosa Martínez Beceiro
- D. Francisco Javier Breijo Devesa
- D. José Tomé López
- D. Iván Rivas Rico
- D^a Ana María Rodríguez Masafret

Suplentes:

PSOE:

- 1º.- D^a Beatriz Sestayo Doce
- 2º.- D. Felipe Sas Río

FERROL EN COMÚN:

- 1º.- M^a Eugenia Freire Fajardo
- 2º.- José Álvaro Montes Celeiro

PP:

- 1º.- D^a Susana Martínez Galdós
- 2º.- D. Diego Calvo Pouso
- 3º.- D^a M^a Carmen García Fraga
- 4º.- D. Alejandro Langtry Cainzos
- 5º.- D^a Verónica Casal Míguez
- 6º.- D^a Martina Aneiros Barros
- 7º.- D. Jose Manuel Rey Varela

BNG:

D^a Eva Espiñeira González

Secretario: Efrén Pernas Fernández

Periodicidade: Semanal. Mércores ás 10:00 horas.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, ENSINO, DEPORTE E TURISMO

Presidente: D. Bruno José Díaz Doce

Vocais:

- D^a Beatriz Sestayo Doce
- D^a Rosa María de las Nieves Méndez Fonte
- D. Jesús Basterrechea López
- D. José Álvaro Montes Celeiro
- D^a Susana Martínez Galdós
- D. Rosa Martínez Beceiro
- D. M^a Carmen García Fraga
- D. Alejandro Langtry Caínzos
- D^a Eva Espiñeira González
- D^a Ana María Rodríguez Masafret

Suplentes:

PSOE:

1º.- D. Felipe Sas Río

2º.- D^a María de la Luz Fernández Lemos

FERROL EN COMÚN:

1º.- M^a Teresa Riveira Roca

2º.- M^a Esther Leira Penabad

PP:

1º.- D. Francisco Javier Breijo Devesa

2º.- D. Diego Calvo Pouso

3º.- D. José Tomé López

4º.- D. Guillermo Evia Pérez

5º.- D^a Martina Aneiros Barros

6º.- D. Jose Manuel Rey Varela

7º.- D^a Verónica Casal Míguez

BNG:

D. Iván Rivas Rico

Secretaria: D^a Iria Buján Vázquez

Periodicidade: Semanal. Venres ás 10:00 horas.

COMISIÓN INFORMATIVA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Presidente: D. José Álvaro Montes Celeiro

Vocais:

- D. Jesús Basterrechea López
- D^a M^a Esther Leira Penabad
- D. Bruno José Díaz Doce
- D^a Rosa María de las Nieves Méndez Fonte
- D^a Martina Aneiros Barros
- D. Guillermo Evia Pérez
- D^a M^a Carmen García Fraga
- D. Jose Tomé López
- D^a Eva Espiñeira González
- D^a Ana María Rodríguez Masafret

Suplentes:

FERROL EN COMÚN:

1º.- M^a Eugenia Freire Fajardo

2º.- M^a Teresa Riveira Roca

PSOE:

1º.- D^a Beatriz Sestayó Doce

2º.- D. Felipe Sas Río

3º.- D^a María de la Luz Fernández Lemos

PP:

1º.- D. Alejandro Lángtry Caínzos

2º.- D^a Rosa Martínez Beceiro

3º.- D. Francisco Javier Breijo Devesa

4º.- D. Diego Calvo Pouso

5º.- D^a Susana Martínez Galdós

6º.- D. Jose Manuel Rey Varela

7º.- D^a Verónica Casal Míguez

BNG:

D. Iván Rivas Rico

Secretario: D. Jorge Pena Piñeiro

Periodicidade: Quincenal. Luns ás 12:00 horas

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Presidenta: D^a M^a Eugenia Freire Fajardo

Vocais:

- D. José Álvaro Montes Celeiro
- D^a M^a Esther Leira Penabad
- D^a Beatriz Sestayo Doce
- D. Bruno José Díaz Doce
- D. Jose Manuel Rey Varela
- D. Diego Calvo Pouso
- D. Guillermo Evia Pérez
- D. Alejandro Langtry Caínzos
- D. Iván Rivas Rico
- D^a Ana María Rodríguez Masafret

Suplentes:

FERROL EN COMÚN:

1º.- D. Jesús Basterrechea López

2º.- D^a M^a Teresa Riveira Roca

PSOE:

1º.- D. Felipe Sas Río

2º.- D^a María de la Luz Fernández Lemos

3º.- D^a Rosa María de las Nieves Méndez Fonte

PP:

1º.- D^a Rosa Martínez Beceiro

2º.- D^a Susana Martínez Galdós

3º.- D. Francisco Javier Breijo Devesa

4º.- D. José Tomé López

5º.- D^a M^a Carmen García Fraga

6º.- D^a Martina Aneiros Barros

7º.- D^a Verónica Casal Míguez

BNG:

D^a Eva Espiñeira González

Secretario: D. Anxo de Nicolás Sánchez

Periodicidade: Mensual. Segundo martes de mes despois da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos

SEGUNDO.- Desta resolución darase conta ó Pleno e traslado a tódolos Presidentes e Secretarios das Comisións Informativas, ós Grupos Municipais e a todas as Unidades Administrativas ”.

A Corporación deuse por enterada.

4. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE NOMEAMENTOS DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.- Examinada a proposta que eleva a Alcaldía, que textualmente di: “Logo de que en sesión plenaria de data 2 de xullo de 2015 se adoptase o correspondente acordo de nomeamento de representantes da Corporación en Órganos Colexiados e tendo en conta o escrito presentado en data 10 de xullo por Ana Rodríguez Masafret renunciando ao seu nomeamento no Consorcio Proferias e Exposicións e o presentado en data 20 xullo por D. José Manuel Rey Varela respecto do seu nomeamento no Consello de Administración da Empresa Mixta de Augas, en aplicación do disposto no artigo 38 c) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Designar a D^a Eugenia Freire Fajardo como representante do Concello de Ferrol no Consorcio Proferias e Exposicións modificando o nomeamento realizado en sesión de data 2/7/2015.

SEGUNDO.- Designar a D^a Beatriz Sestayo Doce como representante do Concello de Ferrol no Consello de Administración da Empresa Mixta de Augas, modificando igualmente o acordo adoptado en sesión plenaria de data 2/7/2015.

TERCEIRO.- Remitir certificación deste acordo ás entidade de referencia ós efectos oportunos.”

A Corporación, en votación ordinaria e por maioría de catorce votos a favor, correspondentes ós Sres/as. membros dos grupos municipais de Ferrol en Común, Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ciudadanos e once abstencións dos Sres./as. membros do grupo municipal do Partido Popular, acordou aprobar a proposta transcrita.

5. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO CORRESPONDENTE Á RELACIÓN Nº 27.- Examinada a proposta que eleva a Concelleira delegada de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos, que textualmente di: “Examinadas as propostas que elevan as/os concelleiras/os delegadas/os das áreas que a continuación se

indican sobre a validación das facturas que se relacionan, pertencentes á súas áreas.

Logo de ver o disposto no art. 173 do R.d.l. 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, no que se establece que "as obrigas de pagamento serán esixibles á Facenda Local cando resulten da execución dos seus respectivos presupostos ou de sentencia xudicial firme" e o artigo 26 e 60.2 RD 500/1990 que establece a posibilidade do recoñecemento extraxudicial de crédito, sendo a competencia do Alcalde "sempre que exista crédito orzamentario".

Logo de ver o establecido nas bases 52, 53 e 54 de execución do orzamento e constando nesta intervención as facturas remitidas polas diferentes áreas e que se relacionan de seguido:

Relación número 27.-

ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS.-

Nome	Núm factura	Importe factura	Data factura	data de entrada en REXISTRO	Motivo (*)
PROSENASA SL	122002304	876,28 €	01/05/2015	19/05/2015	c)
PROSENASA SL	122002303	1.030,92 €	01/05/2015	19/05/2015	c)
PROSENASA SL	122002302	773,19 €	01/05/2015	19/05/2015	c)
PROSENASA SL	122002385	12.783,41 €	31/05/2015	25/06/2015	c)
PROSENASA SL	122002384	309,28 €	31/05/2015	25/06/2015	c)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	07 / 871	608,30 €	31/05/2015	15/06/2015	c)
APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS S.L.	07 / 872	871,20 €	31/05/2015	15/06/2015	c)
TOTAL ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS		17.252,58 €			

ÁREA DE URBANISMO.-

Nome	Núm factura	Importe factura	Data factura	data de entrada en REXISTRO	Motivo (*)
MENDIZABAL RECUNA S.L.P.	EMIT-3	17.847,50 €	05/06/2015	05/06/2015	c)
TOTAL ÁREA DE URBANISMO		17.847,50 €			

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS.-

Nome	Núm factura	Importe factura	Data factura	data de entrada en REXISTRO	Motivo (*)
UTE SICE – PASSCO	V-FACFV000668	57.022,62 €	30/04/2015	02/05/2015	c)
UTE SICE - PASSCO	673	112,26 €	06/05/2015	07/05/2015	c)

UTE SICE - PASSCO	672	2.553,39 €	06/05/2015	07/05/2015	c)
UTE SICE - PASSCO	671	537,24 €	06/05/2015	07/05/2015	c)
UTE SICE - PASSCO	670	2.923,46 €	06/05/2015	07/05/2015	c)
UTE SICE - PASSCO	669	2.414,05 €	06/05/2015	07/05/2015	c)
UTE SICE - PASSCO	676	3.041,01 €	31/05/2015	03/06/2015	c)
UTE SICE - PASSCO	675	2.933,90 €	31/05/2015	03/06/2015	c)
UTE SICE - PASSCO	677	300,06 €	31/05/2015	03/06/2015	c)
UTE SICE - PASSCO	678	2.415,86 €	31/05/2015	03/06/2015	c)
TOTAL ÁREA DE SERVICIOS		74.253,85 €			

TOTAL REC PLENO 30/07/2015 - RELAC. Nº 27	109.353,93 €			
--	---------------------	--	--	--

(*)NOTA:

Motivo do reparo (artigo 216.2 TRLHL):

- (a) Cando se basee na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.
- (b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.
- (c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.
- (d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

INFORMO

Réxime dos reparos.

Regúlase nos artigos 215 ao 218 do RD. Legislativo 2/2004, de 4 de marzo, sendo, en sínteses o seguinte:

Se no exercicio da función interventora o órgano interventor manifestácese en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou resolución.

Se o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigacións ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:

- a) Cando se basee na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.
- b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.
- c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.
- d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

Se emitido o reparo, o órgano a que lle afecte non estea de acordo con este, corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

Polo anterior, emítase o preceptivo informe de reparo, consonte o artigo 216.2. do RD. Legislativo 2/2004, polo motivo arriba indicado. Conforme co artigo 217.2 do TRLHL correspóndelle ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

- a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

b) Se refiran a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

As facturas reparadas corresponden a gastos realizados unha vez concluído o contrato e que se repiten mensualmente e de forma indefinida no tempo; son por tanto de contía indeterminada polo que, ante a eventual superación dos límites previstos na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da LCSP, a competencia correspóndelle ao Pleno de conformidade coa Base 53 das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2015.

Aínda que a Lei di que este reparo é suspensivo e lle corresponde resolvelo ao Pleno, neste caso, no que a prestación está executada, debe anudarse o réxime dos reparos ao do recoñecemento extraxudicial de créditos e ao principio do enriquecemento inxusto, polo que se entende que non hai tramitación ningunha que suspender nin discrepancia que resolver, de forma que, emitido o reparo, resta o recoñecemento extraxudicial do crédito polo órgano competente. Si que deberá suspenderse a execución de calquera gasto incurrido nos restantes motivos expostos.

Ferrol, 09 de xullo de 2015. Asdo.: O Interventor, D. Manuel Vázquez Fernández

Visto o informe da Intervención municipal e co ditame previo da Comisión Especial de Contas, e tendo en conta que as normas orzamentarias e a xurisprudencia reiterada declaran a obriga da administración de facer fronte ás obrigas adquiridas á marxe do procedemento legal co fin de evitar o enriquecemento inxusto, propóñolle ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1º- Levantar o reparo correspondente ás facturas que se indican.
- 2.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito da relación de facturas núm. 27 desglosada na parta expositiva por importe de 109.353,93 €."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de vinte e tres votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais de Ferrol en Común, Socialista, Partido Popular e Ciudadanos e dúas abstencións correspondentes ó grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. RIVAS RICO: Bo día a todos e a todas. É para explicar a nosa posición respecto deste punto. Ímonos abster respecto desta cuestión, por dúas razóns. En primeiro lugar porque consideramos que este concello non pode continuar desenvolvendo propostas de aprobación de recoñecementos de crédito para desenvolver servizos que deberían executarse mediante un contrato público ou mediante a xestión a través dun servizo de carácter municipal. Consideramos que a opción acaída é que servizos como a recollida de lixo ou como o suministro e o mantemento de instalacións eléctricas neste concello se debe asumir por parte da Administración Local e, polo tanto, agardamos que nun prazo breve de tempo poidan achegarnos unha proposta neste sentido. É por eso que neste Pleno imos absternos respecto desta proposta, pero, como digo, agardando que de xeito inmediato nos poidan presentar unha proposta para a remunicipalización destes servizos. Moitas grazas.

SRA. FREIRE FAJARDO: Neste sentido dicir que existían á nosa chegada ó goberno unha serie de facturas reparadas, correspondentes a gastos realizados unha vez concluído o contrato, con anterioridade á entrada do actual goberno municipal e correspondentes a distintas áreas. Evidentemente na actualidade o goberno actual atópase na vía de licitar estes servizos ós que fan referencia estas facturas.

6. DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO 2º TRIMESTRE DE 2015.- Visto o informe da Tesourería de cumprimento de prazos da Lei 15/2010, correspondente ó 2º trimestre de 2015, que consta de catro folios e está asinado pola Tesoureira o 17 de xullo de 2015, a Corporación, previa deliberación, deuse por enterada.

DELIBERACIÓN

SR. RIVAS RICO: Eu unicamente insistir nos mesmos argumentos que levamos desenvolvendo ó longo de todo o mandato anterior, que consideramos ademais que temos pasado por un goberno que basándose en falacias ten desenvolvida unha xestión económica altamente perxudicial para os veciños e veciñas desta cidade. Temos escoitado reiteradamente afirmacións como que non se gastaba máis do que se tiña, que pagaban o que se debía ou que non se incrementaba a presión fiscal. Isto o temos denunciado de maneira reiterada por parte do Bloque Nacionalista Galego nestes Plenos municipais e temos asistido reiteradamente a argumentos propagandísticos para intentar xustificar estes posicionamentos. Un deles era a elaboración destes informes trimestrais, informes de morosidade realizados por este goberno, que non son máis que un documento propagandístico, como digo, elaborado polo Partido Popular para ocultar os verdadeiros obxectivos económicos da súa política. A metodoloxía de cálculo, -xa temos argumentado aquí de maneira reiterada-, para calcular estes informes, non é máis que un engano e non reflicte de ningunha maneira a xestión económica municipal, xa que segue un método para calculalo no que poderíamos considerar que con cen facturas de 5.000 euros tardáramos en pagar máis de cinco meses e que unha única factura de 800.000 euros, pagándoa en cinco días cumpriríamos con este período medio de pago. Ademais seguimos a considerar que sesenta días é o mesmo que trinta máis trinta. Trinta máis trinta non son igual a sesenta días. Son dous prazos diferentes que se seguen considerando como un prazo único. Como digo, un engano para todas e todos os veciños e veciñas desta cidade, que o que nos sorprende ó Bloque Nacionalista Galego é que desde o actual goberno municipal se siga a asumir o mesmo criterio, non se faga ningún tipo de valoración desta metodoloxía nin maneira de proceder a calcular un período medio de pago, que ademais se asuma unha operación de 5 millóns de euros para pagar facturas vinculadas a esta normativa que establece estes criterios para o período medio de pago, sen que haxa a mínima crítica á lexislación que establece todos estes criterios. Non escoitei por parte do actual goberno municipal ningún cuestionamento da Lei de estabilidade orzamentaria do Partido Popular e, por tanto, consideramos que a

posición que mantén este goberno, asumindo estes mesmos criterios, cando menos é clarificadora da actitude que por parte das organizacións políticas de carácter estatal se plantexa e se asume respecto de criterios que por parte do Goberno do Estado se están impondo ás Administracións Locais e, como digo, o único que están a facer é perxudicar ós veciños e veciñas neste caso desta cidade. Moitas grazas.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias. Nada máis que aclarar que parte del tempo en el que está baseado este informe corresponde al goberno anterior. Decir que durante el mandato anterior se ha hecho un gran esfuerzo por ir trabajando en la línea de mejorar la gestión económica, de cumprir la normativa establecida por el Gobierno Central y buscar la estabilidade presupuestaria y el equilibrio e ir mejorando poco a poco los períodos medios de pago. Se cumplen en este informe también los requerimientos legales, menos de sesenta días en el período medio de pago legal y el período medio de pago económico menos de treinta. O sea, estamos en cincuenta y siete y en dieciocho. Y lo que quiero es animar al nuevo goberno a que continúe trabajando en esta línea para seguir siendo exemplo de buena gestión económica y de pago rápido a proveedores. Muchas gracias.

SRA. FREIRE FAJARDO: En todo caso dicir, bueno, un pouco o que dixo o Sr. Langtry, que este informe corresponde a un período no que todavía non habíamos chegado ó goberno e que, en todo caso, está avalado pola Tesoureira do Concello en base á Lei que haxa. Nos guste ou non é a que hai e, por suposto, abro a porta para reconsiderar o tipo de informe que a lo mejor debemos de presentar en estes Plenos.

SR. RIVAS RICO: Eu, para rematar, quero dicir que esto non é unha cuestión de se o informe está avalado pola Tesourería do Concello ou non, non é cuestión de reconsiderar o informe, porque o informe tamén vén determinado pola mesma lexislación que provoca que esto se teña que desenvolver desta maneira, senón que o que cuestionamos desde o Bloque Nacionalista Galego é que desde este goberno municipal, sexan facturas deste novo mandato ou do anterior mandato, se asuman de maneira absolutamente acrítica os mesmos condicionantes que no anterior mandato temos criticado de maneira reiterada. Digo esto porque parece que todo aquilo que provén da Administración Estatal se asume, como se fora palabra de Deus, non se cuestiona e aquí non existe a mínima crítica, aínda que sexa formal, por parte deste novo goberno municipal que está formado por dúas organizacións políticas diferentes ás que había no mandato anterior, pero que parece que na cuestión económica actúan dunha maneira paralela e bastante similar. Moitas grazas.

7. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS E DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO OU PRIVADO XESTIONADOS POLO EXTINTO IMFACOFE E POLO CONCELLO NOS EXERCIZOS 2012 E 2013.-
Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Facenda con data 6 de febreiro de 2015, que textualmente di: "Tendo informado a Tesourería municipal favorablemente a rendición de contas efectuada,

se propón que polo Excmo. Concello Pleno, previa fiscalización de conformidade da Intervención municipal, se dicte o seguinte **acordo**:

Examinadas as CONTAS DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS E DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO OU PRIVADO XESTIONADOS POLO EXTINTO IMFACOFE E POLO CONCELLO NOS EXERCICIOS 2012 e 2013 rendidas pola Recadadora municipal e o Xefe de Sección de Facenda.

Considerando que a práctica existente no Concello ata o momento é que os ingresos parciais realizados no exercicio son aplicados contablemente ós seus respectivos conceptos de ingreso, o que supón que o pendente de cobro a 31.12.2013 reflexado nas contas de xestión / recadación deberá ser minorado no importe dos ingresos a conta realizados pendentes de aplicar (é decir, os ingresos realizados que non datan valores) e que a 31.12.2013 ascendían á cantidade de 618.429,45 € (197.358,76 € de liquidacións, 1.332,68 € de autoliquidacións e 419.738,01 € de recibos).

Visto o informe nº 63/2014 favorable á aprobación das mesmas da Sra. Tesoureira municipal, emitido o 15 de decembro de 2014, e previa fiscalización de conformidade da Intervención municipal, esta Presidencia, no exercicio das súas competencias legalmente atribuídas, ten a ben propoñer que se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- APROBAR as CONTAS DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS E DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO OU PRIVADO XESTIONADOS POLO EXTINTO IMFACOFE E POLO CONCELLO DOS ANOS 2012 E 2013 rendidas e cuio resumo é o seguinte:

EXERCICIO 2012

		RECIBOS		LIQUIDACIONES		TOTAL	
		Nº VAL.	IMPORTE	Nº VAL.	IMPORTE	Nº VAL.	IMPORTE
S.I.	VOLUNT.	12.748	2.187.819,88	2.877	4.462.263,95	15.625	6.650.083,83
	EXECUTIVA	192.049	15.766.672,86	9.975	5.012.277,79	202.024	20.778.950,65
S.I. A 01.01.12		204.797	17.954.492,74	12.852	9.474.541,74	217.649	27.429.034,48
CARGOS	VOLUNT.	138.780	21.418.413,12	11.097	3.786.220,99	149.877	25.204.634,11
	EXECUTIVA	8.795	482.314,46	1.271	376.214,58	10.066	858.529,04
CARGOS 2012		147.575	21.900.727,58	12.368	4.162.435,57	159.943	26.063.163,15
PASE A EXECUTIVA 2012		24.651	3.470.444,45	1.864	2.861.846,55	26.515	6.332.291,00
BAIXAS	VOLUNT.	6.509	381.023,62	54	141.973,00	6.563	522.996,62
	EXECUTIVA	1.574	4.009.978,27	162	739.147,42	1.736	4.749.125,69
BAIXAS 2012		8.083	4.391.001,89	216	881.120,42	8.299	5.272.122,31
INGRESOS	VOLUNT.	106.921	16.729.870,02	10.030	2.927.988,41	116.951	19.657.858,43
	EXECUTIVA	19.681	2.201.308,40	1.705	827.295,79	21.386	3.028.604,19
INGRESOS 2012		126.602	18.931.178,42	11.735	3.755.284,20	138.337	22.686.462,62
S.C.N.	VOLUNT.	13.447	3.024.894,91	2.026	2.316.676,98	15.473	5.341.571,89
	EXECUTIVA	204.240	13.508.145,10	11.243	6.683.895,71	215.483	20.192.040,81
S.C.N. A 31.12.12		217.687	16.533.040,01	13.269	9.000.572,69	230.956	25.533.612,70

EXERCICIO 2013

		RECIBOS		LIQUIDACIONES		TOTAL	
		Nº VAL.	IMPORTE	Nº VAL.	IMPORTE	Nº VAL.	IMPORTE
S.I.	VOLUNT.	13.447	3.024.894,91	2.026	2.316.676,98	15.473	5.341.571,89
	EXECUTIVA	204.240	13.508.145,10	11.243	6.683.895,71	215.483	20.192.040,81
S.I. A 01.01.13		217.687	16.533.040,01	13.269	9.000.572,69	230.956	25.533.612,70
CARGOS	VOLUNT.	143.878	22.854.196,89	12.968	4.882.408,69	156.846	27.736.605,58
	EXECUTIVA	20.857	1.138.442,29	1.547	306.290,00	22.404	1.444.732,29
CARGOS 2013		164.735	23.992.639,18	14.515	5.188.698,69	179.250	29.181.337,87
PASE A EXECUTIVA 2013		24.322	4.092.006,41	826	981.753,39	25.148	5.073.759,80
BAIXAS	VOLUNT.	6.332	338.273,09	60	152.205,44	6.392	490.478,53
	EXECUTIVA	1.347	228.806,89	176	507.688,36	1.523	736.495,25
BAIXAS 2013		7.679	567.079,98	236	659.893,80	7.915	1.226.973,78
INGRESOS	VOLUNT.	107.486	17.993.299,83	12.259	3.654.119,50	119.745	21.647.419,33
	EXECUTIVA	26.202	2.618.492,45	1.317	868.164,27	27.519	3.486.656,72
INGRESOS 2013		133.688	20.611.792,28	13.576	4.522.283,77	147.264	25.134.076,05
S.C.N.	VOLUNT.	19.185	3.455.512,47	1.849	2.411.007,34	21.034	5.866.519,81
	EXECUTIVA	221.870	15.891.294,46	12.123	6.596.086,47	233.993	22.487.380,93
S.C.N. A 31.12.13		241.055	19.346.806,93	13.972	9.007.093,81	255.027	28.353.900,74

Quedan pendientes de cobro a 31.12.2013 255.027 valores, que ascenden a un importe total de VINTEOITO MILLÓNS TRESCENTOS CINCUENTA E TRES MIL NOVECIENTOS EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (28.353.900,74 €).

Cantidade que deberá ser minorada no importe dos ingresos a conta realizados pendientes de aplicar (é decir, os ingresos realizados que non datan valores) e que a 31.12.2013 ascendían á cantidade de 618.429,45 € (197.358,76 € de liquidacións, 1.332,68 € de autoliquidacións e 419.738,01 € de recibos), ascendendo o montante total pendente de cobro a 31 de decembro de 2013, segundo as contas de xestión recadación, á cantidade de VINTESETE MILLÓNS SETECENTOS TRINTA E CINCO MIL CATROCIENTOS SETENTA E UN EUROS CON VINTENOVE CÉNTIMOS (27.735.471,29 €).

2º.- Tendo en conta que xa finalizou o exercicio 2014, que se proceda a aprobación da realización dos axustes contables necesarios en relación coa Contabilidade Municipal para adaptar os saldos pendientes de cobro de presupostos pechados que resulten a 31.12.2014 ó pendente de cobro reflexado nas contas que se aproben no exercicio 2014, segundo o detalle que se amose nas mesmas."

A Corporación, en votación ordinaria e por maioría de vinte e tres votos a favor, correspondentes ós Sres/as membros dos grupos

municipais de Ferrol en Común, Socialista, Partido Popular e Ciudadanos e dúas abstencións do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, acordou aprobar a proposta transcrita.

8. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA POLAS QUE SE DESIGNAN CONCELLEIROS/AS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA CON RESPONSABILIDADE DE GOBERNO A DONA MARÍA TERESA RIVEIRA ROCA, DON JOSÉ ÁLVARO MONTES CELEIRO E DONA MARÍA DE LA LUZ FERNÁNDEZ LEMOS.-

Examinadas as resolucións da Alcaldía, que textualmente din:

A) Resolución de 8 de xullo de 2015:

"No uso das atribucións que me confire o artigo 9.2 do Regulamento orgánico desta Corporación, ao abeiro do establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, resolvo:

Primeiro.- Designar concelleira en réxime de dedicación exclusiva, con responsabilidade de goberno a dona María Teresa Riveira Roca, do grupo municipal Ferrol en Común.

Segundo.- O réxime retributivo e demais condicións será o aprobado polo Excmo. Concello Pleno en sesión de data 2 de xullo de 2015 para os concelleiros/as con dedicación exclusiva, con responsabilidade de goberno.

Terceiro.- A dedicación exclusiva implicará o réxime de incompatibilidades previsto nas disposicións vixentes.

Cuarto.- Do presente decreto darase conta ao Pleno municipal e publicarase no Boletín Oficial da Provincia."

B) Resolución de 8 de xullo de 2015:

"No uso das atribucións que me confire o artigo 9.2 do Regulamento orgánico desta Corporación, ao abeiro do establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, resolvo:

Primeiro.- Designar concelleiro en réxime de dedicación exclusiva, con responsabilidade de goberno a don José Alvaro Montes Celeiro, do grupo municipal Ferrol en Común.

Segundo.- O réxime retributivo e demais condicións será o aprobado polo Excmo. Concello Pleno en sesión de data 2 de xullo de 2015 para os concelleiros/as con dedicación exclusiva, con responsabilidade de goberno.

Terceiro.- A dedicación exclusiva implicará o réxime de incompatibilidades previsto nas disposicións vixentes.

Cuarto.- Do presente decreto darase conta ao Pleno municipal e publicarase no Boletín Oficial da Provincia."

C) Resolución de 10 de xullo de 2015:

"No uso das atribucións que me confire o artigo 9.2 do Regulamento orgánico desta Corporación, ao abeiro do establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, resolvo:

Primeiro.- Designar concelleira en réxime de dedicación exclusiva, con responsabilidade de goberno a dona María de la Luz Fernández Lemos, do grupo municipal PSdeG-PSOE

Segundo.- O réxime retributivo e demais condicións será o aprobado polo Excmo. Concello Pleno en sesión de data 2 de xullo de 2015 para os concelleiros /as con dedicación exclusiva, con responsabilidade de goberno.

Terceiro.- A dedicación exclusiva implicará o réxime de incompatibilidades previsto nas disposicións vixentes.

Cuarto.- Do presente decreto darase conta ao Pleno municipal e publicarase no Boletín Oficial da Provincia."

A Corporación deuse por enterada.

9. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA POLAS QUE SE DESIGNAN CONCELLEIROS/AS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL SEN RESPONSABILIDADE DE GOBERNO A DON JOSÉ MANUEL REY VARELA, DONA VERÓNICA CASAL MÍGUEZ E DONA MARTINA ANEIROS BARROS.- Examinadas as resolucións da Alcaldía, de data 8 de xullo de 2015, que textualmente din:

A) "No uso das atribucións que me confire o artigo 9.2 do Regulamento orgánico desta Corporación, ao abeiro do establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, resolvo:

Primeiro.- Designar concelleiro en réxime de dedicación parcial, sen responsabilidade de goberno a don José M. Rey Varela, do grupo municipal do Partido Popular.

Segundo.- O réxime retributivo e demais condicións será o aprobado polo Excmo. Concello Pleno en sesión de data 2 de xullo de 2015 para os concelleiros/as con dedicación parcial, sen responsabilidade de goberno.

Terceiro.- Do presente decreto darase conta ao Pleno municipal e publicarase no Boletín Oficial da Provincia."

B) "No uso das atribucións que me confire o artigo 9.2 do Regulamento orgánico desta Corporación, ao abeiro do establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, resolvo:

Primeiro.- Designar concelleira en réxime de dedicación parcial, sen responsabilidade de goberno a dona Verónica Casal Míguez, do grupo municipal do Partido Popular.

Segundo.- O réxime retributivo e demais condicións será o aprobado polo Excmo. Concello Pleno en sesión de data 2 de xullo de 2015 para os concelleiros/as con dedicación parcial, sen responsabilidade de goberno.

Terceiro.- Do presente decreto darase conta ao Pleno municipal e publicarase no Boletín Oficial da Provincia."

C) "No uso das atribucións que me confire o artigo 9.2 do Regulamento orgánico desta Corporación, ao abeiro do establecido no artigo 75 da

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, resolvo:

Primeiro.- Designar concelleira en réxime de dedicación parcial, sen responsabilidade de goberno a dona Martina Aneiros Barros, do grupo municipal do Partido Popular.

Segundo.- O réxime retributivo e demais condicións será o aprobado polo Excmo. Concello Pleno en sesión de data 2 de xullo de 2015 para os concelleiros/as con dedicación parcial, sen responsabilidade de goberno.

Terceiro.- Do presente decreto darase conta ao Pleno municipal e publicarase no Boletín Oficial da Provincia."

A Corporación deuse por enterada.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE APLICA O RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA A DON JORGE JUAN SUÁREZ FERNÁNDEZ NO SEU CARGO DE ALCALDE PRESIDENTE.- Examinada a resolución da Alcaldía

de data 3 de xullo de 2015, que textualmente di: "No uso das atribucións que me confire o artigo 9.2 do Regulamento orgánico desta Corporación, ao abeiro do establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, resolvo:

Primeiro.- Aplicar o réxime de dedicación exclusiva a don Jorge Juan Suárez Fernández, no seu cargo de alcalde-presidente desta corporación.

Segundo.- O réxime dos dereitos económicos e a contía destes será o que figura no presuposto municipal vixente.

Terceiro.- A dedicación exclusiva implicará o réxime de incompatibilidades establecido nas disposicións legais vixentes.

Cuarto.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno municipal e publicarase no Boletín Oficial da Provincia."

A Corporación deuse por enterada.

11. DAR CONTA DO NOMEAMENTO, EN RÉXIME DE PERSOAL EVENTUAL, DE DONA LORENA BUSTABAD HERMIDA.- Examinada a resolución da Alcaldía de

data 8 de xullo de 2015, que textualmente di: "No uso das atribucións que me confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispoño o seguinte:

Primeiro.- O nomeamento de dona Lorena Bustabad Hermida como xefa do Gabinete de Comunicación, en réxime de funcionario eventual de gabinete.

Segundo.- As retribucións a percibir polo interesado serán as fixadas polo Excmo. Concello Pleno en sesión celebrada o 2 de xullo de 2015 para a praza de xefa do Gabinete de Comunicación.

Terceiro.- As funcións a realizar pola interesada serán as propias do referido cargo.

Cuarto.- A xornada de traballo será a establecida para o persoal municipal, en horario flexible, de acordo coas necesidades do servizo.

Quinto.- O seu cesamento producirase cando se den as circunstancias previstas no artigo 104 da Lei 7/1985, anteriormente citada.

Sexto.- O presente nomeamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia e darase conta ao Excmo. Concello Pleno."

A Corporación deuse por enterada.

12. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE FERROL.- Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos, que textualmente di: "O artigo 22.2 i) e 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como o artigo 50.5º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establecen que corresponde ao Pleno en todo caso, a aprobación do número e réxime do persoal eventual, e que o Pleno da Corporación determinará ao comezo do seu mandato o número, características e retribucións dos postos reservados a persoal eventual.

Mediante acordo plenario de data 2 de xullo de 2015 aprobouse o número e retribucións do persoal eventual, o que fai necesario adecuar a relación de postos de traballo correspondente ao persoal eventual ao servizo do Concello de Ferrol.

En base ao anteriormente exposto, no exercicio da potestade de autoorganización e da competencia atribuídas polos artigos 4.1.a) e 22.2 i) da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, sométese ao Pleno a seguinte proposta:

"Primeiro. Aprobar a relación de postos de traballo de persoal eventual do Concello de Ferrol que se adxunta como anexo deste acordo.

Segundo. Ordenar a publicación íntegra deste acordo e do seu anexo no *Boletín Oficial da Coruña*.

ANEXO I

CÓDIGO	POSTO	TIPO	PROV.	ESCALA/CORPO	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS	Retribucións anuais (14 mensualidades)
01.00.01	Redactor Gabinete de Comunicación	E	I			Funcións de asesoramento marketing e comunicación	33.000,00 €
01.00.02	Xefa de Gabinete de Comunicación	E	I			Funcións de asesoramento marketing e comunicación	33.000,00 €
01.00.03	Xefe Gabinete de Alcaldía	E	I			Funcións de asesoramento a alcaldía en tarefas propias da axenda ordinaria	33.000,00 €
01.00.04	Xerente de	E	I			Funcións de	33.000,00 €

	Urbanismo, Infraestructuras e Obras					asesoramento de infraestructuras, Servizos e medio rural	
01.00.05	Asesor Xurídico de Medio Ambiente e Urbanismo	E	I			Asesoramento político nas materias sinaladas na súa denominación	33.000,00 €
01.00.06	Oficial administrativo grupo municipal PP	E	I			Tramitación asuntos asesoramento grupo municipal	22.493,48 €
01.00.07	Oficial administrativo grupo municipal PSOE	E	I			Tramitación asuntos asesoramento grupo municipal	22.493,48 €
01.00.08	Oficial administrativo grupo municipal BNG	E	I			Tramitación asuntos asesoramento grupo municipal	22.493,48 €
01.00.09	Oficial administrativo grupo municipal FC	E	I			Tramitación asuntos asesoramento grupo municipal	22.493,48 €
01.00.10	Oficial administrativo grupo municipal Ciudadanos	E	I			Tramitación asuntos asesoramento grupo municipal	22.493,48 €

Abreviaturas empregadas:

Tipo:

E: Posto reservado a persoal eventual

Provisión:

I.: Indistinto

“Advertido erro material na proposta de aprobación da relación de postos de traballo de persoal eventual do Concello de Ferrol, concretamente nas funcións sinaladas no Anexo I correspondentes ao persoal eventual de Asesor Xurídico de Medio Ambiente e Urbanismo, donde di. “Asesoramento político nas materias sinaladas na súa denominación”, debe dicir: Asesoramento político nas materias de Medio Ambiente, Vivenda e Rehabilitación.”

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de trece votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais de Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego, fronte a doce votos en contra, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais do Partido Popular e de Ciudadados, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. ALCALDE: Ahora, dado que os puntos 12 e 13, propoñemos que como forman parte do mesmo debate que se debatan conxuntamente aínda que logo se voten por separado. Se non tedes ningún tipo de obxección ó respecto.

SRA. FREIRE FAJARDO: O que propoñemos con eso é simplemente axeitar os instrumentos de adecuación do personal ó acordo adoptado polo Pleno do 2 de xuño, en uso das súas facultades, e na que se tivo en conta a proposta do BNG na rebaixa do número de asesores.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Buenos días y gracias. En primer lugar, como ya se manifestó en el Pleno extraordinario del día 2 de julio, Ciudadanos aboga por la reducción y disminución de los costes del personal eventual. Entendemos que el nombramiento de los mismos debe de ser de carácter excepcional en un sistema de empleo público profesional donde rigen los criterios de méritos y capacidad. Dicho esto, entendemos que la propuesta de modificar y suprimir cualquier exigencia de grupo o categoría, es decir, estudio a nivel de exigencia a dicho personal, resulta intolerable. Estamos totalmente en contra de esa posibilidad, pues se está primando el oportunismo político frente a la racionalidad. El personal eventual se debe de nombrar para asesoramiento al gobierno municipal en tareas específicas, adecuando las personas a los puestos y no los puestos a las personas y concretamente me refiero al puesto de Gerente de Urbanismo, Infraestructuras y Obras. No vale todo. Un Gerente de Urbanismo tiene que tener la capacidad de desarrollar las funciones de asesoramiento en la materia y se debe de exigir, por tanto, no solo una licenciatura, sino además una licenciatura adecuada a la materia que va a ser asesorada. En el caso contrario, si no es necesario un Gerente de Urbanismo, que es lo que el gobierno puede entender, que no es necesario; entonces no se crea otro, un puesto distinto, transversal, que hasta el 2 de julio no era necesario, se entendía por el concello que no se necesitaba. El concello no puede ser en ningún caso una agencia de colocación a la carta para los amigos, tampoco vale decir que otros gobiernos no han tenido en cuenta la cualificación de las personas o que por ejemplo ha habido personas con titulaciones de grado superior en materias en las que no podían ser asesoradas. Todo eso está mal hecho. Entonces con ello no se ayuda en absoluto a un proceso de regeneración democrática y la sociedad lo que exige hoy en día es transparencia, profesionalidad y ahorro. Nos debemos a los ferrolanos y no a las necesidades de los partidos políticos. Suprimir las categorías no es lo adecuado, modificarlas en casos concretos es asumible y concreto más y me explico. Concretamente entiendo que un Jefe de Gabinete de la Alcaldía puede ser un diplomado y no un licenciado. Pues el asesoramiento a la Alcaldía en tareas de agenda no exige a priori

unos conocimientos técnicos específicos. Así pues y por eso, dado que el gobierno municipal, la propuesta, es de supresión simplemente de categoría, votamos en contra.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. Suárez. Desde o Bloque Nacionalista Galego considerábamnos que era preciso axustar o custe económico dos asesores que se nos propoñía no anterior Pleno municipal á consignación orzamentaria prevista e consideramos ademais que debe ser o goberno quen determine o persoal que precise necesario para desenvolver o seu traballo e consideramos ademais que é hora que o faga xa. Estes son os criterios que nos guiaron no anterior Pleno e esperamos que nos guíen para determinar a nosa posición neste novo Pleno.

SR. REY VARELA: Moitas grazas, Sr. alcalde, compañeiros e compañeiras de Corporación. A verdade que temos recibido propostas, contrapropostas e hasta modificacións de erros un pouco curiosas despois do dictamen da Comisión, que se reconducen nuns documentos que veñen hoxe, o punto 12 e o punto 13, a aprobación do Pleno, que non coinciden ademais cos informes propostas dos departamentos correspondentes. Digo textualmente, no punto nº 13, na modificación do anexo da plantilla presupostaria, non consta o mesmo cadro que está no informe proposta do funcionario que remite o informe. Polo tanto, non sabemos se entendemos que se modifica exclusivamente o que vén ó Pleno na proposta de acordo ou é a proposta de acordo que forma parte do informe proposta -digo- preceptivo para a aprobación de calquera instrumento que regula o personal ou que regula a plantilla presupostaria do concello. Son dúas propostas un pouco curiosas. Unha debería partir do departamento de Personal, outra do departamento de Facenda, supoño que se fai un remix, tamén non só no debate no Pleno, que eso o vemos moi ben, pero un pouco de remix procedimental. Xa digo, unha aprobación dunha relación de postos corresponde ó departamento de Personal, -eso creo que é un tema evidente-, e unha modificación da plantilla presupostaria corresponde ó departamento de Facenda. Supoño que por iso este grado de confusión na tramitación, que tamén nos confunde ós integrantes da Corporación. Alomenos nos confunde na forma. Penso que ninguén pode dudar de que non se pode aprobar unha relación de postos sen detallar o grupo profesional. Eso é algo evidente. Non existe ningunha relación de postos de traballo en ningún sitio que non inclúa..., se se quere facer o que hai é que facelo ben. Antes non existía, porque existía unha plantilla presupostaria, agora se quere facer unha relación de postos para darlle unha aparencia de maior legalidade, pero é que non inclúe elementos esenciais que ten que incluír unha relación de postos de traballo: O grupo. O grupo é un requerimento legal. Vostedes teñen a posibilidade de poñer o grupo que queiran, pero ten que figurar o grupo na relación de postos. Tamén ten que figurar a formación específica. O que non pode suceder é que calquera grupo profesional poida desenvolver funcións de xerencia ou que calquera persoa poida desenvolver unha labor de asesoría xurídica. Isto haino que restrinxir a unhas determinadas titulacións. Supoño que unha persoa que non ten a titulación adecuada; é dicir, como mínimo licenciado en Dereito, non poderá ocupar esa plaza de asesoría xurídica. Polo tanto nos parece que existen moitísimas contradicións. Nós xa no seu

momento manifestamos que nos gustaría que igual que se fixo noutras cidades, como na Coruña e Santiago, que houbo un acordo, un marco xeral de entendemento entre os diferentes grupos para cuestións organizativas, isto se tivera feito aquí. Respectamos que non se faga. Vostedes teñen os votos que teñen para traelo sen facer unha negociación máis ampla, xa digo, como fixeron, -non vou a poñelos de exemplo tampouco- o que sucedeu na Coruña ou o que sucedeu en Santiago, pero nos parece que facer isto dunha maneira máis participada, especialmente por vostedes, que sempre presumiron deste tema, sería moito mellor para os intereses conxuntos da Corporación. Non nos debemos de olvidar de que aquí entre todos o que temos é que defender o interese xeral de Ferrol e dos ferroláns. Por eso anunciarlles o noso voto en contra ás dúas propostas que traen hoxe a Pleno.

SR. ALCALDE: Bueno, pois dende a Alcaldía, en aras a un maior consenso, chegar a ese entendemento do que se fala, propoñemos un breve receso para tratar este tema, uns poucos minutos, dos voceiros de cada un dos grupos, co fin de buscar o maior consenso para esta proposta.

SR. REY VARELA: -Sr. alcalde, é unha cuestión de orde, ou de forma. Nós vamos a participar no receso, porque nos parece que sempre é positivo o diálogo, pero é que este tema é un tema organizativo do concello. Este tema tivemos tempo a falalo dende a metade de xuño ata agora. Xa digo, participamos no receso, pero, xa digo, despois da sucesión de propostas diferentes e de ausencia de debate interno entre os portavoces, tamén parece un pouco complicado que agora vaíamos a poder, nun receso, chegar a un acordo de algo que non temos falado neste mes e medio que transcurriu neste mandato.

SR. ALCALDE: Eu insisto en propoñer o receso, ademais creo que se hai un lugar oportuno para levar adiante debates, aparte da xunta de voceiros, son as diferentes Comisións, donde cada quen tivo a ocasión de propoñer o consenso oportuno.

RECESO

SR. ALCALDE: Respecto ós puntos 12 e 13, vista a intervención do voceiro do Partido Popular, pois facemos neste acto unha consulta ó Interventor do Concello de Ferrol para que confirme se seguiron, tanto no punto 12 como no punto 13, todos os trámites legais oportunos para darlle a corrección legal a estas propostas.

SR. INTERVENTOR: El expediente está concluído y está informado con conformidade de Intervención. Por lo tanto hay que entender que sí.

SR. REY VARELA: Eu matizar que non pedín que me informase a Intervención, que ten o seu mecanismo propio de informe, pero se se produce o informe, obviamente quería preguntar dúas matizacións de carácter legal. Se é posible que un posto de asesoramento xurídico non vaia asociado á titulación da rama xurídica e do grupo A e se se pode modificar un anexo presupostario sen incluír, primeiro, non sendo igual a proposta funcional ó que se recolle no Pleno, non incluíndo todos os parámetros do existente neste momento na plantilla presupostaria sobre os postos obxecto de modificación.

SR. INTERVENTOR: ¿Si se puede configurar un puesto de eventual sin el requisito de la titulación? La ley no impone ese requisito de titulación. Habría que estar, más que a la denominación, a las funciones propias que se definan en el instrumento que los ordene.

¿Y si es posible modificar el anexo de personal del presupuesto, eliminando los requisitos preexistentes a la configuración de ese personal eventual? Sí. Siempre que se cumpla el procedimiento legal, sí.

SR. RIVAS RICO: Nós unicamente dicir que eu creo que se este fose un goberno do Bloque Nacionalista Galego estableceríamos uns criterios diferentes, non só o que ten que ver co grupo. Pero este non é un goberno do Bloque Nacionalista Galego e nós o que non vamos facer é impoñer ningún tipo de criterio nin os nosos criterios ó actual goberno e por iso imos votar a favor desta proposta, que o único que fai é desenvolver o acordo aprobado no anterior Pleno municipal, avalado polas afirmacións que acaba de facer agora mesmo a Intervención municipal. Moitas grazas.

13. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL EVENTUAL APROBADO XUNTO CO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL DE 2015.- Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos, que textualmente di: "Logo de ver o acordo do Pleno celebrado en data 2 de xullo de 2015 polo que se determina o número, características e retribucións do persoal eventual do Concello de Ferrol e tendo en conta que se fai necesario modificar o anexo de persoal aprobado xunto cos Orzamentos xerais para o ano 2015 en data 23 de decembro de 2014 (BOP nº 249 de 30 de decembro de 2014) para a súa adaptación ao mesmo, propono a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de persoal eventual aprobado xunto co Orzamento Xeral Municipal de 2015, resultando o contido que se expón a continuación:

<i>Denominación</i>	<i>Retribucións anuais (14 mensualidades)</i>
<i>Redactor Gabinete de Comunicación</i>	33.000,00 €
<i>Xefa de Gabinete de Comunicación</i>	33.000,00 €
<i>Xefe Gabinete de Alcaldía</i>	33.000,00 €
<i>Xerente de Urbanismo, Infraestructuras e Obras</i>	33.000,00 €
<i>Asesor Xurídico de Medio Ambiente e Urbanismo</i>	33.000,00 €
<i>Oficial administrativo grupo municipal PP</i>	22.493,48 €

<i>Oficial administrativo grupo municipal PSOE</i>	22.493,48 €
<i>Oficial administrativo grupo municipal BNG</i>	22.493,48 €
<i>Oficial administrativo grupo municipal FC</i>	22.493,48 €
<i>Oficial administrativo grupo municipal Ciudadanos</i>	22.493,48 €

2.- Someter o presente acordo a información pública polo prazo de quince días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, durante ese prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Transcorrido dito prazo, se non se presentaran alegacións, entenderase elevado a definitivo este acordo de aprobación inicial.”.

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de trece votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais de Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego, fronte a doce votos en contra, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais do Partido Popular e de Ciudadanos, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

A deliberación deste punto fíxose conxuntamente coa do punto nº 12, no que aparece recollida.

14. PROPOSTA DE QUE POLOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS SE PROCEDA A VALORAR A VIABILIDADE TÉCNICA, XURÍDICA E ECONÓMICA DAQUELAS PROPOSTAS ELIXIDAS POLA CIDADANÍA DOS PROCESOS DE ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS DOS ANOS 2009 E 2010 QUE SE ENCONTREN PENDENTES DE EXECUCIÓN, ASÍ COMO ACADAR O COMPROMISO DE HABILITAR OS CRÉDITOS PRESUPOSTARIOS NECESARIOS NO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE 2016 PARA A SÚA EXECUCIÓN.- Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística, que textualmente di: “O Concello de Ferrol na sesión plenaria de data 29 de decembro de 2009 aprobou as propostas cidadás resultado do proceso asembleario dos orzamentos participativos do ano 2009, experiencia piloto que afectou ós barrios urbáns de Santa Mariña, San Pablo de Catabois e San Xoán de Filgueira, así como ás parroquias rurais de San Xurxo e Doniños, cun orzamento total de 347.803 €.

O proceso de orzamentos participativos do ano 2010 implantouse nos barrios de Ferrol Vello, Canido, San Pablo, San Xoán, Santa Mariña e nas parroquias de Covas, Esmelle, San Xurxo e Doniños, rematando todo o proceso na denominada asemblea de cidade que se celebrou o 18 de decembro de 2010, onde foron elixidas 25 propostas cun orzamento total de 1.645.070 €.

A realidade, a día de hoxe, é que ámbolos dous procesos de orzamentos participativos non están executados na súa totalidade, sendo o grao de execución máis elevado o correspondente ó ano 2009, cun nivel de execución superior ó 50%.

Un dos primeiros obxectivos deste goberno municipal no referente á participación cidadá é rematar a execución daquelas propostas que están pendentes na actualidade, daqueles procesos anteriores de orzamentos participativos, sempre e cando contén coa correspondente viabilidade técnica, xurídica e económica que avalen o seu cumprimento, entendendo que é un compromiso prioritario coa cidadanía, antes incluso de iniciar novos procesos de orzamentos participativos.

Dado o tempo transcorrido é necesario proceder a revisar cada unha das propostas pendentes de execución para adaptalas á realidade actual, sobre todo dende o punto de vista técnico e económico.

Polo exposto, o concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística propón ó Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Que polos servizos técnicos municipais se proceda a valorar a viabilidade técnica, xurídica e económica daquelas propostas elixidas pola cidadanía dos procesos de orzamentos participativos dos anos 2009 e 2010 que se encontren pendentes de execución, así como acadar o compromiso de habilitar os créditos presupostarios necesarios no presuposto municipal de 2016 para a súa execución."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de catorce votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais de Ferrol en Común, Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ciudadanos e once abstencións do grupo municipal do Partido Popular, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. MONTES CELEIRO: Ola, bo día a todos e a todas. Para o goberno do concello a participación cidadá, como ben sabedes, é transversal e é a centralidade na vida democrática da cidade. Entendemos que os orzamentos participativos de 2009 e de 2010 crearon certa frustración dentro da cidadanía e das entidades que participaron porque algúns deles non foron executados e logo o modelo e o propio regulamento quedou no caixón. Nunha reunión mantida dende a propia Área de Participación, coa comisión de control e seguimento do Regulamento de participación cidadá, nos transmiten que moitas das propostas dos OPs de 2009 e de 2010 quedaron sen executar. Dende esta área non pretendemos entrar a fondo en cales son esas obras exactamente, senón que se trata de que este Pleno acade o compromiso político co modelo de participación cidadá e que mellor forma de avalar ese compromiso político co Regulamento de Participación que ser capaces de que esas cousas que aprobaron os veciños e as veciñas sexan levadas á práctica.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Desde Ciudadanos estamos totalmente de acordo con las palabras que ha dicho aquí el portavoz de Ferrol en Común.

SR. RIVAS RICO: Gracias, Sr. Suárez. Eu creo que nós imos apoiar a proposta, pero en todo caso creo que debería ser susceptible de valoración, cales son os proxectos que se van a presentar. No seu momento reclamamos na Comisión un listado de cales eran eses proxectos, todavía non os temos na nosa posesión, sabemos cales son por investigación propia, pero consideramos que un criterio importante sería saber cales son os proxectos que se van a someter a

valoracións, a ver se están adecuados á realidade actual. Estamos falando do ano 2009 e 2010. Creo que estamos no ano 2015. E non sería malo saber ademais se aquelas persoas que desenvolveron estes proxectos, que os validaron, consideran que son acaídos no momento actual. Se ademais a súa concreción, a súa formalización, é a que responde ás súas necesidades do momento actual e por eso pensamos que isto, ademais de desenvolverse da maneira en que se está a desenvolver, debería ir acompañado dun proceso no que aqueles colectivos que participaron neste procedemento puideran dar a súa opinión e facer unha valoración conxunta entre os grupos municipais do concello e eses colectivos.

SRA. ANEIROS BARROS: Moitas grazas, Sr. alcalde, e moi bo día a todos. Quixera iniciar o debate deste punto da orde do día pois manifestando que na miña opinión pois creo que non é de todo serio traer a aprobación a este Pleno esta proposta nos termos nos que se plantexa, porque o que pretenden é que este Pleno aprrobe que os funcionarios desta casa valoren a viabilidade desas propostas, extraídas dos orzamentos participativos de 2009 e de 2010, que valoren se son viables tecnicamente, xuridicamente e economicamente. E digo que non me parece serio, en primeiro lugar, porque é unha proposta que directamente descoñecemos. Na Comisión Informativa pediúselles que antes da sesión plenaria deste día se nos dera traslado das propostas concretas que querían valorar, apelando a esa transparencia o que deberían ter feito é trasladárnolas e dez días despois o certo é que todavía non temos recibido esas propostas sobre as que queren que hoxe nos decidamos. E pediuno este grupo municipal e pedírono os demais grupos, tanto o BNG como o grupo de Ciudadanos, pero, bueno, penso que desde logo transparencia esa non é. É máis, o expediente do Pleno consta dunha única folla, unha folla firmada neste caso por vostede, Sr. Montes, e que nin sequera leva un informe-proposta de ningún funcionario. Pero, en calquera caso, dicir tamén que esas propostas de 2009, de 2010, deses orzamentos participativos, refírense a demandas correspondentes a unha serie de barrios: De de Santa Mariña, de San Pablo, San Xoán, Ferrol Vello, Canido, Covas, Esmelle, San Xurxo e Doniños. É dicir, estamos falando de demanda de nove barrios e o certo, como vostede sabe, que Ferrol está constituída por vinte e tres barrios. E eu pregúntolle, que pasa cos restantes catorce barrios, vanse discriminar eses catorce barrios? Que pasa cos veciños da Magdalena? Que pasa cos veciños de Esteiro, de Ultramar, da Cabana ou de Santa Cecilia? E así hasta catorce barrios. Eses barrios non teñen dereito a que se valoren as súas demandas? Dende logo a nós non nos parece de xustiza nin cremos que é conforme co principio de legalidade e creo que eso deberían tamén explicalo.

E dicir tamén que en todo caso, como xa dicía o voceiro do BNG, estamos falando de propostas duns barrios, plantexadas no ano 2009 e 2010; é dicir, propostas de hai seis anos e realmente seis anos é moito tempo, polo menos é tempo suficiente como para que as demandas que si había hai seis anos hoxe xa non o sexan ou polo menos os veciños poden valorar que existan outras prioridades máis urxentes. E o certo é que nin sequera estas cuestións foron sometidas a unha valoración por parte dos afectados, por parte dos propios veciños. E

xa que falan tanto da participación veciñal eu penso que o primeiro sería falar con eles e que eles o decidiran.

E respecto dos orzamentos participativos si me gustaría destacar que, efectivamente, no mandato 2007-2011, no que gobernou o Partido Socialista en coalición con Esquerda Unida durante parte dese mandato; de feito, durante esa coalición fíxose cargo desta concellería, falouse moito, efectivamente, dos orzamentos participativos. Falouse moito dos millóns de euros vinculados a eses orzamentos participativos. Pero eu creo que temos que ir á realidade. E que foron os orzamentos participativos de 2009 e de 2010? Pois, mire, vendeuse que eran uns orzamentos participativos cun valor de 2 millóns de euros, cando o certo é que nos orzamentos municipais non existía unha soa partida orzamentaria destinada a eses orzamentos participativos e, a pesar de que se falou moito de todo este tema, o certo é que dous anos despois do inicio deses orzamentos participativos, dous anos despois do 2009; é dicir, no 2011, cando nós chegamos ó goberno municipal, que nos atopamos? Pois, miren, saben cal era a execución deses orzamentos participativos de 2009 e de 2010? Pois non chegaba nin a un 8%. É dicir, nese mandato socialista o que se fixo foi executar en dous anos un 8% de todos estes orzamentos participativos. A verdade é que creo que non se pode calificar esta experiencia de exitosa. Por certo, faise costar na proposta asinada por vostede que agora está a execución nun 50%. Pois, efectivamente, no 8% que había cando nós chegamos ó goberno no mandato anterior ata ese 50%, supoño que eso si terán que recoñecer que foi mérito da anterior Corporación e que xa ve que se poden executar as demandas veciñais sen necesidade de poñer en marcha eses orzamentos participativos. En calquera caso, eu penso que se vostedes consideran politicamente oportuno poñer en marcha eses orzamentos políticos nós o imos respectar, pero eu penso que o serio sería traer hoxe a este Pleno esas propostas xa valoradas, xa valoradas dende un punto de vista técnico, dende un punto de vista xurídico, dende un punto de vista económico. Esa é a maneira de xestionar ben os asuntos municipais. E vostedes o que queren é que este Pleno decida unha cuestión que entendo que non é competencia deste Pleno. Non é o Pleno o que ten que decidir se os funcionarios fan ou non ese traballo, se valoran ou non a viabilidade desas propostas. Eu penso que o lóxico é que vostedes o fagan, que traigan esas propostas xa valoradas a este Pleno e eu me pregunto, que pasa se todas esas propostas que quedan pendentes son inviables? Para que estamos perdendo o tempo neste Pleno? Porque pode darse a circunstancia de que todas sexan inviables, que ningunha delas poda ser executada. Entón, para que estamos plantexando? Eu penso que o primeiro era que vostedes trouxeran esas propostas xa valoradas. É máis, pídenos un compromiso para habilitar crédito orzamentario para o 2016. Digo eu, como nos piden un compromiso se nin sequera sabemos, unha, nin sequera coñecemos as propostas, porque non nolas trasladaron, nin sequera sabemos se son viables ou non. E nos piden ese compromiso? Eu penso que deberían ser un pouco máis rigurosos desde ese punto de vista. Pero, como xa dixen, é unha decisión política, a respectamos e, por tanto, imos absternos na votación deste punto.

SR. MONTES CELEIRO: Si é certo que na Comisión Informativa quedamos de aportar máis información, pero logo, unha vez valoramos a cuestión e vimos que de fondo isto é un compromiso político do Pleno cos orzamentos participativos que xa foron aprobados nos Plenos do goberno 2007-2011, só é unha cuestión de carácter político que este Pleno se pronuncie a favor do Regulamento de Participación Cidadá e entendemos que a forma de facelo é apoiando esas cousas que quedaron pendentes. Teño aquí do Pleno do primeiro OP, que se aproba o 29 de decembro de 2009, unhas palabras do actual portavoz do Partido Popular naquela época, donde fai un alegato e unha defensa da participación cidadá como modelo democrático para a cidade. Téño aquí.

Ó ano seguinte, vostedes, no Pleno do 5 de xaneiro de 2011, cando se aprobaba o OP do 2010, se ausentaron dese Pleno e hoxe seguen ausentes do modelo de participación cidadá. Seguen ausentes. A cuestión pola que non se trae o detalle, as obras pendentes, é porque vostedes teñen a tendencia a non focalizar a atención donde hai que tela, que é a cuestión do modelo de participación. Non é unha cuestión de se esta obra se executou ou non se executou. É unha cuestión de carácter político que se somete ó Pleno para valoración. E recoméndolles que se volvan a unir á Axenda da Participación Cidadá que abandonaron no 2011.

SR. RIVAS RICO: Eu unicamente dicir unha cousa. Eu creo que se esto que se trae hoxe a debate, que como dicía na miña anterior intervención, ten cando menos un carácter bastante xenérico e difuso, o que pretende é aprobar ou apoiar un Regulamento de participación cidadá, un posicionamento político, eu penso que o que deberían traer aquí é o Regulamento de participación cidadá, non este documento. Como lle digo, eu penso que o lóxico sería, primeiro, que nos dixese cales son os proxectos que se van a valorar e, segundo, que se adecúen eses proxectos á realidade actual. Estamos, como lle dicía, no ano 2015, pode que haxa proxectos do ano 2009 e do ano 2010 que non sexan acaídos para este ano 2015. Póñolle un exemplo, que non ten que ver cos orzamentos participativos: O Plan Especial do Sánchez Aguilera. Ano 2011. Eu creo que estamos no ano 2015. Vostedes consideran que ese Plan Especial é válido no momento actual, tal como se aprobou no ano 2011? Pois o mesmo pasará con outro tipo de proxectos ou pode pasar. E que o fagan desta maneira, pois cando menos ten as eivas de non concretar que é o que pretenden facer nin de desenvolver este proceso de maneira participativa cos colectivos que aprobaron estes proxectos, nin co resto de grupos municipais. Penso que deberían de corrixir estas deficiencias e, en todo caso, facelo ó mesmo tempo que se desenvolvan estes informes técnicos dos servizos municipais do concello, xurídicos, económicos e de viabilidade técnica, para poder tomar unha decisión respecto de cuestións concretas.

SRA. SESTAYO DOCE: Obviamente a proposta do goberno simplemente se trata de algúns matices a raíz da intervención do Partido Popular. Sorprende, sen dúbida, a este grupo que o Partido Popular, que gobernou durante catro anos, non coñeza cales eran os proxectos que estaban pendentes de participación cidadá. Sorprende sobremaneira. Sen dúbida é coherente coa ausencia total de interese en

participación cidadá, coa destrucción da participación cidadá e coa identidade dun goberno que vulnera o artigo 21 da Constitución coa lei mordaza a través das siglas do seu partido político. Sen duda é coherente, pero o recoñecemento do desprecio hacia os orzamentos participativos e afirmar neste Pleno que se descoñece cales eran os orzamentos pendentes... Para eso si, despois de dicir que grazas ó goberno do Partido Popular se fixeron posible ata o 50%, ou ben o coñecían ou ben o descoñecían. En todo caso, é evidente que existía un goberno no seu día que aspirou á participación cidadá, que introduciu, gracias á cidadanía, o Consello da Veciñanza, os orzamentos participativos e sen dúbida este goberno ten que seguir esa senda rompendo con ese goberno unilateral do Partido Popular e ademais é evidente que hai que buscar a viabilidade entre outras cousas económicas xa que, bueno pois a voráxine dende logo neste exercicio orzamentario, a voráxine inversora pre campaña electoral do Partido Popular, é evidente que deixaron as arcas como as deixaron e por eso houbo a necesidade de facer unha operación de endebedamento tan pronto chegamos ó goberno. Nada máis e moitas gracias.

SRA. ANEIROS BARROS: Moitas gracias. Para empezar contestándolle á Sra. Sestayo. Eu penso que pretendía vostede arranxar as palabras do Sr. Montes, que parécenme aínda peor que o que plantexou inicialmente.

Mire, Sra. Sestayo, coñecemos moi ben cales son as propostas do 2009 e do 2010. Probablemente mellor que vostedes. Pero eso non quita que vostedes, que alardean da transparencia, ós grupos municipais se nos dea traslado, non só ó PP, senón ó BNG e a Ciudadanos, que lles foi solicitado na Comisión Informativa, se lles dea traslado de todas e cada unha desas propostas, que creo que ese é un dereito, como ben vostede sabe, que temos todos os grupos municipais. Eso non é escusa para arranxar a situación desta Corporación, a situación deste goberno, que o que está dicindo o Sr. Montes é que o pensaron mellor e que, a pesar de que lle pedimos esas propostas, o que fixo foi non dárnolas dunha forma consciente. É dicir, viva a transparencia!

E tamén dicir outra cousa, Sra. Sestayo. Nós, deses orzamentos participativos, lémbrolle, como xa dixen na anterior intervención, executamos o 42% e dígolle que moitas desas propostas, -as que quedan pendentes son inviables-, non se poden levar a cabo e se quere lle podo dar máis información. O triste é que a oposición teña que informarlle ó goberno destas cuestións. Vostedes, no goberno Socialista de 2007-2011 executaron en dous anos un 8%, nós un 42% e, insisto, propostas pendentes moitas delas son inviables. Sabe que pasa? Que vostedes apelan permanentemente á participación e cando vamos á realidade, o que vós dicides e o que facedes choca frontalmente. Pretenden resucitar os orzamentos participativos. É respectable, volvo a dicir. Eu penso que foi un auténtico fracaso. Non se está oíndo ós veciños, nin sequera se está informando ós grupos políticos, non se habilitan partidas orzamentarias correspondentes, non sabemos nin cales son por parte do goberno esas propostas. É que, mire, nos están oíndo veciños da nosa cidade. Díganlle s vostedes a eles, aínda que non o fagan a nós, díganlle a eles, ós que nos están escoitando, cales son esas propostas. É que estamos aquí representando a moitos veciños de Ferrol e teñen dereito

a sabelo. Se vostedes non o queren manifestar pois teremos que falar de oscurantismo e de pouca transparencia.

E, mire, lle digo por último, se queren unha auténtica participación cidadana, tanto que falan dela, céntrense no Regulamento de Participación Cidadá. Continúen co camiño iniciado no anterior mandato do Partido Popular, porque por moito que lles doa as únicas asambleas de barrio convocadas e constituídas foron no mandato do Partido Popular. O único Consello da Veciñanza constituído foi no mandato do Partido Popular e pódolle dicir moitas máis cousas, como a creación das oficinas de atención cidadana en Serantes e en Caranza ou a Oficina de Atención Cidadana no Concello de Ferrol. Cuestións como esas que fixo o Partido Popular. Eso é participación cidadá. E, mire, eu lle digo, os orzamentos participativos son do 2009 e do 2010 e o Regulamento de Participación Cidadá é do 2011. Sabe que pasa? Que en todo o articulado do Regulamento de Participación Cidadá non existe nin un só artigo no que se fale de orzamentos participativos. Vostedes fagan orzamentos participativos, pero non digan que con eses orzamentos participativos están cumprindo o Regulamento de participación cidadá, porque se o din están mentindo. Insisto, non existe nin un so artigo en todo o Regulamento que fale de orzamentos participativos e senón ensinemo.

SR. MONTES CELEIRO: Novamente. É unha cuestión de modelos de participación. En sesión plenaria do 5 de xaneiro de 2011, donde se votaba OP 2010, non asistiron os concelleiros do grupo Popular. Seguen vostedes ausentes do modelo de participación e desa cuestión que nos fala vostede, Sra. Martina. Está falando dunha asistencia á cidadanía privatizada nunha empresa que está prestando ese servizo neste concello. Ese é o seu modelo. Ausentarse dos modelos de participación cidadá e na medida que os poñen en funcionamento fano privatizándoos. E, reitero, a información, vostedes poden dispoñer dela. Os rexistros e toda a documentación deste concello poden dispoñer dela como calquera outra persoa. Simplemente non se entregou, porque vostedes son moi dados a non focalizar a atención no centro de debate, que é unha aposta deste Pleno polo Regulamento de participación cidadá e por respectar o aprobado e o que aprobaron os veciños. Si é certo, como dixo o portavoz do BNG de que igual as necesidades son outras, pero os mecanismos para cambiar as decisións ou para reprobalas deben ser os mesmos, deben ser os propios veciños, en todo caso, os que se o orzamento e a proposta que priorizaron no seu momento agora non é prioritaria, deben ser eles quen o mostren. Con esta proposta que traemos ó Pleno o único que queremos é que este Pleno se pronuncie a favor da participación e do compromiso político de que as cousas que quedaron pendentes podan facerse. Nada máis.

15. PROPOSTA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE FERROL Á DECLARACIÓN DE UNIDADE A PROL DA NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTA POLA MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.- Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística, que textualmente di: "Con data 15 de xullo de 2015, ás 12:00 horas, perante ó monumento a Rosalía de Castro, na

Alameda de Santiago, tivo lugar o acto de sinatura da Declaración de unidade a prol da normalización da lingua galega, promovida pola Mesa pola Normalización Lingüística.

O texto da declaración foi proposto pola Mesa a todos os partidos de ámbito galego e di o seguinte:

"A lingua galega é a grande obra colectiva do pobo galego. A que nos une e nos identifica, a que nos dá voz propia nun mundo plural e diverso ao que queremos contribuír.

O galego é garantía de futuro, de existencia digna e próspera como pobo. O idioma é o mellor instrumento común que creamos todas e todos os galegos e unha necesidade para avanzarmos xuntas as xeracións presentes, en todos os ámbitos, na cultura, na educación, no progreso social, económico e político.

Recentes estudos de organismos oficiais voltaron pór de manifesto un preocupante retroceso social da lingua que mostra a necesidade de avanzarmos para erradicar vellos e novos prexuízos.

É preciso abrir unha nova etapa de normalidade para a lingua galega, coa implicación de todos os sectores, afirmando conxuntamente a nosa intención de aplicación, mellora e introducción de todo canto fora preciso para garantir o dereito a vivirmos en galego e conseguirmos para el verdadeira igualdade e oficialidade real, tomando como punto de partida os acordos comúns e amplos establecidos na Lei de Normalización Lingüística, na Lei de uso do galego como lingua oficial de Galiza polas entidades locais, e no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega de 2004.

Do mesmo xeito, reafirmámonos no disposto na Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos promovida en 1996 pola UNESCO e na Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas promovida polo Consello de Europa e ratificada polo Estado español en 2001, e ambas as dúas coa adhesión unánime do Parlamento Galego.

As organizacións políticas galegas, coas nosas diferentes alternativas, proxectos e ideoloxías, queremos manifestar a nosa unidade na vontade de normalizar a lingua galega e devolverlle o protagonismo que nunca debeu perder, retomando e iniciando todas as medidas e accións que foren precisas para a súa reposición, rehabilitación e plena normalidade, comprometéndonos a reactivalas e promoverlas en todas as áreas e institucións onde teñamos responsabilidade de goberno.

Santiago de Compostela, Galiza, 15 de xullo de 2015.

No 130 aniversario do pasamento de Rosalía de Castro"

Dende a Mesa pola Normalización Lingüística manteñen aberta a posibilidade de novas incorporacións.

Polo exposto, o concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística propón ó Excmo Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

- A adhesión do Concello de Ferrol á Declaración de unidade a prol da normalización da lingua galega proposta pola Mesa pola Normalización Lingüística".

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de vinte e catro votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais de Ferrol en Común, Socialista, Partido

Popular e Bloque Nacionalista Galego, fronte a un voto en contra do grupo municipal de Ciudadanos, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. MONTES CELEIRO: Solo vou dar lectura ó primeiro parágrafo do documento donde, con data 15 de xullo de 2015, ás 12, perante o monumento a Rosalía de Castro na Alameda de Santiago, tivo lugar o acto da sinatura da "Declaración de unidade a prol da normalización lingüística galega", promovida pola Mesa de Normalización Lingüística. Dita sinatura supón a recuperación do consenso entre as distintas forzas políticas, distintas forzas ou entidades sociais a prol do que debería ser a normalidade que é o uso da lingua galega. Dende o grupo de goberno chamamos ó Pleno a que tamén se sume a esta declaración.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: En Ciudadanos estamos a favor de que el gallego se normalice y avance su uso en los diferentes ámbitos de la vida de Galicia, pero el pueblo gallego tiene dos lenguas, el gallego y el castellano. Abogamos por una Galicia bilingüe. El gallego no es la única garantía de futuro ni es el único instrumento común. También está el castellano como instrumento común y garantía de futuro. Por eso no compartimos los dos primeros párrafos del texto propuesto por la Mesa de Normalización Lingüística y, en ese aspecto, vamos a votar en contra, porque creemos, Ciudadanos entiende que el texto excluye y niega una parte de nosotros mismos, de nuestra propia idiosincrasia como españoles y como gallegos, con dos lenguas vehiculares en igualdad de condiciones dentro de la Comunidad Autónoma y por ello, como repito, votamos en contra.

SRA. ESPÍÑEIRA GONZÁLEZ: Quero comezar, en primeiro lugar, mostrando a nosa satisfacción desde o grupo municipal do BNG pola rápida adhesión do Concello de Ferrol a esta declaración de unidade a prol da normalización lingüística, promovido pola Mesa, porque desde o BNG pensamos que aínda que simplemente temos este primeiro paso como un paso simbólico, que non representa máis que asinar un acordo, pensamos que isto é moi importante para conseguir o obxectivo que a maioría das persoas que queremos e que sentimos o galego poidamos conseguir unha verdadeira igualdade e unha oficialidade real para o galego, sobre todo ante os evidentes retrocesos sufridos no plano político nos últimos anos en relación á nosa lingua. O importante, desde o noso punto de vista, deste acordo, é que se faga efectivo e que non quede simplemente nunha declaración de intencións. Pensamos que é un acordo inédito, porque está apoiado pola maioría das forzas políticas que traballan en Galicia, no ámbito galego, e nese sentido conséguese unha unidade que polo que acabo de comprobar non é en xeral, hai algún grupo político que non comparte, pero pensamos que si é un bo punto de partido para traballarmos entre todos para conseguir esa normalización que queremos para o galego.

E un par de puntualizacións respecto á intervención da concelleira Masafret, porque, en primeiro lugar, o bilingüismo non existe, simplemente se afondamos un pouco nestas cuestións sabemos que o que vivimos en Galicia é unha convivencia de dúas linguas nunha situación de diglosia, non imos profundizar moito nisto pero, ó fin e ó cabo, simplemente esta declaración de intencións o que pretende é que se cumpla a legalidade e a legalidade di que a lingua propia de

Galicia é o galego e os galegos e as galegas temos o dereito de usala. Xa non a obriga, pero o dereito polo menos legalmente si que o temos. Así que dende o BNG simplemente valorar este primeiro paso para adquirir este compromiso dende o concello coa nosa lingua e simplemente comentaremos despois como o grupo municipal de Ferrol en Común presenta unha moción ó respecto dos pasos que se van seguir para aplicar esta declaración de unidade a prol da normalización lingüística, penso que é máis acaído que comentemos logo algunhas cousas respecto a algunhas matizacións que nos gustaría facer dende o BNG. Grazas.

SRA. SESTAYO DOCE: Obviamente para amosar o noso apoio incondicional e absoluto a esta proposta, a proposta de goberno, tal e como fixo ademais o PsdeG-PSOE na adhesión xa de inmediato á proposta da Mesa de Normalización Lingüística, unha adhesión que ten que ver, efectivamente, co cumprimento da legalidade e no que no seu día foi o consenso lingüístico en Galicia. Efectivamente, a legalidade, tanto a Lei de Normalización Lingüística como o propio Estatuto de Autonomía establece que a lingua propia de Galicia é o galego e que deberíamos cumprir ademais neste Pleno para dar exemplo.

Doutra banda, efectivamente, algunhas manifestacións que teñen rachado o consenso lingüístico, tales coma o chamado "bilingüismo cordial", no seu día, do Sr. Feijoo, rachando o decreto do galego, que é a imposición do decreto do galego, o decreto unilateral do galego, rompendo o consenso que existía entre as diferentes forzas e, bueno, evidentemente, sobre a Galicia bilingüe, que é un artificio ben estrano nunha realidade galega que non se dá.

SR. REY VARELA: Moitas grazas, Sr. alcalde. A verdade é que está moi ben a chamada ó consenso que fai o voceiro de Ferrol en Común. Non sei como encaixa esa chamada ó consenso con, "primeiro vamos a chamar ó consenso con este manifesto, que non elaboramos nós, e despois vamos a presentar xa unha moción para ver se rachamos o consenso". Eu creo que nestas cousas debéramos renunciar ás diferencias, como seguramente faise nesta proposta, para ser capaces de chegar a un punto común. Nós consideramos que esta é unha proposta axeitada, unha proposta que a maioría pode compartir e ese é precisamente o bilingüismo cordial que necesitamos na nosa terra. Porque é verdade que a lei, como dicía a voceira do BNG, establece o dereito, por suposto, e que a lingua propia de Galicia é o galego, pero a lei tamén establece o dereito de utilizar o castelán. Polo tanto nesta terra conviven dúas linguas, fomentar unha non quere dicir menospreciar a outra. Eso é o que nós defendemos como "bilingüismo cordial".

Xa digo, nós compartimos este espírito novo, este espírito de recuperación de consensos mínimos en torno a temas fundamentais como este e por iso imos votalo favorablemente. E, xa digo, o que non nos parece é que despois de votar isto co maior consenso posible xa se presente unha moción de parte para tratar de rachar precisamente ese consenso.

SR. MONTES CELEIRO: Bueno, xa que damos ese paso entre todos e todas para recuperar, o sea, é unha volta ó pasado, unha volta ó consenso. Se consideran que con este paso cara adiante hai que facer un receso para a seguinte moción e consideramos outro paso para

adiante, tamén podemos facelo. Bueno, estaba baixando a tensión do debate cunha broma.

Tamén, respecto ó que dixo a portavoz neste punto do BNG, Eva Espiñeira, dende a era de normalización pois estamos abertos a calquera tipo de achegas ou calquera tipo de cuestións que poidamos valorar, tanto do pleno traballo da área como nas propias Comisións Informativas para desenrolar o que poida ser esta proposta ou esta declaración ou o que consideren.

SRA. ESPIÑEIRA GONZÁLEZ: Gustaríame engadir algo. Simplemente para contestar ós últimos comentarios do voceiro do Partido Popular e tamén do grupo de Ciudadanos. Porque penso que aquí hai un problema de base para atender a esta cuestión que estamos agora aquí discutindo. Se se dan conta vostedes estamos falando dun proceso de normalización lingüística, dun servizo de normalización lingüística, dunha Lei de normalización lingüística, pero penso que non entenden vostedes o concepto de base. Falaban de discriminación respecto a outra lingua existente. Loxicamente vivimos nunha comunidade que conviven dúas linguas, pero a lei di que a lingua propia de Galicia é o galego. Estar con esta discusión trinta anos despois é un pouco subrealista neste momento. Penso que temos que avanzar e sobre todo temos os datos que nos indican a perda de galegofalantes, a perda de presenza de galego nas Administracións, en moitos outros ámbitos, que penso que estas son cuestións discutibles. Discriminación do castelán? Pero de que estamos falando?

Despois o tema do bilingüismo, da discriminación, este tipo de cousas, é que é un concepto filolóxico, non é algo discutible. Realmente en Galicia temos unha situación que non é de bilingüismo e moito menos de bilingüismo harmónico, cando hai unha lingua que está relegada, a lingua propia e natural do país está relegada a certos usos e outra lingua que se utiliza para o outro. Simplemente o que se discute con esta declaración, o primeiro paso que dá o Concello de Ferrol adscribíndose a esta declaración de unidade é cumprir a lexislación vixente e penso que todos debíamos partir dese punto para logo seguir traballando, pero cumprir a lei, por favor. Nada máis.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Gracias. Vamos a ver. Muy breve y por alusiones simplemente. Yo manifestar que el bilingüismo es yo creo que el punto de partida ideal, efectivamente. Que aquí en Galicia ha habido un detrimento del gallego frente al castellano. Pues quizá y hay que hacer, efectivamente, intentar normalizarlo y tomar medidas positivas. Ahora bien, dicho eso, vuelvo a repetir, yo creo que los tres primeros párrafos del texto, no es por otra cosa. Yo sí participo que el gallego es una garantía de futuro, pero también el castellano. Entonces, en ese sentido, por eso, bueno, claro, son discrepancias que en este caso no nos pueden aunar y, en todo caso, decir que la Constitución española es la norma que prima fundamentalmente en todo este tema y en su artículo 3 es bien clara. Entonces.

Y otra cosa más, también para manifestar, en cuanto al comentario que hizo la portavoz del grupo Socialista, es que cumplir con la obligación en el Pleno. Vamos a ver, la libertad individual, quiero decir, de hablar en un idioma o en el otro, no puede imponerse una obligación de cumplir en un Pleno que yo hable una lengua ahora

mismo o hable la otra, más cuando a lo mejor tampoco la controlo lo suficiente. Pero, en todo caso, la discriminación no tiene que ser ni el castellano ni el gallego, tiene que ser un bilingüismo armónico, efectivamente, y nada más. Por eso mismo Ciudadanos, aunque quizás del resto del texto pueda compartir muchas de las inquietudes, en ese aspecto, en esos otros aspectos, no está de acuerdo. Gracias.

16. DAR CONTA DAS VÍTIMAS MORTAIS POR VIOLENCIA DE XÉNERO, DENDE O 21 DE MAIO ATA O 15 DE XULLO DE 2015.- Examinada a proposta que eleva a Concelleira delegada de Servizos Sociais, que textualmente di: "Ao abeiro dos datos proporcionados pola "Delegación del Gobierno para la Violencia de Género", a concelleira que subscribe dá conta ao Pleno da Corporación do número de mulleres falecidas por mor da violencia de xénero, dende o 21 de maio ata o 15 de xullo de 2015:

1.- Número de mulleres falecidas entre o 21 de maio e o 15 de xullo de 2015: 9."

A Corporación deuse por enterada.

17. PROPOSTA DE APOIO Á SOLICITUDE DO CLUBE PRAIA DE PANTÍN PARA A DECLARACIÓN DO EVENTO "PANTÍN CLASSIC PRO" COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.- Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Deporte e Turismo, que textualmente di: "Con data 25/06/2015 (RE nº39992 e 39993) o Club Pantín Classic presenta sendos escritos solicitando o apoio do Concello de Ferrol á iniciativa deste club para a declaración do evento Pantín Classic Galicia Pro como festa de interese turístico de Galicia.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia, valora positivamente calquera elemento que contribúa a mellorar a oferta lúdico-promocional de turismo en Galicia, incluíndo entre outros, aos eventos deportivos, como demostración da acollida e hospitalidade aos turistas que visiten Galicia.

O artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia enumera, como requisitos que deben concorrer para a dita declaración, a antigüidade, singularidade, arraigamento, valor cultural e continuidade no tempo.

A realización do evento Pantín Classic constitúe un referente deportivo e turístico para todo o xeodestino de Ferrolterra, tendo Ferrol un papel protagonista como o demostran os seguintes datos:

1. A gran afluencia de público estimada entre 30.000 e 35.000 persoas convirte á comarca e por extensión á cidade de Ferrol, nun referente deportivo e dinamizador da economía.

2. O maior número de visitantes galegos que recibe este evento proceden do Concello de Ferrol, o que se traduce nunha implicación moi grande da cidadanía ferrolá con este evento.

3. A estancia media dos visitantes nacionais e internacionais é superior a 3 días coa conseguinte necesidade de aloxamento, sendo Ferrol un dos Concellos elixidos para pernoctar.

4. A presenza continua do evento nos medios audiovisuais, prensa escrita, internet e medios sociais da lugar a un maior coñecemento deste evento e por extensión da comarca de Ferrolterra e do noso Concello en particular.

5. A realización de 27 edicións consecutivas, estando activa a 28º para este 2015, da lugar á consideración deste evento como un referente estival, coñecido en todo o mundo.

Por outra parte, o artigo 5.c) da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia, enumera entre as competencias dos Concellos a de promover a declaración de festas de interese turístico.

No artigo 10 do mencionado Decreto 4/2015 regúlase o procedemento para a dita declaración e recoñécese expresamente a posibilidade de que a solicitude parta dunha entidade de carácter privado.

Á vista do exposto, considerando que neste Evento concorren todos os requisitos necesarios para acadar a consideración de Festa de Interese Turístico de Galicia e sendo esta proposta ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de Cultura, Ensino, Deporte e Turismo de data 24/07/2015 é polo que propoño:

Único.- Que o Concello de Ferrol apoie expresamente a solicitude do Clube Praia de Pantín para a declaración do evento PANTÍN CLASSIC GALICIA PRO como Festa de interese turístico de Galicia."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. DÍAZ DOCE: Hola, bos días a todos e a todas. Traemos hoxe aquí esta proposta atendendo á solicitude feita, como xa se mencionou, atendendo á solicitude feita dende o Club Praia de Pantín, na súa intención de solicitar ante a Xunta de Galicia a declaración do evento do "Pantín Classic Galicia Pro", como festa de interese turístico galego. Na propia normativa que regula esta cuestión, tanto a Lei de turismo de Galicia como o Decreto 4/2015, donde se regula o procedemento para a declaración de Festa de Interese Turístico, recóllese a posibilidade de que unha entidade de carácter privado, como é neste caso esta asociación, poida ser promotora desta solicitude perante a Xunta de Galicia e o que solicita o Concello de Ferrol é apoio institucional nesta solicitude. A propia normativa, no seu artigo nº 11.c) establece como dentro da documentación que se presentará neste procedemento de solicitude de declaración de Festa de Interese Turístico Galego, que se incluírá dentro da documentación o acordo do Pleno do concello ou concellos nos cales se celebre a festa ou o acontecemento en cuestión. Neste caso teño mantido conversas co Concello de Valdoviño, que ademais de amosar o seu apoio a esta iniciativa, creo que ten a intención tamén de converterse mesmo en promotor e impulsor da mesma. En todo caso ata o momento o que facermos é atender unha solicitude desta asociación en tanto que estamos ante un evento que máis aló da súa repercusión e da súa importancia, neste ano cumpre a súa vixésimo oitava edición e, xa digo, que máis aló da importancia en particular do evento, o seu

vencellamento coa nosa cidade dende a súa orixe ata o día de hoxe, pois plantándose dende esta cidade a semente do seu nacemento e tamén do surf no entorno, na colaboración que se vén facendo dende o seu inicio e tamén no retorno económico que este evento, a práctica do surf, ten en diferentes eidos da nosa cidade, entendemos a importancia da declaración de este evento, polo tanto do apoio institucional do concello a esta solicitude en tanto ademais o produto surf está sendo desenvolvido como liña de acción prioritaria no marco das accións que no ámbito do turismo se están desenvolvendo tamén na Comunidade, logo de diferentes estudos nos que a nivel, xa digo, da Mancomunidade, se ten detectado como un elemento cun amplo potencial no que ten que ver coa promoción turística, non só da nosa cidade senón tamén da Mancomunidade. Gracias.

SRA. MARTÍNEZ GALDÓS: Muchas gracias, Sr. alcalde. En primer lugar, manifestar el apoyo del grupo municipal del Partido Popular a la solicitud del Club Playa de Pantín para que el evento Pantín Classic Pro sea reconocido Fiesta de Interés Turístico de Galicia. Apoyo que se basa en el hecho de que el Pantín Classic Pro es la única prueba clasificatoria del circuito mundial de surf que se celebra en España. Consideramos el deporte activo como una fuente de ingresos muy importante para nuestra comarca, que puede y debe mejorar en muchísimos aspectos. Por ello entendemos que el reconocimiento del Pantín Classic Pro como Fiesta de Interés Turístico de Galicia servirá para que en un futuro se utilice como un instrumento de promoción de todo el geodestino de Ferrolterra. Apoyamos en estos últimos cuatro años este evento, tanto del punto de vista deportivo como turístico, principalmente por su magnífica puesta en escena, por su estética, por su ambientación y adecuado entorno, pero también porque Galicia es un claro destino de surf. Más de un 47% de los españoles que practican este deporte eligen Galicia como destino. La estancia media de las personas que acuden al evento es de 3,1 días y el geodestino de Ferrolterra aloja un 78,8% de los visitantes. Además existe un elevado número de personas que organizan sus vacaciones de verano para acudir al Pantin Cassic y conocer sus alrededores, quedándose en estos casos una media de 5,2 días por la comarca. Estancias que suponen una fuente de ingresos para la comarca de un gasto medio por asistente de 26,22 euros por día, correspondiendo 20 euros por día a los gallegos, al gasto de los gallegos y más de 40 euros al resto de españoles y extranjeros que nos visitan.

Y ya para finalizar, señalar que el deporte en general y el surf en concreto en particular, es una forma de entender la vida, de vivir en consonancia con la naturaleza, que todo concello debe apoyar y si bien la función esencial de los concellos en materia deportiva es apoyar a la base, no hay que olvidarse que los grandes eventos y los grandes deportistas son los espejos donde se reflejan nuestros pequeños.

Y luego, respecto, y ya no me quiero extender más, a lo manifestado por el Concelleiro de Deportes, entendemos también que cumple todos los requisitos del decreto establecido para que sea esta fiesta reconocida de Interés Turístico de Galicia. Por eso, por mi parte ya nada más. Gracias.

SR. ALCALDE: Quere plantexar unha cuestión de orde, Sr. Rey?

SR. REY VARELA: Si, moitas gracias, Sr. alcalde. É unha cuestión de orde por algo que acaba de suceder no Pleno. O Pleno é unha institución, unha institución rexida polo seu Presidente, e hai unhas normas de substitución do Presidente. Cando o Presidente se ausenta a súa substitución é por parte, salvo que cambiara algún decreto de delegación, da primeira Tenente de Alcalde. Dígollo porque é importante respectar as formas, non vaia a ser que despois esto se contamine tamén na tramitación dos expedientes.

SR. ALCALDE: Tomamos nota da súa atenta observación. Esperamos que non volva a acontecer e estamos seguros que nos expedientes non vai pasar esto.

Despois desta importante cuestión de orde, procedemos á votación da proposta.

18. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE A PROBLEMÁTICA DA AUGA.- Examinada a moción que presenta o grupo municipal do BNG, que textualmente di: "O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de conformidade co disposto no artigo 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol, e co artigo 97.2 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte moción ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

Exposición de Motivos

A situación vivida na nosa cidade derivada da problemática no abastecemento de auga e que mantivo sen poder consumir auga da rede de traída tanto ao noso concello como aos catro aos que se lles subministra auga desde a empresa mixta de Ferrol puxo en evidencia numerosas eivas no tocante ás condicións -infraestruturais e sanitarias- na que se está a prestar o devandito servizo como tamén no relativo á xestión de situacións que, como a que padecemos hai varios días, obrigaron a adoptar medidas extremas que afectaron á normal prestación do servizo á cidadanía.

A situación de emerxencia vivida puxo en evidencia cuestións que compe aclarar e deixou moitas dúbidas sobre as causas da mesma polo que compe, desde as administracións implicadas, resolver as cuestións que se revelaron como sorprendentes na xestión desta crise.

É incomprendible, así mesmo, a pasividade mostrada ao longo destes anos nas súas labores de inspección e control deste servizo por parte da Xunta de Galiza.

Son moitas cuestións que ficaron no ar e que están pendentes de aclarar como por qué o Alcalde de Ferrol como presidente do consello de administración de EMAFESA non convocou unha reunión urxente dese consello de administración para adoptar as medidas necesarias e garantir o suministro aos veciños e veciñas. Por que desde o día 29 de Xuño, data do primeiro informe, pasan 15 días até o anuncio das restriccións. Por que EMAFESA non comunicou os resultados ao Concello nos que se advertía de niveis perigosos cando ten a obriga de facelo.

Por que as análises de EMAFESA se fan nun laboratorio de Castellón existindo laboratorios próximos con capacidade para elaboralos e co retraso que supón nos tempos da súa elaboración. Por que as análises de outras empresas tardan 2 ou 3 horas e as elaboradas pola empresa mixta de augas de Ferrol 24h ou os motivos polos que porque o Concello de Ferrol segue recurrido a un sistema de potabilización baseado no cloro que pode provocar a xeración deste tipo de compostos canceríxenos como os detectados nestes días si non é por cuestións estritamente económicas podendo recurrir a sistemas alternativos como o ozono, tal e como acontece en concellos como Valdoviño, que non producen estes compostos perxudiciais para a saúde.

Ademais compre coñecer as causas reais de por que non se activou a rede que enlaza co suministro da cidade procedente do río Belelle pertencente ao Mº de Defensa e que debería estar operativa para casos de falla de suministro, déficit de auga ou situacións de emerxencia como esta.

Todo isto lévanos á conclusión de que é imprescindible iniciar un proceso de cara a remunicipalización inmediata do servizo de Augas do Concello de Ferrol.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG somete para a toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

1.- Instar ao Goberno Local a iniciar o proceso de remunicipalización do servizo de augas do Concello de Ferrol.

1.1 Desenvolvemento dunha auditoría para determinar o estado de conservación e mantemento das infraestruturas.

1.2 Desenvolvemento dunha auditoría para determinar os procedementos de contratación da empresa e os seus resultados económicos.

2.- Ordenar o detrimento no recibo da auga dos costes provocados polos perxuizos xerados aos veciños e veciñas.

3.- Iniciar un proceso para desenvolver sistemas de potabilización de auga no Concello de Ferrol alternativos ao empregado na actualidade.

4.- Instar ao Alcalde a efectuar unha convocatoria da Mancomunidade co fin de abrir un debate ao respecto da xestión da auga nos concellos, partindo da idea de mancomunar o devandito servizo; como xeito de garantir tanto as disfuncións que se producen na xestión do mesmo (prezos, medios..) como tamén unha actuación coordinada e uniforme en casos como o que acaba de acontecer.

5.- Instar ao goberno a constituír unha comisión de investigación para aclarar o acontecido na situación que provocou a falla de servizo de abastecemento.

6.- Instar ao Goberno local a demandar do Ministerio de Defensa o uso da súa rede de subministro de auga en casos de emerxencia, sequía ou falla de abastecemento na rede xeral.

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria, realizada de forma individual para cada un dos puntos da proposta de resolución, acordou aprobar a moción transcrita, co seguinte resultado:

Punto 1.- Aprobouse por maioría de trece votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais de Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego, fronte a once

votos en contra, correspondentes ó grupo municipal do Partido Popular e unha abstención do grupo de Ciudadanos.

Os puntos: 1.1, 2, 4 e 5, aprobáronse por unanimidade dos Sres./as. asistentes.

O punto 1.2.- Aprobouse por maioría de catorce votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos de Ferrol en Común, Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ciudadanos fronte a once votos en contra do grupo municipal do Partido Popular.

O punto 3.- Foi aprobado por maioría de trece votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais de Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego e doce abstencións dos grupos municipais do Partido Popular e de Ciudadanos.

E o punto 6, coa seguinte redacción: "O Concello de Ferrol insta ó Goberno Local a demandar do Ministerio de Defensa o uso das súas redes de subministro de auga e a posta en funcionamento, no seu caso, en situacións de emerxencia, sequía ou falla de abastecemento na rede xeral", foi aprobado por maioría de catorce votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais de Ferrol en Común, Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ciudadanos e once abstencións do grupo municipal do Partido Popular.

DELIBERACIÓN

SR. RIVAS RICO: En primeiro lugar unha cuestión de orde. Non sei se considera acaído que debatamos as dúas mocións en conxunto, dado que vamos a falar do mesmo tema, aínda que sexan cuestións diferentes e pola miña parte non tería problema en facelo, non sei se o resto de grupos o considera así ou se se prefire facer un debate por separado. A min dáme igual. Eu creo que sendo o mesmo tema a tratar e sendo unha proposta coincidente en algún aspecto é o que procede.

Moi ben. Bueno, entón, dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos que tras o conflito vivido na cidade pola contaminación da auga da traída existen cuestións que cómpre clarificar na maior brevidade posible e das que ademais o actual goberno municipal non debería fuxir, da mesma maneira que non o debería facer a Xunta de Galiza e asumir as responsabilidades polo feito da súa pasividade ó longo de todos estes anos nas súas labores de inspección e control deste servizo no Concello de Ferrol. En todo caso, consideramos que isto debe dar pe a diferentes cuestións e que non se van a resolver mediante decisións que séguense a circunscribir ó ámbito das apariencias, que seguen a ser meras declaracións de intencións como a decisión deste goberno de asumir ou de desenvolver a remunicipalización do servizo de augas do concello mediante a sinatura dunha especie de manifesto ou a integración nunha especie de asociación asesora como é AEOPAS. Non creo que isto sexan as decisións que por parte deste goberno se deban tomar e por eso desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que é preciso que tanto

para acadar esa remunicipalización do servizo como para previr e resolver problemas derivados da actual xa chamada crise da auga, como digo, é preciso que tomemos decisións concretas e acordos concretos. Teríamos que acadar o feito de por que desde o actual goberno municipal e co Alcalde xa en funcións non se convocou, como é competencia del mesmo, un Consello de Administración urxente por parte deste actual goberno. Deberíamos aclarar tamén por que a empresa Emafesa non comunicou os resultados ó concello nos que se advertía deses niveis perigosos, cando consideramos que debería ter a obriga de facelo. Pensamos que o feito de que non se puxera a disposición do Concello de Ferrol unha potabilizadora, como si se fixo noutros concellos, tamén debería ser algo polo cal se deberían dar explicacións ós veciños e veciñas desta cidade. Explicar cales son os motivos polos que as análises que se fan por parte da empresa que xestiona este servizo no momento actual se desenvolven en laboratorios de Castellón ou de Valladolid, existindo laboratorios máis próximos e con capacidade para elaboralos e que isto supón ademais un retraso na súa elaboración e polo tanto na súa análise. Outros concellos facían este tipo de análise en dúas-tres horas, cando aquí, xa por non entrar na cuestión dos cinco días, estábamos a tardar vinte e catro horas e deberíamos incluír isto tamén dentro dun proceso de análise de cal é a maneira en que unha empresa, neste caso con participación pública, con un 51% de participación pública, establece os seus contratos, as súas subcontratas e os seus procedementos de xestión externa para cumprir coas súas obrigas. Tampouco sería malo que empezáramos a entender por que este concello continúa a desenvolver unha potabilización baseada no cloro, cando sabemos que xenera este tipo de compostos e non encamiñamos este servizo cara a outros produtos, como si acontece noutros concellos próximos ó de Ferrol. Aclarar ademais se a única razón é unha razón económica, porque parece que esta é a única razón pola cal se seguen a utilizar estes produtos, porque ademais non existen sistemas alternativos para situacións de emerxencia ou de sequía ou de escasez de abastecemento neste concello que poidan paliar situacións coma esta, existindo ademais unha rede de abastecemento propiedade do Ministerio de Defensa e que ten conexión coa rede de suministro do Concello de Ferrol e deberíamos aclarar por que informes de carácter urxente, que deberían ter a obriga de desenvolverse vinte e catro horas despois de que tivéramos coñecemento do primeiro, ou de que a empresa tivera coñecemento do primeiro informe, por que eses informes de confirmación tardan máis de sete días. Estas cuestións eu creo que é básico que as aclaremos e non sabemos como pretende facer este goberno municipal cando non ten previsto nin ten aprobada a constitución de ningunha Comisión de investigación para que isto aconteza. É por eso que unha das cuestións que nós plantexamos na nosa proposta é a constitución desa Comisión de Investigación, para que aclaremos todas estas cuestións, ademais de demandar por parte deste concello e por parte do actual alcalde, do actual goberno municipal, ó Ministerio de Defensa o uso da súa rede para situacións de emerxencia como a que as que acabamos de vivir e como obxectivo a medio prazo, acadar esa remunicipalización desenvolvendo medidas concretas. Nós pensamos que hai dúas cuestións que son obvias e que

parece evidente que deberíamos asumir desde o actual concello. Por unha parte desenvolver unha auditoría para saber cal é o estado de conservación, cal é o estado de mantemento das infraestructuras que prestan este servizo ó Concello de Ferrol, saber se os investimentos que se teñen que desenvolver por parte da empresa se teñen desenvolvido ó longo do tempo, se isto se está a facer en base ó contrato que se ten con esa empresa e en base ós pregos que se teñen asumido por parte da empresa e por parte do Concello de Ferrol e, unha segunda cuestión, que é analizar cales son os resultados económicos desta empresa, se eso se pode facer dunha maneira máis eficaz, cal é a maneira en que se proceden a desenvolver eses contratos, cal é a maneira en que eses procedementos externos se executan e se isto, asumindo desde a actual Administración Local, asumindo que isto debe ser un servizo público, permitiría que o servizo de abastecemento de auga do Concello de Ferrol fose un servizo máis eficaz e estivera en función das necesidades dos veciños e veciñas desta cidade. Pensamos, ademais, que recurrir exclusivamente a constituír unha Comisión para valorar a integración nun ente asesor, como é o AEOPAS, ademais que ten a súa orixe na Deputación de Córdoba, que pode estar moi ben, pero consideramos que é bastante alonxado da nosa realidade acuífera, pois asumir que constituír esa Comisión, integrarse nesa asociación ou asinar o pacto social da auga, consideramos, sinceramente, que non son as mellores decisións que por parte deste goberno municipal se deberían adoptar, nin creo que vaian a resolver ningún dos problemas que existen respecto dunha situación que hai unhas semanas alertou a moitos dos veciños e veciñas desta cidade. Moitas grazas.

SR. ALCALDE: Bueno, ó ser o debate de dúas mocións conxuntas, a outra moción que presenta o grupo municipal de Ferrol en Común, pero que en realidade é na intención do goberno, dámoslle a intervención ó Sr. Díaz, Concelleiro de Servizos.

SR. DÍAZ DOCE: Sen prexuízo de valorar tamén a moción presentada polo Bloque Nacionalista, que farei tamén, no sentido de defender a proposta presentada por Ferrol en Común, en nome dos grupos que apoian este goberno, o que direi, en todo caso, é que a proposta que levamos non é excluinte coa proposta ou coas propostas que se plantexan desde o Bloque Nacionalista Galego. De feito algunhas desas cuestións son tamén cuestións que se teñen iniciado dalgún xeito dende o goberno co obxectivo de poñerse en marcha tamén. En todo caso, en relación concreta coa proposta, coa moción presentada e que inclúe tres puntos: Un primeiro punto que fala da adhesión do pacto social pola auga pública. Un segundo punto, que fala da incorporación do Concello de Ferrol como socio á Asociación Española de Operadores Públicos de Abastecemento e Saneamento, AEOPAS. E un terceiro punto, que fala da constitución dunha Comisión de Seguimento para o desenvolvemento dese Pacto Social pola Auga, que non ten que ver, en todo caso, con esa Asociación Española de Operarios Públicos de Abastecemento e Saneamento.

Xa digo, sen entrar inicialmente nas cuestións plantexadas na moción do Bloque Nacionalista Galego, falando exclusivamente desta moción en concreto, con estes tres puntos, o que entendemos, en todo caso, é que o Concello de Ferrol ten que ser parte activa nun proceso

xeral, no que se está producindo unha tendencia en diferentes concellos de España e concellos ou entes doutros Estados que ten que ver coa remunicipalización ou coa volta ó ámbito público de determinados servizos que teñen que ver co ciclo da auga que nun determinado momento pasaron a estar controlados de xeito importante por iniciativas privadas. A xustificación, en todo caso, serviría, por un lado, na consideración da auga como un dereito humano, universal e esencial, como así está recoñecido pola Resolución das Nacións Unidas do ano 2010 e toda vez que estamos falando pois, insisto, dun dereito humano, universal e esencial, entendemos que o concello, que é quen ten a competencia de suministrar ese servizo ó conxunto da cidadanía, pois debe ser parte activa nun proceso, xa digo, global, de volta a mans públicas da xestión dun dereito humano universal esencial.

Nun determinado momento, estamos falando de principios dos anos 90 e nun marco económico ideolóxico determinado, na Declaración de Dublín do ano 90 considerouse, no principio rector nº 4, dicíase que "a auga ten un valor económico en todos os diversos usos, en competencia ós que se destina e debería recoñecerse como un ben económico". Precisamente a súa consideración como ben económico e a súa consideración como dereito humano, entendemos que fai obrigatorio a súa xestión dende o ámbito público, toda vez que moito se ten falado das interferencias que a intervención pública ten pois nos mercados competitivos ou nos mercados en xeral, sen ser competitivos, pero menos se ten falado das interferencias que eses mercados ou que os mercados non competitivos teñen no ámbito da intervención que, en todo caso, debe desenvolverse dende o ámbito público no sentido da regulación, do marco regulatorio, para garantir precisamente que os mercados competitivos funcionen. Pois en todo ese marco enténdese esta proposta, xa digo, compatible coas propostas -que valoraremos tamén- presentadas na moción do Bloque e que, en todo caso, o que se inclúe ademais é a incorporación ó organismo que neste ámbito máis e mellor está traballando no noso país, como órgano asesor nun proceso que iniciamos, pero que ten un obxectivo de remunicipalizar en concreto os servizos prestados na nosa cidade e, por outra parte, constituír unha Comisión que permita que todos eses compromisos xerais e ideolóxicos pois poidan ser levados a cabo na práctica con cuestións concretas.

Particularmente, e falo xa das diferentes propostas que se fan na moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego, estamos de acordo coa proposta de facer unha auditoría de conservación e mantemento dos procedementos de contratación da empresa que presta o servizo na nosa cidade. Así tiñamos intención de facelo tamén, outra cuestión será en que forma se materializa esa auditoría. Un dos problemas que atopamos no concello, toda vez que se ten descapitalizado o capital humano, público, nos diferentes concellos, como consecuencia das políticas que nestes últimos anos se teñen adoptado, é precisamente pois a ausencia de determinado capital humano que permita facer este tipo de controis e auditorías dende o ámbito público. Entón o que temos, en todo caso, é que artellar o mecanismo axeitado para facer esas auditorías, tanto de conservación

e mantemento das instalacións da empresa que suministra ese servizo á nosa cidade como dos diferentes procedementos de contratación.

Respecto á cuestión do detraimento do recibo, unha cuestión que se ten xa anunciada e que existe esa intención, así se transmitiu xa, co cal é unha cuestión que xa foi abordada tamén por este goberno.

Respecto á cuestión dos sistemas de potabilización alternativos. Eu entendo que se fala dunha auditoría de conservación das instalacións e dos procedementos de contratación, habería que falar tamén dunha auditoría ou dunha avaliación de cales serían, en todo caso, os mellores sistemas de potabilización e cal sería, por tanto, o sistema de potabilización que deberíamos ter implantado na nosa cidade, máis aló dos custos de cada un deles, porque existen diferentes opinións técnicas nese sentido. Non me vexo capaz de facer esa valoración, pero, bueno, si que nas conversas que puiden manter durante estes días con diferentes expertos na cuestión, todos eles amosan os inconvintes que poden presentar diferentes sistemas de potabilización, que no caso do sistema de potabilización con cloro que temos na nosa cidade, cando existe un problema se materializa nese elemento como é o trihalometano, pero noutros sistemas de potabilización que teñen as súas bondades, os problemas poden ser materializados noutro tipo de paramentos noutros niveis. É dicir, todos eles teñen as súas bondades e os seus prexuízos. Eu entendo que habería que facer tamén unha valoración técnica e económica de cal sería o mellor sistema de potabilización e, por tanto, nese marco, dunha auditoría xeral de conservación e mantemento das instalacións e dos procedementos de contratación da empresa.

Respecto do tema da reunión da Mancomunidade é algo que nesa primeira reunión da Mancomunidade xa se tratou, así se manifestou, de feito onte houbo unha reunión en Santiago, onde estivo o Alcalde de Ferrol e o Alcalde de Narón, na que en conversas con Augas de Galicia se tratou, precisamente, unha xestión mancomunidade de determinados servizos, nun proceso que, obviamente, é complexo e que hai que iniciar e que, en todo caso, entendo que se vai seguir tratando en próximas reunións da Mancomunidade. Aclarar tamén, respecto do tema do Consello de Administración, que creo que tamén se transmitiu estes días, porque precisamente o martes, no que tivo lugar a xunta de accionistas de Emafesa, non se puido celebrar o Consello de Administración, toda vez que había un membro designado por este Pleno que tiña presentado un escrito no que a renuncia non se facía de xeito inequívoco e, polo tanto, non se puido reunir o Consello de Administración de xeito oficial, si a xunta de accionistas e, polo tanto, quedou pendiente a reunión dese Consello unha vez que se resolvese o tema do nomeamento.

E, por outro lado, respecto da última cuestión que se plantexa na moción do Bloque Nacionalista Galego, que fala do tema do Ministerio de Defensa, aclarar tamén que no marco deste proceso que vivimos dende o día 16, foi unha das cuestións que se puxeron encima da mesa, pero actualmente o propio Ministerio de Defensa, as instalacións de Defensa na nosa cidade nótrense da auga das Forcadas e que lles suministra o Concello de Ferrol ou Emafesa neste caso, toda vez que esa rede de suministro que noutro tempo estivo en activo non se atopa en activo nestes momentos debido a diversas

infraestructuras que nos últimos anos se foron construíndo e que supuxeron que nesa rede, en todo caso, teríanse que levar diferentes actuacións para subsanar obstáculos que impediron que estea actualmente en funcionamento. E respecto dalgunhas aclaracións, no sentido das auditorías que se fala, se transmitiu na Comisión Informativa da semana pasada a intención dende este goberno de constituír unha Comisión de seguimento e avaliación periódica das relacións con Emafesa, na que tanto técnicos do concello como técnicos que puideran asesorar ó concello, como o persoal técnico de Emafesa, incluso aberta a participación dos grupos municipais do concello, poidan facer un seguimento periódico, un control periódico pois de todas estas cuestións que se plantexan respecto á situación das instalacións, ós procedementos técnicos e ós medios técnicos utilizados, os procedementos administrativos, etc., como un órgano a maiores de control e seguimento da actuación de Emafesa no futuro, que non existía e, en todo caso, como xa se transmitiu tamén, o motivo polo cal dende a empresa non se suministró información en relación co proceso e coa crise que vivimos eses días, pois, obviamente, non podemos dar os motivos, o que si xa se transmitiu tamén, é que o que se cumpriu eran os protocolos escritos, por dicilo dalgunha maneira, existentes hasta ese momento. O que tamén temos manifestado é a nosa intención de articular protocolos adicionais que en todo caso garantan que a partir deste momento en situacións semellantes a información chega ó concello antes que chega a ningún outro sitio ou polo menos ó tempo que chega a outras institucións interesadas. Respecto ó resto das cuestións que teñen que ver co tema das analíticas, etc., xa se informou tamén e tamén se vai incluír no novo marco de relacións coa empresa que en todo caso o que non pode suceder é que cuestións que non teñen que ver con cuestións técnicas ralenticen a chegada do resultado das analíticas á noca cidade. Así se vai incluír esa cuestión tamén, xa digo, nun novo marco, nun novo documento que regule as relacións do concello como entidade que posúe o 51% da empresa Emafesa coa empresa en si e coa parte privada que xestiona a empresa neste momento. Grazas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Gracias. Vamos a ver, el agua, como bien escaso y de vital necesidad, debe ser gestionada de manera eficaz. La crisis problemática que hubo en Ferrol en estos días últimos con respecto al problema de valores nocivos, no más bien nocivos, sino no recomendables para su uso, nos obliga o nos da la necesidad de revisar de forma extensa los procedimientos de control en la potabilidad del agua, dado que es una cuestión de salud pública. Desde Ciudadanos creemos que se ha utilizado dicha crisis de manera poco ética en muchos casos, en un intento de culpabilizar a una y a otra Administración y en muchos casos primando el juego político y el oportunismo. Han sido muchos los errores detectados y que se han producido en estos días. Efectivamente, como señala la moción del BNG, no resulta comprensible que Emafesa, como empresa concesionaria y según su Real Decreto que la regula, debe informar a la Xunta y no al Concello de los valores superiores a los normales. Resulta también intolerable que los plazos de los análisis de agua se demoraran desde el día 6 de julio hasta el 13 de julio, cuando eran análisis de carácter urgente. Resulta inexplicable que la red

supletoria de suministro procedente del Río Belelle no estuviera operativa. Todo ello puede servir ahora para reflexionar y estudiar las medidas concretas que debamos de tomar. Se deben estudiar distintas maneras de potabilización del agua, teniendo en cuenta criterios de salud y no económicos. Yo no me atrevería ya a decir, efectivamente, que un criterio del cloro o del ozono sea mejor o peor, porque ahí tienen que ser los expertos y la valoración de a qué puede llevar, con el tipo y ese consumo y esos componentes, sobre la salud humana. En todo caso y dentro de las medidas propuestas por el BNG y por Ferrol en Común, lo que tengo que decir y analizando concretamente una a una es que instar al gobierno local a iniciar el proceso de remunicipalización del servicio de agua de Ferrol... Bien, desde Ciudadanos no estamos ni a favor ni en contra y me explico. Entendemos que se debe instar al gobierno al estudio de los costes de uno y otro sistema, dentro de un nivel de calidad que en ambos casos tiene que ser igual, no puede ser distinto porque, como digo, son problemas de salud pública y no de economía. Entonces lo que habrá que estudiar, lo que entendemos es que remunicipalizar dentro de los mismos costes y de los mismos estudios de salud es más viable que el mantenerlo privado, pues así se hará. Ahora, que tiene que haber estudios, de una cuestión y de la otra. Es lo que entendemos.

En cuanto a las auditorías, efectivamente, estamos de acuerdo en ellas. En cuanto a ordenar el descuento en el recibo del agua de los costes provocados por los perjuicios generados, entendemos que debería ser lógico, si no instantáneamente sí en futuras fechas próximas también.

En cuanto, repito, a iniciar un proceso de desarrollar esos temas de potabilización alternativos, pues, bueno, se nos tendrá que explicar cuál puede ser el mejor y no desechar el cloro, porque a lo mejor el ozono es igual o peor. Es que yo ahí creo que tiene que haber técnicos que nos expliquen sobre la materia y quizá recomienden cuál es el sistema mejor.

En cuanto a convocar a la Mancomunidad, también estaríamos de acuerdo, la Comisión de Investigación también.

Y en cuanto a demandar al Ministerio de Defensa el uso de su red de suministros en caso de emergencia. Claro, yo aquí más bien ha sido por problemas técnicos que nos han explicado que no ha podido ser así, entonces, quizás habría que solventar esos problemas para que, me imagino que el Ministerio de Defensa no tendrá ningún problema en que una vez se arreglen esos problemas se pueda, efectivamente, en caso de emergencia, suministrar y garantizar el suministro.

En todo caso, es importante y como Ciudadanos no cree que sea "si remunicipalización" o "no", sino que hay que mirarlo y estudiarlo, es por lo que vamos a abstenernos.

SR. MONTES CELEIRO: Dende Ferrol en Común e tamén dende o goberno municipal entendemos que hai unha alta porcentaxe de cuestión política no que sucedeu co problema da auga de Ferrol. Dende o grupo municipal nos sentimos certamente maltratados co tema de comunicación que levou a Xunta con este goberno e con esta cidade, que moitas veces vostedes falan do interese de Ferrol por encima de calquera outra cuestión. Non consideramos de recibo, e así llo dixemos á

Delegada Territorial de Sanidade, primeiro, que tardara corenta e oito horas en vir á cidade, logo que tras reiteradas peticións de información non nos dera resposta, que nos tivéramos que enterar de analíticas pola páxina Web un día e o segundo día que nos tivéramos que enterar de analíticas nunha rolda de prensa. As sucesivas peticións de información que lle pedimos eran cuestións tan básicas como se entrou ou non no Rexistro unha alerta que estaba decretada no encoro das Forcadas dende o 20 de maio. Pregunteillo persoalmente catro veces neste concello, pregunteille un par de veces no edificio administrativo da Xunta e non deu resposta. A única resposta desa señora foi que oíra falar de min e un adxetivo que tivo cara á miña persoa, que non vou repetir. Entón, primeiro, vén a Ferrol sen a información requirida, pero si trae información sobre min, o cal me halaga moito.

En segundo lugar, nós temos as entradas en Rexistro do Concello de Ferrol. No 2014 si entra unha alerta do encoro das Forcadas por presenza de cianobacterias materia orgánica. Dende o 20 de maio que está esa alerta decretada non entra nada no Rexistro.

A continuación voules ler algunha cuestión técnica. Datos sacados da páxina Web do SIAM CMATI XUNTA, o sea, Medio Ambiente-Xunta. Teño datos dende o 2011, -bueno, teño eu e ten calquera que entre na Web- donde hai presenza de cianobacterias, clicistinas que multiplican por cen os datos que hai en maio ou en xuño. Son datos reais. Paralelamente a isto temos un protocolo de actuación, sacado da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Actuacións nos abastecementos de auga de consumo público que captan dun encoro con risco de crecemento de cianobacterias. O encoro das Forcadas non é que tivera risco, é que estaba en alerta. En alerta, que se repasamos os datos dos últimos catro ou cinco anos é un encoro cunha marcada tendencia á alza da materia orgánica. E di o protocolo de abastecemento que as recomendacións da Organización Mundial da Saúde, en canto ás medidas axeitadas de eliminación de microcistinas, son a filtración granular con carbón activo e o tratamento de pre ozonización. No caso de que non existan eses tratamentos, a Xefatura Territorial correspondente, no ámbito das súas competencias, adoptará medidas por presunto incumprimento da normativa sanitaria vixente. É tan fácil de entender a problemática, sen ser un experto nin en bioloxía nin en química, que Valdoviño, tendo auga procedente do encoro das Forcadas, tiña auga potable e Ferrol non. A cuestión? A potabilizadora. A potabilizadora que o goberno do Partido Popular, Emafesa e Augas de Galicia non quixeron renovar nas súas instalacións e nas súas melloras técnicas. Tamén paradoxicas as declaracións que fai a Territorial de Sanidade, Cristina Pérez, donde desmarca que os trihalometanos e a materia orgánica teñan algo que ver entre si, cando todos os técnicos, mesmo con informe, que detallo: "A reacción química do cloro con materia orgánica se xeneran os trihalometanos". É un subproduto que se dá cando non se elimina previamente a materia orgánica mediante os filtros de carbono ou mediante a preozonización e ó clorar materia orgánica, o sea, facer un proceso de potabilización con cloro e materia orgánica, pois temos un subproduto que son os trihalometanos.

Polo tanto, vostedes, dende a Xunta, dende o goberno da cidade, creo que deberían ter tomado medidas coa estación potabilizadora de Ferrol para evitar estas cuestións que cos datos actuais é posible que se poida volver a repetir. Se volve a haber materia orgánica volvemos a utilizar cloro, volve a haber temperatura elevada, se pode dar esa circunstancia, pero na súa actuación, dende este goberno, priorizaron poñer as contas de Emafesa ó día, como moitas veces manifestaron no mandato anterior, priorizaron meterlle recibos á xente por servicios non prestados, coma o do saneamento, priorizaron en xeral a actuación da parte privada de Emafesa e non priorizaron a cuestión de saúde dos veciños e das veciñas.

E, por último, para incidir na cuestión política. Hai un decreto tamén donde se pode decretar unha excepcionalidade, que debería decretar a Territorial de Sanidade para casos como era o de Ferrol, donde a alarma social é maior que o risco para a saúde e en cuestións que se poden solventar en días, como así foi, pero non o fixo. Non o fixo, porque a intención política era atacar a este goberno, porque este goberno é un goberno que tenta que as cuestións, como a auga, teñan un uso público porque son de todos e de todas. E esa era a cuestión política de poñer en xaque a este goberno e por ende poñer en xaque ás mareas, que son o principal elemento que os vai tentar botar do poder brevemente.

SR. REY VARELA: Moitas gracias. A verdade é que dáse vostede bastante importancia señor, permítame que llo diga con toda a humildade, non?. A ver se se montou todo este problema polo portavoz ou polo signo de goberno do Concello de Ferrol. Mire, xa nos vai quedando claro vendo o contido deste Pleno. Isto está baseado fundamentalmente no discurso político. Agora si que é verdade que nos sorprende, en vez de traer informes técnicos, nos sorprende vostede con unha adaptación técnica, bueno, dun tema químico, que supoño que ten bastante interese, pero que a min me gustaría máis velo avalado por persoas que teñen un coñecemento, seguramente superior ó que ten vostede, ó que teño eu e ó que podemos ter a maior parte de membros da Corporación. A verdade é que descoñezo se algún pode ter coñecemento. Seguramente que si. Pero o importante é eso, non é facer discurso político de todo. Aquí non se traen acordos de xestión. A este Pleno se vén a facer política, dá igual que votemos unha palabra, que votemos outra palabra diferente, o caso é ter discurso político e eu lle digo que os cidadáns o que demandan dos seus gobernos, das súas Corporacións, é solución ós problemas. Entón, ante este problema da auga, a min non me gustaría ser alarmista, porque creo que non conduce a nada e os cidadáns están un pouco fartos tamén destas cuestións. O que fan dende o goberno municipal é botar a culpa a outros, unhas horas despois de que salta o problema pois vamos xa inmediatamente a buscar os culpables. Primeiro a Xunta de Galicia, culpable absolutamente de todo. Que máis dá como sexan as normas de distribución de competencias. A Xunta. Despois tamén nun segundo proceso, pois se non chega a Xunta vamos a botarlle a culpa tamén ó goberno anterior, vamos a botarlle a culpa á Corporación anterior. Chegaron a interpretar, a reinterpretar, dacordo cunha interpretación que supoño que será de partido, quen tiña a Presidencia da empresa. Debeulles fallar un pouco o subconsciente, porque é verdade que o

Partido Socialista no ano, non me quero equivocar, no mandato anterior ó do 2003, intentou modificar a Presidencia do Consello de Administración modificando eses estatutos para que non fose o alcalde-presidente necesariamente da empresa, algo que é unha terxiversación absoluta do prego de condicións e das normas que regulan as relacións entre o concello e a empresa. Eso é quitar salvagardas de carácter público a unha empresa que é pública, aínda que teña unha parte de financiación privada. Xa digo, o caso é botarlle a culpa a outros. E o caso tamén é despois falar da mantra da privatización, que tamén é un discurso político moi interesante, traer aquí un tema absolutamente baleiro, "vamos a desprivatizar". Por certo, desprivatizar ou que tamén os seus grupos políticos, os que os precederon, tiveron tamén bastante responsabilidade. Porque parece que aquí foi o Partido Popular quen privatizou os servizos municipais. A verdade é que vostedes teñen moita habilidade política neso de repetir isto moitísimas veces para que se acabe convertindo en realidade. Vai valer de pouco, pero voulles recordar dúas cousas. Un, que nos entretuvimos un pouco buscando referentes periodísticos de carácter histórico sobre estos servizos.

Ano 1990, cando gobernaba, por certo, o Partido Socialista e Esquerda Unida o Concello de Ferrol. "Ante la imposibilidad del ayuntamiento de hacer la gestión de estos servicios de manera adecuada, el grupo de gobierno ha planteado la posibilidad de que se otorgue a una empresa privada la concesión administrativa de ambos". El titular era "El ayuntamiento estudia privatizar los servicios de agua y limpieza viaria". Les voy a dar otro recorte. "Algunos miembros del gobierno, -no los voy a citar, porque no están aquí-, regresaron de su viaje a Barcelona y a Alicante..." Les recuerdo, gobernaba el Partido Socialista e Izquierda Unida, aunque les parezca increíble. Después ya me dirán también que ustedes no tienen nada que ver con aquello. "Regresaron de su viaje a Barcelona y Alicante, donde visitaron las empresas que se encargaban de la gestión del servicio de agua para avanzar en el proyecto de privatización en Ferrol".

Pues aún les voy a leer otra: "El Pleno aprueba por unanimidad la privatización del servicio de limpieza". Pero dónde estaban estos partidos que han presumido de que nunca han privatizado nada.

Después también les podría decir que el servicio que pone en marcha la empresa Emafesa fue adjudicado en el año 99, sin ningún voto en contra. Incluso algunos que escriben algunos articulitos en el periódico estaban en la Corporación y ahora vienen a darles lecciones a otros sobre la privatización de los servicios. Pues, mire, yo creo que ante casos como estos lo que hay que tener es un gran sentido de la responsabilidad. Yo creo que una situación de crisis se puede dar en cualquier momento, le puede pasar a cualquiera y que, por lo tanto, lo que tenemos que hacer, al menos en el ámbito de la Corporación, es unirnos todos para solucionar los problemas en horas, en días, no en semanas. Efectivamente, yo creo que ha habido un fallo en la cadena de comunicación, ya determinarán las investigaciones que están en marcha qué es lo que ha sucedido exactamente. Yo igual que no puedo valorar cuál es el mejor sistema de potabilización tampoco sé la relación entre los trihalometanos y

las cianobacterias. Creo que eso hay que estudiarlo con un gran detenimiento por parte de los técnicos adecuados, pero sí que yo les pediría en esto mucho sentido común, que lo que hay que hacer ante un problema, lo primero, antes de empezar a echarle las culpas a la privatización y a la historia, es ponerse a solucionar un problema para que en unas horas ese problema quede solucionado. Yo creo que es lo que esperan los ciudadanos de sus representantes en lugar de estar echándonos la culpa los unos a los otros. Por eso yo espero que ustedes aprendan, yo espero que aprendamos todos de que con estas cosas no se debe jugar, que una Administración, y lo van a ir sabiendo con el tiempo, aparecen muchos problemas y lo que hay que hacer es tratar de solucionar los problemas. Con nosotros podrán contar de verdad cuando su voluntad sea la de solucionar problemas y no al minuto dos, ya digo, estar buscando culpables fuera de que hay un maltrato permanente por el cariz ideológico del gobierno de esta ciudad. El gobierno de esta ciudad nos tiene que representar a todos y por tanto yo creo que lo que esperan los ciudadanos es que todos estemos a la altura. Nosotros, todos los puntos de la moción no los podemos apoyar, yo no sé si el BNG nos permitirá la votación por puntos. Nosotros creemos que un proceso de remunicipalización requiere unos estudios previos que tienen que elaborar técnicos y venir aquí con los informes hechos, si no lo que estamos haciendo es más discurso para acabar en nada y si ustedes van en serio díganoslo, empiecen a hacer los estudios, tráigannoslos y nosotros es que a lo mejor podemos estar dispuestos a apoyar esa propuesta. Esa empresa es una empresa pública, insisto, 51%, porque lo determinaron otras Corporaciones. No la anterior tampoco. Ya le digo, Corporaciones donde gobernaba el Partido Socialista e Izquierda Unida en el Ayuntamiento de Ferrol. Lo digo porque de repetir muchas veces, como han repetido ustedes muy machaconamente el tema de la privatización, pues al final acaban confundiendo un poco. Estamos de acuerdo en la auditoría de mantenimiento de infraestructuras, creemos que es un paso que tenemos que dar de mejora, no en el de la auditoría económica, que ya se hace por parte de la empresa. Toda empresa pública tiene obligación de hacer una auditoría económica, estamos de acuerdo con el tema del recibo, creemos que una lección que tenemos que extraer de todo esto es que cuando se causa un prejuicio al ciudadano y, ya digo, dejémonos de la culpa es de uno, la culpa es de otro. Bueno, pues lo mínimo es que el ciudadano, aunque no le vaya a solucionar el problema tenga un gesto por parte de su Administración. Estamos de acuerdo en el tema de la Mancomunidad, de que haya mucho diálogo, es importantísimo, pero después del diálogo tienen que venir los acuerdos. Yo, ya le digo, si tanto acuerdo hay con el tema del saneamiento lo primero que debería de hacer el Ayuntamiento de Narón es retirar un contencioso administrativo que le tiene puesto al Ayuntamiento de Ferrol. Si ustedes ponen el tema de la Comisión nosotros no lo vamos a votar en contra, creemos que hay algunas investigaciones ya abiertas y que es en ese ámbito donde se tiene que determinar. Nos parecen muy bien las actuaciones que se han lanzado desde el ayuntamiento, de requerir todos los informes a la empresa. Y sobre la moción de Ferrol en Común, ya digo, es que nos parece un brindis al sol, una declaración

de motivos más que un acuerdo municipal. Nosotros lo respetamos, porque es su manera de afrontar estos problemas. En eso nosotros no podemos acompañarles. Muchas gracias.

SR. ALCALDE: Ben, eu quero tamén facer unha pequena intervención ó respecto, se se me permite.

Cando falamos de sentido común, sentido da responsabilidade, eu creo que é certo que isto excede dun problema da calidade da auga e levouse ó terreo político, pero eu tamén entendo que as lealdades ós partidos deben ter un límite e un tope. Cando falamos de feitos obxectivos falamos non de botar responsabilidades enriba da Xunta, senón da actuación concreta basada neses feitos en que a Xunta non apareceu en ningún momento en Ferrol, nun problema que excedía do ámbito municipal, polo tanto, un tema de saúde pública, no que o único que fixo foi traer cinco botes diarios para facer cinco análisis en cinco puntos da comarca.

E logo quero incidir no tema da responsabilidade, da lealdade de cada quen ó seu partido, pero creo que tampouco se poden pasar por alto certas cuestións, como alertas que se mandaron, vía redes sociais, de que estamos envenenando á poboación, de que os plans de emerxencia non se activan alegremente ou ver ó Presidente da Xunta nun tema que non foi certamente de saúde pública, pero que ante a alarma desatada se converteu nun tema crucial para os cinco concellos afectados, pois ver ó Presidente da Xunta nunha praia da cidade no día en que estábamos en plena crise, simplemente quero manifestar a miña oposición rotunda, sen querer incidir en que isto non é un tema político, que concordo con iso, pero que hai temas que non se poden obviar e creo que é necesario recalcar.

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Primeiro quería comentar facendo tres matizacións. En primeiro lugar dicir que non creo que o problema da auga en Galiza e nesta cidade sexa pola escaseza, senón máis ben por unha deficiente xestión.

En segundo lugar dicir que o encoro das Forcadas estámolo xestionando desde aquí, a través da empresa que desenvolve o abastecemento, moi ó noso pesar, como se ten xa manifestado no anterior mandato, nun debate que tivemos especificamente sobre esta cuestión.

E, en terceiro lugar, creo que as propostas do Bloque Nacionalista Galego que traemos a debate son as propostas de acordo bastante concretas, que se pode estar de acordo con elas ou non, pero que si supón adoptar decisións por parte desta Corporación municipal. Eu non sei se por parte do resto de grupos, por parte do Partido Popular, se explicou cal vai ser a súa posición respecto dos puntos que estamos a traer aquí a debate. Non sei cal vai ser a posición de resto de grupos, se se van apoiar ou non se van apoiar. O que si sei é que desde o Bloque Nacionalista Galego non falamos de que isto sexa unha cuestión excluínte, de que unha moción sexa excluínte da outra. Nós o que estamos a comentar é que a proposta que vostedes traen aquí nos parece unhas declaracións de intencións que supoñen acordos, pero que non supón adoptar ningún tipo de decisión e creo que esa é a súa función, máis aló que desde grupos coma o Bloque Nacionalista Galego se poidan propoñer propostas coas que poden estar ou non estar de acordo, pero exclusivamente asinar ou estar de acordo nun pacto pola

auga ou formar parte dunha Comisión asesora, non creo que sexa o mecanismo de funcionamento dun goberno municipal ante unha situación que se desenvolveu dunha maneira, -por non chamalo doutra forma-, estrana nestes días pasados. E o digo ademais porque é certo que as propostas que nos traen aquí a debate son un pouco indefinidas. Por exemplo a presenza nese ente, nese ente asesor, cales van ser as contrapartidas, cal vai ser o coste para o Concello de Ferrol. Podemos intuilo, pero non o sabemos de maneira específica. Cal vai ser o modelo de asesoramento ó concello por parte desta entidade. Cales son os obxectivos. Eu creo que isto deberían ser cando menos cuestións básicas que deberíamos ter coñecemento delas para poder avanzar algo neste proceso. E, como digo, a proposta do BNG é a proposta dun grupo político que non forma parte do actual goberno municipal e si consideramos que o actual goberno municipal ten que empezar a sobrepasar o ámbito das apariencias e empezar a tomar decisións. Empezar a tomar decisións concretas de cara á remunicipalización e de cara a resolver problemas que se teñen dado nestes días. Dicir, por exemplo, en relación con aspectos como a constitución da Comisión de Seguimento, é unha intención. Vostedes manifestaron nunha Comisión, pero tampouco o concretaron en ningún tipo de acto como pode ser este Pleno ou na mesma Comisión, "quen vai formar parte dela? Como se vai formar? En base a que a vamos formar?" Constitúana. Non se limiten exclusivamente ás intencións, porque das intencións non creo que se poida vivir.

O detraimento do recibo. O que deberían hoxe traernos ó Pleno municipal é a maneira en que se vai a facer, como se vai a facer, en que cantidade se vai a facer, en base a que se vai a facer e a quen se lle vai a facer. Estas son decisións que lles competen a vostedes como goberno municipal. A cuestión da potabilización. Eu creo que o que parece que está claro é que ninguén dos que estamos aquí quere valorar se é mellor un sistema ou outro. O que si que todos temos claro que o máis barato é o cloro. Eso si o temos todos claro. Non sabemos, a cuestión técnica sempre nos supón unha eiva para poder posicionarnos, ou máis ben unha escusa para non ter claro cal é o noso criterio obxectivo, pero si é evidente que o mecanismo máis barato é o cloro. Eso si que é unha realidade evidente. En todo caso, que se nos explique, se é necesario, como se pode acadar ese outro modelo de potabilización e en base a eso tomar unha decisión. Esa é unha proposta que traemos hoxe aquí. Non sei se vostedes están de acordo ou non o están. A cuestión do Consello de Administración. É vostede o alcalde, ten a capacidade para convocalo desde o momento en que o é. Por que non o ten feito no seu momento? A cuestión da rede do Ministerio de Defensa que está en desuso, o lóxico será que se non está en funcionamento que se poña en funcionamento e teremos que ser nós desde esta Corporación municipal os que llo demandemos ó Ministerio de Defensa, ó Estado ou a quen teña competencia sobre esa rede de abastecemento. Intentemos cando menos resolver ou paliar situacións que se poidan repetir de maneira equivalente ás que teñen acontecido ou situacións que poden acontecer dunha maneira próxima, como pode ser incluso un proceso de sequía ou de falla de abastecemento no mesmo Concello de Ferrol. Estas son as cuestións que eu penso que son as que deberíamos estar aquí a debatir e eu,

insisto, en relación co proceso de remunicipalización, en relación co que se afirma desde o Partido Popular, é evidente que creo que todos e todas somos conscientes de que a remunicipalización non se vai aprobar dun día para outro, nin se vai a acometer ese proceso de remunicipalización. Eu creo que é evidente, que todos comprendemos que este é un proceso cando menos complexo. Agora, eu creo que para acadar ese proceso temos que empezar a tomar medidas e hai dúas cuestións que son para nós obvias, e é saber se a situación das infraestructuras está nun estado axeitado, en base ós pregos de condicións da empresa que xestiona ese servizo e, outra, ter coñecemento se os contratos que se fan desde esa empresa se fan en base a criterios que desde unha xestión municipal puideran facerse dunha maneira máis eficaz aforrando custes ós veciños e veciñas desta cidade e permitindo que ese servizo, que parece que todos e todas estamos a considerar como básico, ademais de básico se cumpra e se dea da maneira máis eficaz posible. Esta moción non pretende decretar a remunicipalización por un acordo plenario, o que pretende é iniciar un proceso e é evidente que terá que ser con informes técnicos, pero se todos e todas estamos de acordo en que este é o noso obxectivo iniciémolo, tomemos decisións, empecemos a actuar para posteriormente valorar a decisión que queremos adoptar. Moitas grazas.

SR. DÍAZ DOCE: Vamos a ver. Para facer algunha aclaración, en tanto que estas dúas mocións se debaten conxuntamente, o que eu tampouco teño claro cal é a posición dos outros partidos políticos respecto da moción que presentamos o goberno.

Respecto da nosa posición respecto da moción do Bloque Nacionalista Galego, eu creo que o deixei claro na primeira intervención, pero, insisto, en todo caso se fixo unha petición sobre o debate por puntos, que non sei se se vai atender ou non. En todo caso, respecto tanto do punto 1, non seus dous apartados, "o desenvolvemento dunha auditoría", pois estamos de acordo. O que manifestei é que en todo caso haberá que determinar que tipo de auditoría, quen a fai, toda vez que por un proceso de descapitalización da función pública os medios existentes no concello son limitados e, en todo caso, plantexalo dun xeito externo pois ten un custe de algo que hai que valorar. En todo caso será determinar a forma. É a precisión que fixen respecto desa cuestión.

Respecto do tema do recibo de auga, xa o pasado martes se transmitiu que se tiña tomada esa decisión, polo que afirmo tamén, decisións neste sentido se teñen tomado. Se ten tomado a constitución dunha Comisión de seguimento e de avaliación para avaliar precisamente todo ese tipo de cuestións técnicas. Se ten tomado a decisión, no marco da transparencia, recabar todos os informes, que unha vez que estean dispoñibles no seu conxunto, e hai que ter en conta que hai aberta unha investigación xudicial ó respecto, que en certa medida pode distorsionar todo este proceso de recopilación de información, que en todo caso, unha vez que se dispoña de toda esa información, non só se fará e se transmitirá ó conxunto dos grupos políticos senón que ademais se fará pública a través dos medios que ten o concello, do grupo municipal, etc. Eu creo que houbo o outro día unha Comisión na que polo menos persoalmente din conta de toda

aquela información que había e de toda a información que se solicitou.

Respecto do punto nº 3, respecto do proceso para desenvolver sistemas de potabilización alternativos, tamén estamos de acordo, o único que manifesto é a dúbida que teño se realmente hai ou non. E manifesto esa dúbida porque dende que tivo lugar este proceso, realmente os contactos, e poderá ser tido doutro xeito, pero todos os contactos recibidos neste sentido proceden de empresas que se dedican precisamente á xestión de procesos alternativos. Non tiveron comunicacións masivas de persoas que se dedican, de técnicos medioambientais, etc., senón concretamente de empresas que venden procesos de potabilización alternativos, co cal teñen un incentivo obvio e, polo tanto, dubido de se realmente hai modelos alternativos ou non, podemos estudialo, estamos completamente de acordo e abertos.

Respecto dun punto nº 4, da Mancomunidade, tamén se manifestou o noso voto a favor.

Respecto ó punto nº 5, é certo que existen outras Comisións, pero tampouco existe ningún problema en que se constituía unha nova Comisión de investigación. Se se entende que non é suficiente o traslado de información a través doutras vías.

E simplemente, respecto ó punto nº 6, unha cuestión de matización, porque non se pode instar o uso dunha rede que non funciona. En todo caso se poderá instar que esa rede se poña en funcionamento ou que se tomen as actuacións para que esa rede se poña en funcionamento.

Eso respecto ás precisións da moción do Bloque, pero tamén vou facer unhas precisións xerais, que xa teñen que ver coa cuestión da moción e a cuestión de que aquí vimos a facer discurso político, pois obviamente si. Estes días hai unha personalidade que ten moita atención mediática, que definiu a economía como ideoloxía con ecuacións. Ben, pois máis aló da reflexión estou completamente de acordo. Hai quen pretende ocultar detrás das ecuacións ideoloxía, eu prefiro deixar clara a ideoloxía. Aquí o que estamos falando é se estamos ou non por un proceso de remunicipalización da auga. Hai quen pode estar de acordo ou non e despois haberá que facer ecuacións para ver se o proceso é viable ou non e de que forma ou en que tempo. Pero o primeiro que temos que manifestar é a nosa posición política respecto dunha cuestión. Eu non teño ningún problema en manifestalo, independentemente do que teña acontecido con persoas que puideron militar nun momento nun partido. Aquí como hai xente que leva moito tempo neste concello, incluso décadas, permítese falar alegremente do que sucedeu en Plenos de fai moito tempo, pois eu persoalmente vou falar do que suceda a partir de agora e darei conta do que faga eu a partir de agora ou o que faga o meu grupo. Ó mellor hai quen, pois, xa digo, por unha cuestión de vinculación persoal no Pleno dende hai moito tempo, pois pode falar en primeira persoa do que aquí aconteceu incluso fai dez anos.

E unha última cuestión respecto do tema da importancia. Eu, non pode ser doutra maneira, pero así o digo e o digo con claridade, a xestión que se fixo dende o día 16 en que neste concello se tivo coñecemento deste problema, eu creo, e non vou calificala, pero creo que non se pode calificar de insatisfactoria. Resolveuse o problema

técnico no menor prazo posible, atendeuse ó problema de abastecemento da mellor maneira posible e no menor curto prazo. Quen non lle deu importancia ou si, porque depende da cuestión, o sea, quen tiña a posibilidade de darlle importancia ou non ó tema foi a Xefatura Territorial de Sanidade, porque existe recollido na normativa en cuestión unha excepcionalidade sempre e cando se dean unhas determinadas circunstancias. Quen entendeu que esa excepcionalidade non cabía foi a Xefatura Territorial de Sanidade. Polo tanto foi quen lle deu importancia ó problema. Eso si, unha vez que lle deu importancia ó problema desatendeu totalmente a cuestión. E desatendeu tamén a cuestión, por exemplo, o portavoz do grupo Popular, que entendeu que non era unha cuestión importante como para ter presenza eses días no concello. E desatendeu tamén esa cuestión o Presidente da Xunta, que habendo un problema, pois, como xa se dixo, decidiu vir a tomar o sol o domingo a Ferrol e desatendeu, -atención- a Xunta, que unha vez declarada a importancia da cuestión non fixo máis que, como dixo o alcalde na súa intervención, traer cinco botes para faceren con mostras. Unha delas, por certo, no edificio da Xunta de Galicia e xa houbo quen dende a propia Administración denunciou a situación na que esas cuestións se fixeron. Entón, bueno, aquí quen se deu importancia dende logo foi o concello, que dende o momento que se tivo constancia desa situación puxo todos os medios á súa disposición para solucionalo.

E finalizo dicindo que, en todo caso, queda pendente o tema de se a votación é conxunta ou separada, pero, bueno, nós amosamos a nosa votación favorable independentemente que, xa digo, nese punto nº 6 entendemos que habería que matizar esa cuestión porque non se pode instar o uso dunha infraestrutura que non existe. Se pode instar a súa funcionalidade no seu caso. Moitas grazas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Vamos a ver, nada más matizar también que yo considero que el debate no es una cuestión de gestión pública o privada y en ese sentido Ciudadanos no tiene ningún problema en manifestarse en que lo importante es la gestión eficaz, sea pública o sea privada. Entonces, por motivos de ideario no va a ser en este caso que Ciudadanos e ese sentido, no es que no tenga criterios y además que no duelen prendas tampoco el manifestarnos, sino simplemente una gestión eficaz será la que conlleve a que tomemos la decisión o aprobemos o no una propuesta del gobierno.

Y en cuanto al partido del BNG, en cuanto a instar al gobierno local a iniciar el proceso de remunicipalización, el punto 1 de la propuesta, así como en el 1.1 y 1.2 sí que con las auditorías estaríamos de acuerdo, lo único que instar para remunicipalizar sería, yo considero un punto 3º más bien. Bueno, yo creo que es un punto aparte. Si fuera así y se pudiera votar, pues, efectivamente, votaríamos el 1.1 y el 1.2 a favor también.

Y en cuanto, efectivamente, la matización del punto 6º, la demanda del Ministerio de Defensa, también es reiterada y, efectivamente, aquí vuelvo a repetir, como lo ha hecho también el Concejal de Servicios, que es un problema de reparación de la red, en todo caso, y no de instar al Ministerio de Defensa, que considero que estaría de acuerdo. Supongo. Nada más. Gracias.

SR. MONTES CELEIRO: Bueno, vou diferenciar a miña intervención en dúas partes. Unha parte de datos e, polo tanto, non opinión senón datos e outra a opinión propia como portavoz.

Os datos que din na intervención anterior non son baseados na miña inspiración como científico, porque non o son, son datos sacados da Xunta, datos do SIAM, de presenza biolóxica, materia orgánica no encoro das Forcadas. Datos dende 2011, 2012, 2013, 2014, que superan nalgún caso en cen veces os datos de microcistina e cianobacterias que hai estes meses.

Ben, seguimos. No 2014, en xuño do 2014 chega por Rexistro a este concello que se comunica que o encoro das Forcadas está en alerta por cianobacterias. Cando se declara unha alerta por cianobacterias, -tamén saco da páxina da Xunta-, "actuación nos abastecementos de auga de consumo público que captan dun encoro con risco de crecemento de cianobacterias"; onde, entre outras cousas, e non son científico, pero sei ler: "En todos os casos estas medidas deberán estar incluídas no protocolo de autocontrol e de xestión de abastecemento". As recomendacións da OMS en canto a medidas axeitadas de eliminación de microcistinas son a filtración granular con carbón activo e o tratamento con preozonización e no caso de que non haxa estas cuestións técnicas, pois as autoridades sanitarias deberían tomar outro tipo de medidas.

Entradas de Rexistro no Concello de Ferrol, non hai alerta. Decreto donde se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga para consumo humano, artigo 26, situación de excepción de corta duración: "Cuando se prevea que las medidas correctoras puedan resolver el problema en un plazo máximo de treinta días y cuando el incumplimiento del valor paramétrico sea considerado por la Autoridad Sanitaria insignificante, el gestor solicitará a la Autoridad Sanitaria la autorización de la excepción de corta duración, siempre que el valor propuesto no pueda constituir un peligro para la salud humana". Non se decretou porque non quixo a Autoridade Sanitaria.

Ahora, no tema das opinións, respecto á importancia que se dá a este portavoz ou que se dá a este goberno, oxalá esa importancia fora posta de manifesto e fora posta en valor tamén pola propia Xunta, que tivera importancia non só o portavoz ou o goberno, senón a cidadanía de Ferrol e viñese aquí non en corenta e oito horas, senón antes. A mesma importancia que debería darlle o Presidente da Xunta, como xa antes se comentou. A mesma importancia que debería darlle o portavoz do Partido Popular que, por certo, cobra unha dedicación deste concello. Entón, sobre solucións, que falaba o Sr. portavoz do Partido Popular, evidentemente, cando fixemos esa primeira Comisión a idea era solucionar unha crise de abastecemento que había e en palabras de Juan Domingo, Alcalde de Mugarodos, que el tamén viña buscando solucións a esta reunión, e a única solución que tivo tanto o Concello de Mugarodos coma outros concellos, era levar palés de auga do Concello de Ferrol, porque a Xunta non lles deu outra solución. A única solución para abastecer de auga potable foi comprar palés ou encher cisternas, a Xunta non fixo absolutamente nada.

E remato, despois de falar desa paradóxica responsabilidade que, como digo, hai que practicala dicindo que nosotros sempre falamos en termos de responsabilidade, e esto si que é unha cuestión

non de culpas, como vostede falaba, porque a culpa é un invento da teoloxía para limitar a obxección propia. Entón, falemos de responsabilidades do acaído, pero, bueno, esta é unha licencia que me tomo, non ten que ver co tema. Grazas.

SR. REY VARELA: A verdade é que poucas aclaracións, ¿non?. É que o problema orixinal, se me permite tamén a licencia, é o que se fixo dende o 14 ata o 16, porque, claro, din que parece que eu estiven desaparecido, pero é que eu non son nin Alcalde, nin Concelleiro de Servizos, nin Concelleiro de Sanidade, que son os que teñen competencia sobre o asunto. Poderíamos tamén dar explicacións. Se queren que llas dea, llas dou. Estiven no concello todos eses días que sucedeu o problema da auga. O primeiro día, á xunta de voceiros non puiden asistir porque estaba nun acto no que estábamos convocados toda a Corporación, pero vostedes non quixeron ir, que era un acto no Arsenal, e como non lles debe de gustar asistir a eses actos pois tratan de entorpecer que os demais poidamos asistir. Eu penso que se pode convivir.

Despois xogando co tema tamén da presenza do Presidente da Xunta nunha praia cando, -repasen, por favor-, se había máis membros do goberno na mesma praia ese mesmo día. Repáseno. Entón, pois dar exemplos me parece que forma parte doutra cousa diferente a solucionar problemas. O ideal sería solucionar o problema entre o 14 e o 16 para que non se creara unha alarma innecesaria. Eu respecto o tema dos informes. Non entendo moi ben o de superar en cen veces. Quere dicir que entre o ano 11 e o ano 15 non se cumprían os parámetros sanitarios? Si, si, déixolle matizar. Pero di: "superada en cen veces". Superar en cen veces, carai!, cando dis que un parámetro supera en cen veces, carai! Eu non entendo tanto como vostede. Se me din "supera en cen veces", preocuparíame de verdade. Preocuparíame.

SR. MONTES CELEIRO: A ver, matizo, porque eu, xa digo, non son científico pero si sei ler e os números tamén os sei.

A ver, presenza de microcistina, por exemplo, microcistis, neste ano. Pois temos datos de 2.250, de 1.500, de 2.250, 4.750; outras cianobacterias dominantes, que cando se decreta alerta, -que eso o consulto, eso non o sabía- é cando superan os 2.000. Cando superan os 2.000 por mililitro. Pois temos datos que, efectivamente, multiplican por 100, porque temos, por exemplo, microcistis 205.500, no 2011. Son unidades. Multiplica por 100 as unidades por mililitro, é o que quería dicir. A eso é ó que me quería referir.

SR. REY VARELA: Si, pero unha cousa é que multiplique por 100 o parámetro.

SR. MONTES CELEIRO: Quere dicir que con eso hai máis materia orgánica...

SR. REY VARELA: Paréceme que é xerar máis alerta por parte de vostede. Non sei se o que queren é dicir que se multiplicaba por 100 algún tipo de parámetro que non facía a auga de Ferrol apta para o consumo. Non sei se queren dicir eso. En todo caso, aclarar que nos parece que non é así. Que unha cousa ademais, eh?, non son técnico, pero unha cousa é o estado da auga orixinal, no encoro, e outra cousa é a que sale polo grifo despois de pasar por unha planta de potabilización. Creo que é unha diferenza moi importante, non?. E,

despois, sobre o tema da excepción, o Concello de Ferrol solicitou esa excepción o día 14? O Concello de Ferrol, cando lle chega o escrito o día 14, que supoño que ademais de chegar á Alcaldía chegaría á Concellería de Servizos, porque é o trámite habitual nesta casa, que actuacións fixo para solucionar os problemas nos prazos legais establecidos, que son corenta e oito horas? Eso é o que acabaremos sabendo, non?.

En todo caso, pódenos contestar pero, afortunadamente, as investigacións en marcha van a delimitar o sucedido, sobre todo para que sexamos capaces de afrontar situacións como esta e que melloramos protocolos que teñen que mellorarse constantemente para que estas situacións non se dean na cidade. Pero, xa digo, botando a culpa e facendo chistes fáciles non se arregan estes problemas.

SR. ALCALDE: Só unha precisión por unha alusión directa do tema. O documento do día 14 non chegou á Alcaldía. Ese documento do día 14 chega a última hora da mañá, entra por Rexistro. Como vostede ben sabe ata o día seguinte, 15, non se transmite ó departamento correspondente, que si que é verdade, e nese escrito en ningún momento se alude á posibilidade de cortar o suministro de auga, simplemente se insta a aplicar medidas correctoras da contaminación por trihalometano e vinte e catro horas despois, sen ningún tipo de aviso nin máis comunicación, instase a restrinxir o consumo. Sen ser técnicos ningún dos que estamos aquí, todos podemos saber perfectamente que unha medida correctora para un elevado, e máis a estas alturas, que xa temos un curso de química completo todos, pois un nivel elevado de trihalometano non se pode rebaixar con dióxido de cloro en vinte e catro horas.

Respecto ó tema da excepcionalidade, eu creo que a propia voceira do Partido Popular, Martina Aneiros, nunha declaración ós medios, dicía que Emafesa instoulle á Xunta a non destapar esta alerta. "Destapar", non sei se eran exactamente esas verbas, pero era algo similar. Eso é concretamente a petición da excepcionalidade para que non se cortara o suministro de consumo humano. Polo tanto, non se pode dicir que non se pediu, porque o escrito que manda a Xerencia de Emafesa á Xunta de Galicia insta a non alertar á poboación, o que se entende como unha petición da excepción do Real decreto 420/2003. Simplemente era aclarar.

SR. RIVAS RICO: Grazas. Eu, brevemente tamén para aclarar algunhas cousas. En primeiro lugar, a cuestión da votación por puntos, bueno, manifestalo verbalmente, vamos a permitir a votación por puntos. En todo caso o que ten que ver co punto 1, que se poida subdividir noutros puntos, en punto 1.1.1, en punto 1.1.2 e tal, non creo que sexa a mellor solución, non por nada, senón porque as dúas auditorías, tanto a que ten que ver co estado de conservación do mantemento das infraestructuras, como a que ten que ver... determina cales son os procedementos de contratación e os resultados económicos da empresa están pensados para encarar e afrontar un proceso de remunicipalización. Pensamos que esas auditorías deben ser a base para que se poida iniciar unha análise técnica para saber como se ten que desenvolver ese proceso de remunicipalización e, por tanto, están vinculados a esa intención, que é o noso obxectivo, acadar a remunicipalización dese servizo, porque pensamos que ademais cunha

empresa na que o 51% do seu capital está en mans públicas permite que moitos dos gravames que ten que asumir non sexan asumidos e que ademais a responsabilidade en caso de situacións de gravidade teña que ser asumido pola parte pública, como xa aconteceu en algunhas entidades desta mesma Administración Local. Por tanto, o noso obxectivo é esa remunicipalización, pensamos que ese é un mecanismo ademais máis eficaz, máis barato e máis adecuado para dar este servizo ós veciños e veciñas desta cidade e consideramos que hai que iniciar o proceso dalgunha maneira e este é un dos mecanismos para inicialo. O que lle estamos a reclamar ó goberno municipal é que adopte decisións para acadar este obxectivo.

E en relación a outra das cuestións que se ten comentado, en relación ó punto 6, do Ministerio de Defensa, a súa rede, se está en uso ou non está en uso. Vostedes supoñen que esa rede non funciona, eu como non supoño nada. Non supoño nin que o Estado permita o seu uso ou non e tampouco supoño que esa rede estea en funcionamento ou non, máis que por unha afirmación nunha reunión, nunha xunta de voceiros transmitida por parte do Alcalde desta cidade. E como non supoño nada, considero que o obxectivo e a necesidade que ten este concello é que poida facer uso desa rede en casos de emerxencias aquí ou falla de abastecemento na rede xeral. Pero como vostedes si teñen fe voulles facer unha modificación nese punto e se vostedes consideran que esta modificación é acaída que a voten a favor, e non consiste máis que en manter a redacción que ten, dicindo que: "O Concello de Ferrol insta ó goberno local a demandar do Ministerio de Defensa o uso da súa rede de subministro de auga ou a posta en funcionamento, no seu caso, en situacións de emerxencias, sequía ou falla de abastecemento na rede xeral".

É o mesmo enunciado exclusivamente engadíndolle que no caso de que esa rede estivese deteriorada, que se subsane ese deterioro e que se permita o seu uso por parte dos veciños e veciñas desta cidade.

E remato dicindo unha cuestión en relación coa primeira intervención do portavoz de Ferrol en Común, que afirmaba que o Partido Popular priorizara a parte privada de Emafesa ó longo do seu mandato. Eu, o que lles quero preguntar hoxe aquí é se vostedes o van a seguir facendo. Esa é a nosa pregunta. Se vostedes van a seguir priorizando a parte privada da empresa Emafesa. E, por tanto, agardo que tomen as medidas necesarias para que esto non sexa así e empeceamos a enfrontar este problema obviando o enfrontamento en base a declaracións sen ningún tipo de obxectivo, ningún tipo de solución e empeceamos a adoptar decisións e solucións para os veciños e veciñas desta cidade. Moitas grazas.

SR. DÍAZ DOCE: Simplemente anunciar o noso voto favorable á moción do Bloque Nacionalista Galego nos seus diferentes puntos, tendo en conta tamén esa modificación do punto nº 6, que, en todo caso, todas as precisións que fixen as fixen no sentido de aclarar e matizar esas cuestións. Nada máis. Grazas.

SR. ALCALDE: Procedemos á votación da moción do Bloque Nacionalista Galego por puntos, entón.

SRA. RIVAS RICO: Só unha matización. Eu o que estaba a dicir é que a proposta de Cidadáns, que era crear un punto máis, que era o punto 1º, non quere dicir..., eu dígoo porque o Partido Popular

manifestou o seu apoio ó primeiro punto, que era a creación dunha auditoría para o mantemento das infraestructuras e manifestou a súa negativa a apoiar o segundo punto.

SR. ALCALDE: Pois votamos.

19. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA RECUPERAR A NORMALIDADE DEMOCRÁTICA NO CONCELLO DE FERROL.-

Examinada a moción que presenta o grupo municipal do BNG, que textualmente di: "O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción, para o seu debate no Pleno da Corporación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde finais do ano 2013, por decisión unilateral do anterior alcalde da cidade, limitábase de forma regresiva o acceso de público aos plenos da corporación, cuantificando en só 10 persoas as que poderán asistir libremente ás sesións plenarias.

A verdade é que esta decisión viña precedida doutras tomadas con anterioridade cuxo único fin era restrinxir, aínda máis, a participación social no debate político.

Cómpre lembrar que esa decisión viña precedida en xullo da modificación do Regulamento Orgánico do Concello, aprobado definitivamente en xullo do 2012, limitando o número de mocións que os grupos políticos podiamos presentar ás sesións plenarias.

Unha modificación tomada coa finalidade de limitar o debate político, xa que limitaba a capacidade de autonomía dos grupos municipais para poder presentar iniciativas.

Cremos que chegou o momento de revertir as decisións tomadas que limitaban a participación social no debate político e a capacidade dos grupos municipais para desenvolver iniciativas políticas no pleno da corporación.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Pleno da Corporación insta ao alcalde da cidade a deixar sen efecto as medidas de control de acceso do público as sesións plenarias e que estas sesións sexan totalmente de acceso libre, sen cupos nen invitacións deixando sen efecto as limitacións de aforo establecidas por decreto da anterior alcaldía.

2.- O Pleno do Concello de Ferrol acorda suprimir o límite de mocións, e os tempos de intervención impostos aos grupos municipais, por sesión plenaria, e insta ao Goberno Local a desenvolver, de inmediato, os trámites administrativos precisos para facer efectiva esta medida mediante a modificación do Regulamento Orgánico do Concello. "

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de catorce votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais de Ferrol en Común, Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Ciudadanos, fronte a once votos en contra, correspondentes ó grupo municipal do Partido Popular, acordou aprobar a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. RIVAS RICO: Grazas, Sr. alcalde. Queremos presentar esta moción porque consideramos que é preciso restaurar unha situación que existía neste concello, no funcionamento deste Pleno municipal, no que os grupos que formamos parte del non tiñan límite para poder presentar iniciativas neste foro. Pedían, ademais, permitir que colectivos o puideran facer a través da súa vinculación a calquera dos grupos municipais que existían neste concello e non existía ademais ningún tipo de limitación no que era o debate plenario a desenvolver ó longo de cada un dos Plenos que se teñen dado na Corporación. Isto, no anterior mandato limitouse a posibilidade de presentar mocións, dúas por grupo municipal, limitouse o tempo para intervir e ademais impediuse o acceso libre ós Plenos do Concello de Ferrol mediante unha limitación, tanto no número de asistentes a estes Plenos como no control das persoas que accedían a eles. Pensamos que o lóxico sería restaurar a situación previa, non limitar as iniciativas dos grupos municipais neste concello. Permitir, ademais, que todos aqueles veciños e veciñas que existen nesta cidade e que teñan intención ou queiran asistir a estes debates o poidan facer e consideramos, ademais, que os mecanismos que se empregaron para poder desenvolver estas propostas foron absolutamente inaxeitados, tanto a maneira de xustificar o aforo deste espazo, algo que nós xa cuestionamos no seu momento a través de informes que eran absolutamente carentes de rigor e de fiabilidade e a través de propostas de regulamento que contaron dende un principio coa oposición contundente do Bloque Nacionalista Galego co que ten que ver coa limitación de mocións e a limitación dos tempos. Penso que esta situación que agravou a falla de debate político nesta cidade e que limitou que este se puidera desenvolver no lugar onde se tiña que facer, que é o Pleno municipal, deberíamos restaurala desde o inicio do novo mandato. Por eso traemos esta moción a debate a este Pleno, que agardo non ter ningún tipo de sorpresa, como no anterior Pleno e que si poidamos aprobar .

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: El grupo Ciudadanos está de acuerdo con la democracia, transparencia y por tanto participación. Por tanto vamos a estar de acuerdo con la moción.

SRA. SESTAYO DOCE: Dende o primeiro día, no acto da toma de posesión da nova Corporación, a petición dos grupos que sustentan e que integran o goberno, efectivamente xa pedíamos que ese primeiro Pleno tivera un acceso libre para a cidadanía, como así foi, marcando unha diferenza e unha ruptura respecto á limitación á participación cidadá que existía nos Plenos do goberno do Partido Popular. Efectivamente, antes víamos unha moción que era rexeitada ou que era cuestionada, mellor dito, respecto ós orzamentos participativos e que non entenden xustificados e que non apoian e, bueno, isto volve a ser unha sinal de identidade do que estábamos a falar respecto ó Partido Popular. Non lle interesaba a participación cidadá. Non lle interesaba a participación cidadá nin na elaboración da normativa que ten que ver para rexir este Pleno nin coa participación cidadá nas intervencións ó Pleno. É por iso, obviamente somos coherentes cos acordos de goberno en que iba esta proposta, no acordo programático en que iba esta proposta e que, por suposto, se vai a desenvolver e,

sen dúbida, coherentemente con esa proposta inicial dese acordo programático votaremos a favor da proposta do Bloque Nacionalista Galego. Ademais é intención do goberno afondar, como se coñece no noso programa, tamén noutros aspectos que teñen que ver coa normalización democrática como a elaboración dun portal de transparencia ou a elaboración dunha normativa de publicidade institucional para transparentar e incrementar a participación aberta de todos os medios e de toda a cidadanía. Nada máis polo de agora.

SR. MONTES CELEIRO: Nosoutros votaremos tamén a favor da moción. Esta é unha situación que non era a lóxica dentro do que é unha democracia, que o Partido Popular insiste na representativa, pero nosoutros apostamos pola participativa e que menos que o acceso libre ós Plenos. Nese sentido tamén, bueno, recollendo a luva do primeiro día, que fixo o portavoz Iván, nosoutros tamén dende esa indefinición camiño hacia a concreción saíndo do abstracto, pois entendemos que as mocións que se presentaran e que presentemos e que presentan os grupos políticos, son sempre lóxicas e necesarias e o debate sempre é lóxico e necesario, incluídos os recesos que moitas veces causan certo malestar.

SR. REY VARELA: Bueno, a verdade que ten unha denominación esto moi interesante. A verdade que levamos tres horas de discusión, acordos para a xente ningún, dende o noso punto de vista, poderemos tamén ter esa opinión, o importante é falar de que se recupere a normalidade democrática. Miren, creo que todos, todos, temos que facer unha reflexión profunda. Nós desde logo a facemos, pero creo que todos, porque desgraciadamente, ademais da democracia participativa, que todos temos que asumir como unha necesidade destes tempos, está a representativa, e por eso todos temos que facer unha reflexión no sentido de que desgraciadamente nas últimas eleccións municipais, a pesar de todas as ansias, participou menos xente que nas anteriores. Por iso debemos facer unha reflexión todos para axudar a que a xente participe máis en todos os procedementos, tamén na elección directa a través das urnas, non? Recuperar a normalidade democrática é ter un control de accesos, bueno, son opinións. Xa ven que o control de acceso non hai nin que decretalo. Cambia o goberno e xa non temos ningún problema na celebración dos Plenos, xa non hai centos de persoas que queren entrar no Pleno, non hai situacións nas que se impide que os representantes democráticos poidan intervir nos Plenos, pero xa saberán, eh?, o que é o paso do tempo e tomar medidas para que a xente arranxe os problemas.

O control de acceso existe en todas as Administracións, se vostedes o queren quitar, queren obviar as normas, posibilidades de xente que pode estar nun determinado recinto, esa é a súa responsabilidade, nós non vamos a cultivar esa cultura da confusión. Se vós considerades que non ten que haber límite de mocións, non ten que haber límite de tempos, bueno, pois benvidos ós tempos un pouco máis asemblearios. En fin, xa o iremos ordenando. Dende logo nós vamos a votar en contra, pero, xa digo, se non límite de mocións cando pensemos que hai que presentar cinco presentaremos cinco. Se non hai límite de tempos pois non respectaremos os límites de tempo, porque non os haberá. Nós pensamos que esto hai que ordenalo e que non se pode facer demagogia con estes temas, porque unhas veces

governan uns e outras veces gobernan outros e ó final o que digo, ós gobernos se lles xulga polos problemas que lles resolven á xente non pola calidade dos seus discursos.

SR. RIVAS RICO: En todo caso, primeiro mostrar o agradecemento e apoio ós grupos que manifestaron ese apoio a esta proposta e, en segundo lugar, dicir que, bueno, que exista o control de acceso noutras Administracións non quere dicir que teña que existir na Administración Local do Concello de Ferrol e isto é obvio que non existía ata a chegada ó goberno do Partido Popular con maioría absoluta, de estabilidade de maioría absoluta do Partido Popular. É tamén certo que eses tempos asemblearios se remontan a tres anos atrás. Non estamos falando tampouco de tempos pretéritos que se perden na historia, senón que exclusivamente hai tres anos que neste concello calquera grupo municipal podía presentar todas aquelas iniciativas que considerase e que isto se limitou hai tres anos. Pensamos que esta é a mellor decisión porque ese feito permite que, en función dos problemas e das necesidades que existen nesta cidade, os grupos municipais e os colectivos e entidades que existen nela poden ter un sitio onde expresarse no Pleno municipal e pensamos ademais que é desfacer e eliminar a limitación no número de persoas que poidan acceder a esas sesións plenarias tamén é unha decisión que debemos de tomar aquí polo feito de que tanto a limitación de acceso ós Plenos, a limitación de mocións e a limitación de tempos se produciu dunha maneira que consideramos debería de facerse de maneira coordinada co resto de grupos municipais e non se fixo dese modo e esa limitación no aforo, que non viña avalada por ningún informe municipal que puidera acreditar esa limitación de maneira clara e específica, consideramos que tampouco se debe de manter no momento actual. Por eso pensamos que esta moción restaura a normalidade democrática respecto do que acontecía hai pouco menos de tres anos. É certo, é unha opinión.

20.MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN RELATIVA Á ADHESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE FERROL Ó DENOMINADO "PACTO SOCIAL POLA AUGA" E ACORDOS COMPLEMENTARIOS.- Examinada a proposta que eleva o grupo municipal de Ferrol en Común, que textualmente di: "Moción que presenta o Grupo Municipal de Ferrol en Común ao Pleno do Concello en relación coa petición da Adhesión do Pleno do Concello de Ferrol ao denominado Pacto Social pola Auga.

Aos efectos de someter ao próximo Pleno Municipal Ordinario, de acordo coa Lei de Bases do Réxime Local 7/85 e regulamentos que a desenvolven, así como o ROM, presentamos para o seu debate e aprobación, a seguinte:

MOCIÓN

Os numerosos problemas de xestión da auga, que ten o noso municipio, teñen de base un modelo de xestión privada da auga incompatible coa nosa idea de cidade. O acceso desigual, incremento do prezo das tarifas, perda da capacidade de control financeiro e técnico do servizo, obstáculos medioambientais e as escandalosas marxes de

beneficio están impulsando aos municipios a retomar o control dun servizo esencial, a auga.

A remunicipalización da auga, é unha tendencia nova. Máis de 235 casos de remunicipalización en todo o mundo en 15 anos, en 37 países de todo o mundo, un proceso que afecta a máis de 100 millóns de persoas. En Estados Unidos destacan Atlanta e Indianápolis; en Europa, París, Berlín, ou Budapest; e nos países do sur, Bos Aires, A Paz, Johannesburgo, Dar-es-Salaam, Accra, Almaty ou Kuala Lumpur. A desprivatización é xa un fenómeno global.

Existen xa moitos estudos que analizan a transición do abastecemento privado da auga ao público e todos destacan París como modelo de referencia.

Na capital francesa, o recibo baixou un 8% durante o primeiro ano e obtivéronse beneficios de 35 millóns de euros. Ademais de prohibir o corte de suministro para as familias que non podan pagar, créronse novos servizos medioambientais (instalacións de mecanismos de aforro de auga nas vivendas de protección oficial) e logrouse coa empresa pública que a xestión fose máis democrática e participativa, con persoal, usuarios e asociacións cidadás no consello de administración. Dende Eau de París contribúen ao desenvolvemento do dereito de cidade deseñando políticas de inclusión social. Realizáronse, por exemplo, numerosas accións para facilitar o acceso a auga á persoas sen teito (reparto de garrafas, distribución de bidóns e mapas de localización das fontes), creouse unha ampla rede de puntos de auga potable (1200) repartidos por toda a cidade que permiten o acceso a auga gratuita e de xestión pública.

No Estado Español, tamén existen casos como Torrelavega, Ermua, Arteixo, Manacor, Medina Sidonia, Arenys de Munt, Lucena, ou os 22 pobos da provincia de Sevilla agrupados en Aguas del Huesna, sempre cun servizo mellor e coa prioridade de acceso a auga para toda a cidadanía.

Dende a nosa posición, a nova política de augas debe apostar pola xestión pública e participativa, sen ánimo de lucro, como servizo de interese xeral, xa que a auga non é unha mercadoría, é un ben común e un dereito fundamental, ademais de elemento esencial para a vida. Para iso, dende a sociedade civil considerouse necesario crear un amplo consenso, a través do Pacto Social pola Auga (#iniciativagua2015), no que se definan e acorden os fundamentos e regras básicas do modelo público: transparencia, rendición de contas e participación social.

O pacto conta con máis de 300 organizacións sociais, ecoloxistas, académicas, sindicais e operadores da auga en saneamentos en distintos municipios do Estado e persegue tres obxectivos principalmente. O primeiro é frear a ofensiva das empresas privadas por facerse cos servizos nos pobos, onde anticipan fondos que os Concellos precisan a cambio dos recibos da auga das próximas décadas (formula coñecida como canon concesional). A segunda meta é conseguir a sustentabilidade económica, social e ambiental do ciclo da auga. A terceira e imprescindible, impulsar un modelo transparente e participado.

Por todo isto, Ferrol en Común, solicita para a súa aprobación os seguintes acordos

Acordos

-A adhesión do Pleno do Concello de Ferrol ao denominado "Pacto Social pola Auga"

-A inminente incorporación como socios a AEOPAS para que dea soporte técnico ao posterior proceso de desprivatización do actual servizo da auga e do saneamento.

-A constitución urxente dunha Comisión para o desenvolvemento do Pacto Social da Auga en Ferrol, formada polos representantes de todos os grupos que conforman o Pleno do Concello."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de trece votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais de Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego, fronte a once votos en contra, correspondentes ós Sres./as. membros do grupo municipal do Partido Popular e unha abstención do grupo de Ciudadanos, acordou aprobar a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

A deliberación deste punto fíxose conxuntamente coa do punto nº 18, no que aparece recollida.

21. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN RELATIVA Ó COMPROMISO DE APLICACIÓN DO PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NOS CONCELLOS E DEPUTACIÓNS.- Examinada a moción que presenta

o grupo municipal de Ferrol en Común, que textualmente di: "O grupo municipal Ferrol en Común, a través do seu voceiro don Álvaro Montes Celeiro, e ó abeiro do disposto polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación a seguinte moción:

Tras os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística na *Enquisa de condicións de vida das familias. Coñecemento e uso do Galego. Ano 2013*, onde se sinala máis unha vez a redución do uso da lingua en todos os sectores, queremos mostrar o noso compromiso activo co futuro da lingua galega e coa súa plena normalización en todo canto dependa da nosa acción como Concellos e Deputacións garantindo a presenza normal da nosa lingua.

Por isto, de acordo co establecido no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego en 2004, e de acordo coa Lei 5/1988, do 21 de xuño de uso do galego como lingua oficial de Galiza polas entidades locais e da Lei 5/1997 das administracións locais de Galiza.

Para repor a nosa lingua en todos os espazos e usos que nunca debeu perder e para restaurar o seu uso como lingua propia e oficial de Galiza.

Conscientes de que as institucións municipais, as máis achegadas á cidadanía, esixen maior e mellor atención ás demandas sociais e que estas non poden ser plenamente satisfeitas sen a lingua galega, o noso máis importante sinal de identidade colectiva e elemento de

cohesión social, indicador da autoestima e confianza no noso presente e futuro como pobo.

Comprometémonos a aplicar, ou no seu caso, continuar a aplicar as seguintes medidas concretas previstas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega:

- Establecer que nos pregos de condicións dos concursos se inclúa de oficio a cláusula de que "as ofertas e estudos técnicos que se acompañen deberán, polo menos, estar redactados en galego".

- Establecer que todos os departamentos e organismos dependentes das deputacións e concellos teñan a lingua galega como lingua xeral de referencia oral e escrita, así como a súa utilización de todos os cargos electos no exercicio das súas funcións.

- Establecer que os actos xurídicos documentados e as relacións xurídicas e notariais da Administración local, que se refiran a actividades de ámbito galego, se redactarán normalmente en lingua galega.

- Establecer que as intervencións xudiciais da Administración se realizarán en lingua galega.

- Establecer que todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións teñen que levar incorporada a recollida da microtoponimia consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia e que o material toponímico recollido deberá ser remitido ao SITGA, para a súa organización e posta a disposición da sociedade na rede.

- Establecer que todos os contratos e axudas públicas de calquera tipo deberán producir un aumento efectivo da presenza do galego na entidade receptora e avaliar o cumprimento.

- Establecer normas xerais e uniformes sobre a capacidade lingüística esixíbel nos procesos de acceso á función pública e no desempeño desta función.

- Programar un novo proceso de formación lingüística dos funcionarios que teña como obxectivo mellorar as actitudes, a fluidez e mais o coñecemento do vocabulario técnico específico.

- Establecer plans nas deputacións provinciais para a adquisición e/ou elaboración de todos os programas de xestión administrativa en galego.

- Establecer que as respostas telefónicas das administracións locais debe ser en principio en galego (Oferta Positiva).

- Impulsar a creación dun Servizo Municipal de Normalización Lingüística que desenvolva accións de promoción da lingua galega e coordine a posta en marcha do aquí sinalado.

- Establecer que as escolas infantís municipais garantirán cando menos o 50% de presenza en galego en toda a súa actividade e que contarán con materiais en galego."

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de trece votos a favor, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais de Ferrol en Común, Socialista e Bloque Nacionalista Galego, fronte a doce votos en contra, correspondentes ós Sres./as. membros dos grupos municipais do Partido Popular e de Ciudadanos, acordou aprobar a moción transcrita.

DELIBERACIÓN

SR. MONTES CELEIRO: Tendo en conta que proximamente teremos un regulamento que non teña limitación de horarios, eu vou a ser práctico e pragmático na exposición e dado que xa dimos ese primeiro paso nesta declaración e entendendo o pensamento que estou lendo ó portavoz do Partido Popular, que esto pensa que é unha moción trampa, nada máis dicirlle que non é certo, que simplemente o compromiso a aplicar e a continuar a aplicar as seguintes medidas concretas previstas xa no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. Dicirlle que no propio plan de traballo da área de normalización do Concello de Ferrol, queremos facer especial fincapé á recuperación e ó uso natural da lingua galega en todos os seus espazos e ámbitos. Non é unha cuestión unicamente de crear espazos de resistencia dende a Administración ou dende Educación. Non é iso, é algo máis amplo. Entendemos que todas estas medidas que sometemos a votación ó Pleno é unha cuestión a cumprir, a levar a cabo, entendemos, neste mandato. Dende este equipo de goberno faremos todo o posible, termos toda a empatía posible e máis por ter neofalantes da nosa lingua. Nese sentido esta moción o único que pretende é recuperar o compromiso de aplicación do Plan Xeral de normalización da lingua galega nos concellos e nas deputacións.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Ciudadanos vuelve a repetir un poco y a reiterar lo dicho ya también en la anterior intervención, en el sentido de que las imposiciones nunca son buenas, consideramos que hay una serie de puntos, como por ejemplo establecer que todos los departamentos, organismos dependientes de las diputaciones y concellos teñan a lingua galega como lingua xeral de referencia oral e escrita, así como a súa utilización de todos os cargos electos no exercicio da súas funcións, es que viene a extralimitar una serie de derechos y de, más que de derechos la posibilidad de que cualquier ciudadano se exprese en una Comunidad Autónoma como la gallega, con dos idiomas, tanto en uno como en el otro. De todas maneras, ya digo, sin imposiciones y de una manera normal por tanto. Y en ese sentido, Ciudadanos, reiterando ya lo manifestado hasta la fecha va a no apoyar esta moción.

SRA. ESPIÑEIRA GONZÁLEZ: Moitas grazas. Varias cousiñas. Para comezar, eu penso que o debate nesta moción en concreto non é tanto falar de imposicións ou falar de discriminacións, porque realmente eu creo que é un discurso que temos superado e respectando todas as posturas, non? Pero un matiz ó comentario á voceira de Ciudadáns, é que falar de imposicións ós cidadáns, cando aquí o que se expresa no Plan Xeral de Normalización Lingüística son as obrigas dos traballadores e traballadoras das Administracións Públicas non é o mesmo que dicir que se lle obriga á xente pola rúa a falar nunha lingua ou noutra. Son cousas distintas. Pero entrando en concreto no que estamos a debater agora, que é esta moción que presenta o grupo municipal de Ferrol en común, gustaríame dicir e comezar, xusto agora mesmo non temos ó noso alcalde, pero unha frase que comentou estes días el no acto celebrando o día 25 de xullo, o noso alcalde reivindicaba hai uns días "un Ferrol galego e en galego", desexo que compartimos absolutamente desde o BNG, porque pensamos que desde o goberno municipal dar este novo paso presentando esta moción para aplicar o Plan Xeral de Normalización Lingüística, coas indicacións e

coas recomendacións que a Mesa pola Normalización Lingüística, que é quen impulsa esta declaración de unidade que todos os partidos políticos asinan, pensamos que é un paso positivo, porque desde o noso punto de vista e centrándonos xa no que se recolle nesta moción, cumprir coas leis existentes en materia de normalización lingüística é o primeiro paso e o máis urxente para conseguir realmente o que se persegue con esta declaración e que se continúa con esta moción.

Simplemente lembrar que o Concello de Ferrol é responsable de cumprir e esixir que sexan cumpridas estas normas e acordos que temos en materia de normalización lingüística en todos os ámbitos de acción municipal. Pero neste sentido gustaríanos lembrar tamén que nesta moción simplemente se recollen algúns do Plan Xeral de Normalización Lingüística cando en Ferrol contamos con dúas normativas específicas. Temos un Plan de Normalización Lingüística do ano 2003 e contamos tamén cunha Ordenanza de Normalización Lingüística do ano 97. Sorpréndenos por iso nesta moción que non se teñan en conta estas dúas normativas específicas xa que, a pesar do paso dos anos, pensamos -que o Plan Xeral de Normalización tamén é do ano 2004-, pensamos que estas medidas son menos xenéricas e que recollen e se adaptan un pouquiño máis á realidade ferrolán. Pensamos que debería terse en conta xa neste punto de partida ademais do Plan Xeral. Valoramos moi positivamente que o goberno se comprometa a cumprir o Plan Xeral de Normalización Lingüística en todos os ámbitos municipais, insistimos en que, porque pensamos que o concello debe ser un elemento activo respecto ó impulso do galego. Por ende, como comentaba antes, pensamos que os puntos concretos que se recollen nesta moción deberían adaptarse á realidade do concello. Me gustaría comentar algunhas destas medidas, intentarei ser breve, porque en algunhas delas consideramos dende o BNG que non teñen moito sentido, porque ou ben xa se están facendo ou, explicarei pouquiño a pouco. Simplemente, na primeira medida que fala da utilización do galego nos pregos de condicións dos concursos, non as vou ler -todos e todas témolas-, para facer un pouco máis curta a miña intervención. Na utilización do galego nos pregos gustaríame lembrar que xa desde o ano 97, coa Ordenanza municipal de normalización, se inclúe un pequeno artigo sobre cal é a lingua vehicular que se debe utilizar, concretamente nos últimos anos, cando menos, -esto saqueino dun documento dos últimos anos-, fálase de que todos os documentos que se deriven desta relación de vencellamento entre o Concello de Ferrol e o adxudicatario, redactarase en lingua galega, etc., etc. É dicir, temos a unha normativa que existe hai moitos anos e que se inclúe nos pregos de contratación, nas subvencións, pero o noso problema, a pega que lle poñemos nós a isto é que consideramos que o labor do concello, dado que xa existe unha normativa legal e neste caso tamén específica coa ordenanza, debe velar e facer que esta lexislación se cumpra, porque que en todos os contratos se inclúa este artigo non significa que se cumpra e temos constancia de que non se cumpre en todos os casos por todas as partes. Entón pedimos iso, que se cumpra ese prego.

Outro punto que se recolle na moción, do Plan xeral de normalización, é o referente á utilización do galego polos cargos electos. Neste sentido si que me gustaría tamén volver a recordar que

temos unha ordenanza municipal que recolle no capítulo VI, no artigo 14, e leo literalmente, porque considero que hoxe é necesario lelo: "Os cargos do concello expresaranse en galego nos actos públicos celebrados en Galicia, sempre que as intervencións sexan por razón do cargo". Estamos nun Pleno municipal, o noso alcalde, en diversas ocasións, eu recordo cando menos dúas, tamén o concelleiro Álvaro Montes pediu boa vontade, un esforzo para que os concelleiros e as concelleiras nos expresásemos en galego, penso que non funcionou, non é suficiente, e penso que debemos volver ó espírito do que comentaba eu ó principio da miña intervención, que é cumprir a lexislación, é cumprir a lei, logo na súa casa cada quen que fale o que queira, pero estamos nun Pleno agora mesmo, isto é un cargo público, así como outras intervencións; simplemente pedir que se cumpra isto, se realmente como goberno municipal de Ferrol temos o desexo de iniciar este proceso de normalización, este novo proceso de normalización.

Outro dos puntos que quería comentar, doux nada máis que me quedan, fálase de impulsar a creación dun servizo municipal de normalización, cara ó final das medidas. E aquí é o que quería evidenciar eu un pouco de que estas medidas compartíndoas, nós compartimos todas estas medidas, non ten moito sentido, porque realmente nós xa contamos no concello cun servizo municipal. Entón, nesta moción pensamos que se podería engadir algún outro obxectivo do goberno, como reforzar este servizo de normalización, dotalo das partidas orzamentarias necesarias e suficientes para poder xestionar todas as cuestións que se derivan das accións e medidas que se deben tomar.

E, un último punto que quero comentar do Plan Xeral é o referente ás escolas infantís municipais, porque tamén pensamos que fálase de garantir cando menos o 50% da presenza de galego, non?, na atención ós nenos e ás nenas, na actividade das escolas infantís. Pensamos que toda vez que estas escolas infantís que existen en Ferrol non son de xestión municipal, xa que todas dependen da Xunta, non ten moito sentido, non?. Ocorrésenos, sempre como crítica e idea constructiva que esta mesma idea podería trasladarse de forma específica por exemplo ós campamentos de verán que se están desenvolvendo xa no noso concello e que si que son de xestión municipal e donde se podería ofertar, garantir unha oferta positiva tamén en galego por parte dos monitores e das monitoras para os nenos e nenas do noso concello, como unha idea dentro de moitas outras que poderían xurdir.

Xa por último, xa remato, aparte destas propostas que se recollen na moción respecto ó Plan Xeral de Normalización Lingüística, quero insistir na necesidade urxente de que o goberno municipal de Ferrol se comprometa desde xa mesmo para tomar medidas para favorecer a normalización lingüística no concello e vou poñer un exemplo claro do que me refiro, porque nós valoramos moi positivamente esta moción, o cumprimento do plan, pero por exemplo estes días, pensando un pouquiño nestes temas, respecto á realidade do Concello de Ferrol, observei -vou poñer un exemplo aínda que desafortunadamente hai algún máis- que o Twitter da Policía Local do noso concello está en castelán, desenvólvese totalmente en castelán. E iso non é o único que observei. Observei tamén, estou poñendo

simplemente un exemplo, é que non se respecta a toponimia do noso concello. Dende o BNG consideramos isto unha situación gravísima e pensamos que se debe tomar nota e que se debe corrixir. Falábase en concreto dalgún problema que había, a Policía Local, en Tejeras. Quero dicir, somos conscientes, todos sabemos que a única forma oficial dos topónimos galegos é a galega e simplemente é cumprir unha Lei do ano 83. E pensamos que ademais das medidas ambiciosas respecto a plans de normalización, este tipo doutras medidas máis do día a día, da nosa vida cotiá, tendo en conta a importancia que teñen as redes sociais no noso día a día, que deberían ser unhas medidas urxentes que debería tomar o concello, toda vez que, comentaba antes, compartimos esa manifestación que facía o noso alcalde hai uns días de querer un concello, un Ferrol galego e en galego. Moitas grazas.

SRA. SESTAYO DOCE: Brevemente e en coherencia co posicionamento do grupo municipal Socialista respecto á primeira proposta, votaremos a favor desta iniciativa e ademais simplemente, respecto á posición manifestada pola voceira de Ciudadáns, calquera sabe que como dicimos os xuristas en herdanza da liberdade normativa, calquera lei supón un acotamento da liberdade de calquera persoa. Eso o coñecemos ben. Aínda para aquelas leis, como dicía Montesquieu, que precisamente o que intentan é desenvolver as liberdades das mesmas. Estamos suxeitos a unha normativa de normalización Lingüística, pactada no seu día co consenso en Galicia, un consenso roto exactamente tamén no seu día polo Partido Popular e é evidente que existen ordenanzas municipais que debemos cumprir mentras non se cambien e dende logo non é intención deste goberno mudalas.

SRA. ANEIROS BARROS: Moitas grazas. Tamén intentarei ser breve. Dicir, en primeiro lugar, que creo que como xa se ten comentado no día de hoxe neste Pleno, despois de ter aprobado o punto nº 15 da orde do día, de adhesión a esa declaración de unidade a prol da normalización da lingua galega, traer esta moción precisamente hoxe creo que non é o máis adecuado. O punto 15 o que vén a ser é a maior proba, a maior demostración de que cando falamos da lingua galega, os distintos grupos políticos, temos que facelo dende o diálogo e dende o consenso e así é como saen as propostas en conxunto, polo ben neste caso da nosa lingua e cando é así, pola vía do diálogo, pola vía do consenso, teñan claro que aí imos estar con vostedes. E nesa declaración conxunta xa se recolle a unidade de todas as organizacións políticas nesa vontade de normalizar a lingua galega e de levar a cabo as medidas necesarias para a plena normalidade da nosa lingua.

E o punto de partida desa declaración, da que aprobamos no punto 15, é precisamente a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega do ano 2014, aprobado, efectivamente, por unanimidade. Por iso penso que despois desa aprobación, insisto, penso que non é o máis adecuado traer unha moción proposta unilateralmente por un dos grupos políticos. Ademais, simplemente por precisar, o certo é que non leva a propia moción ningunha proposta de acordo para que sexa o Pleno o que decida cal que o acordo a adoptar, como é o propio en calquera moción. Pero, bueno, aínda así, obviando esa circunstancia e xa centrándome nas medidas concretas que se recollen, dicir que, efectivamente, moitas

xa están recollida no Plan Xeral de Normalización Lingüística, que se cita, como dicía antes, na adhesión e que ademais son de xa cumprimento por parte desta Administración Local. Pero, Sr. Montes, tamén é certo que inclúen outras que non están previstas no Plan Xeral de Normalización Lingüística e vostedes as meten no mesmo saco como se fora así. Entón, o certo é que analizamos a moción e, evidentemente, non podemos dicir que todas estean aprobadas nese Plan Xeral de Normalización Lingüística, porque non é así. No segundo punto, esa expresión de que "así como a súa utilización da lingua galega de todos os cargos electos no exercicio das súas funcións", permítame que lle diga que eso non aparece literalmente así no Plan Xeral de Normalización Lingüística, o mesmo que cos dous últimos puntos desta moción, que fala, en primeiro lugar, de impulsar a creación dun servizo municipal de normalización lingüística e sorpréndeme que vostede, Concelleiro de Normalización, diga esto cando sabemos todos perfectamente que ese servizo de normalización lingüística existe no noso concello dende hai anos. Existe unha técnica de normalización lingüística que desenvolve o seu traballo de forma satisfactoria, de forma eficiente, por tanto non entendemos a presenza deste punto nesta moción. Así coma o último punto, que tampouco está previsto no Plan Xeral de Normalización Lingüística, que é o de establecer que as escolas infantís municipais garantirán cando menos o 50% da presenza en galego en todas a súa actividade e contarán con materiais en galego. Primeiro, isto tampouco está recollido no Plan Xeral de Normalización Lingüística e, segundo, recordarlle que na nosa cidade non existe ningunha, como ben lle sinalaba a concelleira do BNG, non existe ningunha escola municipal nin escola infantil de carácter municipal. E, bueno, se falaba aquí da ordenanza de normalización lingüística do concello. Citouse en varias ocasións. Eu simplemente a efectos informativos destacar que esta ordenanza, como todos sabedes, foi declarada ilegal polo Tribunal Superior de Xustiza. Unha ordenanza similar, exactamente igual que tiña o Concello de As Pontes e que tivo que suprimir varios artigos porque consideráronse ilegais, co cal pois ó mellor merecía a pena revisar esa ordenanza para adaptala á legalidade.

En calquera caso, á vista da nosa adhesión, que fixemos expresamente no punto 15, adheríndonos e aprobando ese punto, á vista de que a maioría destes puntos que vostedes propoñen xa están previstos no Plan Xeral, á vista de que a maioría xa se están cumprindo, á vista de que, como lles dicía, a nós gústanos traballar dende o consenso, dende o diálogo e sacar os temas conxuntamente adiante, pois imos a votar en contra desta moción.

SR. MONTES CELEIRO: Bueno, eu valoraría un pouco o sentido do voto e que polo menos abstivéranse, logo de ter declarado o compromiso na declaración da Mesa.

Sei perfectamente que é un servizo de normalización Lingüística. Sei perfectamente, e tendo en conta as circunstancias económicas que ten este concello, o servizo de normalización lingüística curiosamente ten recursos e ten recursos porque non tivo actividades. Dicir que tamén temos neste concello un Consello da Lingua donde hai entidades culturais que están presentes nese Consello. Consello que non se convoca dende moitísimo tempo, de feito

a sorpresa delas cando as chamamos para falar con elas dese tema foi maiúscula. Ese tamén é o tema. Pero, bueno, quero ser positivo. Quero ser positivo coa súa posición. Esa posición que entendo de rebeldía e de insubmisión a certos compromisos legais. Compromiso que os regulamentos de Ferrol non son os das Pontes. Non estamos na mesma situación que o tema das Pontes. E quero ser positivo con esa rebeldía e con esa insubmisión, porque agardo entón noutras cuestións que non sexan solo de lingua senón de lexislación, que se aplican ós cidadáns con recortes, como a lei mordaza e outro tipo de recortes que afectan á propia vida das persoas, sexan igual de insubmisos que con este tema. Grazas.

SRA. RODRÍGUEZ MASAFRET: Simplemente por alusiones matizar dos cosas. Una que, efectivamente, bueno, aquí la portavoz del Partido Popular ha recordado, efectivamente, el Tribunal Superior de Justicia, en sentencia de 23 de febrero de 2006, dispuso la nulidad del artículo 1.1, 1.2, 4.2, 10.2, 25 y 31 de la Ordenanza municipal das Pontes, que casualmente es exactamente igual, es la misma, con las comas y puntos, que la de Ferrol.

Simplemente, otra cosa más. El artículo 14, al que se refería la portavoz del BNG, señala literalmente, y perdón si no me expreso bien: "Os cargos do concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos"."Normalmente". Se ha dejado la palabra "normalmente". De todas maneras, y reitero el artículo 3 de la Constitución y sus normas complementarias y desarrolladoras, creo que priman sobre el resto. Y nada más. Simplemente quería decir así.

SRA. ESPIÑEIRA GONZÁLEZ: Buf, é que ir á Constitución agora. Quero dicir, non se trata de non cumprir a Constitución, que eu penso que cumpre, se trata de cumprir tamén as outras leis, que é no que estamos.

Comentar un pouquiño o mesmo que dicía o portavoz Álvaro Montes, a ordenanza de Ferrol nin está derogada nin é ilegal. Existe unha ordenanza nas Pontes. Quero dicir, non ten nada que ver, aínda que coincida, non ten que ver, esta ordenanza está vixente.

Ademais, outra cousa que me gustaría recordarlle á Sra. Aneiros é que as leis non se poden cumprir por pedazos, os pedazos que nos gusten e os pedazos que non.

E logo, unha cousa que non entendo moi ben, cando se apoia esta declaración de unidade a favor da normalización lingüística, que está apoiado, recordemos, pola maioría das forzas políticas que estamos presentes aquí nesta Corporación municipal, todas, excepto Ciudadanos, ratifican e asinan esta declaración, o que se adquire é un compromiso, pero se adquire un compromiso que xa se especifica nesa mesma declaración que vai ir máis alá. Non vai quedar simplemente en asinar un día, en que estamos todos de acordo en traballar pola normalización. Esta declaración está impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e o Concello de Ferrol o que está facendo agora mesmo é seguir aplicando estas recomendacións que dende a Mesa, que é a entidade que impulsa esta declaración de unidade, as recomendacións que se presentan esta mesma semana o portavoz da Mesa, comentaba que o primeiro paso e o máis urxente é cumprir o Plan Xeral de Normalización Lingüística, porque pensamos que esta declaración de unidade non está pensada só para a realidade municipal, está pensada

para outros moitos ámbitos da nosa vida e non só o ámbito político ou o ámbito municipal. Entón non entendo cal é o punto que lles molesta desta moción, salvando as matizacións, que xa fixen bastantes eu de cousas que son modificables respecto ós puntos da lei, ou adaptables á nosa realidade, pero en principio isto é ó que se comprometeron vostedes e o resto das forzas políticas, tamén o PSOE, tamén Esquerda Unida, ó asinar esa declaración, a seguir traballando e seguir estes pasos para que se cumpra a lexislación vixente como primeiro paso no camiño a traballar cara á normalización. Non entendo moi ben simplemente este posicionamento. Nada máis.

22. ROGOS E PREGUNTAS.- No turno de rogos e preguntas formuláronse os seguintes:

SRA. GARCÍA FRAGA: Moitas gracias, Sr. alcalde. Moi bo día a todos e a todas.

Nós queríamos preguntar polas visitas a Capitanía Xeral, xa que se celebraban os primeiros sábados de cada mes en dous grupos de vinte persoas cada un deles, durante corenta e cinco minutos, nos que existía unha gran demanda para estas visitas. Pensamos que non só debemos de amosar ós turistas e ós locais o noso patrimonio civil senón tamén o militar, que ten un gran valor. Polo tanto, queremos propoñer ó goberno deste Pleno que se reanuden estas visitas, que tan só teñen un coste de dous gardias de seguridade privada durante unha hora e media de tempo e a tarifa dun servizo de guía turística. Polo tanto, ten un coste mínimo para o concello, cada mes, que non chega ós 150 euros por visita.

Por todo o anterior, o grupo municipal Popular quere pedir que se poñan en marcha de novo as visitas a Capitanía Marítima, que se puxeron en funcionamento durante o goberno anterior. Moitas grazas.

SR. DÍAZ DOCE: A min gustaríame poñer en marcha moitas cousas. Seguramente. Se houberse recursos para poñer en marcha moitas cousas e non se tivesen dilapidado en actuacións dificilmente xustificables e que seguramente haberá que dar conta delas no futuro, seguramente teríamos máis marxe para facer moitas cousas. Ó mellor nesas cousas que queremos facer estaría esa ou non. O que se fixo foi facer unha valoración técnica respecto da demanda existente desa actividade en concreto e se tomou a decisión de que os recursos estaban mellor xestionados destinados a outro tipo de actividades e así se fixo. Nada máis.

SR. LANGTRY CAÍNZOS: Gracias. Quería facer tres preguntas y un ruego.

La primera sería si el alcalde es concededor o si nos puede informar de si hay personas trabajando en el Concello de Ferrol sin ningún tipo de nombramiento, como pueden ser el jefe de gabinete, un redactor y un gerente de Urbanismo.

Siguiente pregunta. Antes se habló del cumplimiento estricto de los procedimientos y, bueno, hay adjudicaciones, como es la del socorrismo a TRAGSATEC. Quería saber si esa adjudicación cuenta con todos los informes correspondientes y el cumplimiento de los

artículos 172 del Real Decreto 2568, de 1986, que aprueba el Reglamento orgánico de funcionamiento de las Entidades Locales y el 175 también. Uno es que requiere informe y otro que requiere también propuesta de resolución.

Tercera pregunta. Es si se ha cerrado al tráfico la calle Sánchez Calviño, entre Venezuela y Castilla, por caída de cascotes y, de ser así, creo que está cerrada al tráfico, pero no al tráfico de personas, con lo cual, bueno, si hay caída de cascotes creo que es un problema más para las personas que para los vehículos, que también.

En cuanto al ruego quisiera, ya que hemos debatido aquí sobre la Ordenanza de la Lengua, que se haga un informe de la Secretaría municipal respecto de si esta ordenanza que está en vigor con el Concello de Ferrol cumple con las leyes vigentes y en especial con la Constitución. Muchas gracias.

SR. ALCALDE: Respecto á primeira, se existe aquí persoal traballando ilegalmente, pois eu teño que dicir que hai persoas que debido á dilación, intencionada ou non, do nomeamento de persoal eventual de libre elección por parte do goberno, hai persoas que están cooperando co goberno e se alguén ten algo que obxectar, pois hai unha serie de procedementos administrativos e xudiciais ós que pode recurrir.

Respecto ó tema do socorrismo, este goberno municipal tomou posesión o 13 de xuño, o 15 de xuño posesión efectiva, e non estaba previsto ningún tipo de actuación respecto ó socorrismo. Hai un modelo con TRAGSATEC exactamente igual ó do ano pasado; non obstante, se emitirá informe conforme ó solicitado polo concelleiro Alejandro Langtry.

E respecto ó rogo do informe da legalidade, pois eu tamén remitome ó dito respecto ós nomeamentos. Eu creo que se alguén considera que neste concello hai algunha ordenanza ilegal ou un procedemento ilegal, pois ten unhas vías administrativas e xurídicas ás que recurrir e se considera que é así e o manifesta así publicamente, pois o consecuente sería acudir a esas vías para demandar a ilegalidade do que consideren oportuno.

E respecto ó tema do corte da rúa Sánchez Calviño, pois remitome á Concelleira de Urbanismo, María Fernández Lemos.

SRA. FERNÁNDEZ LEMOS: Ola, bos días a todos. En Sánchez Calviño, como todos sabedes, houbo unha emerxencia a semana pasada polo perigo de derrube dunha fachada á vía pública. Os servizos técnicos municipais no seu día fixéronse cargo da emerxencia e, xunto cos Bombeiros e a Policía Local, fixeron as accións oportunas para garantir a seguridade. Agora é un técnico, un técnico privado do promotor, o que está a facerse cargo da emerxencia.

Nestes momentos creo que o peche da rúa, o tráfico era por cuestións de circulación, porque parte da vía está ocupada polo precinto de seguridade da fachada. Sería facer un apuntoamento de emerxencia en toda a fachada, pero a decisión da directora facultativa é de derrube inmediato da fachada. Esta semana ían emprender as obras e supoño que será a causa pola que está pechado.

SR. RIVAS RICO: Eu quería saber por que non se trouxo a este Pleno a derogación da Ordenanza de tenza de animais, tal como se ten acordado no anterior Pleno e tal como se ten anunciado por parte de

vostede mesmo, dicinco que se faría no Pleno do mes de xullo e máis tendo en conta que rexeitaron modificar a proposta feita polo Bloque Nacionalista Galego para adaptar esa ordenanza, previo á elaboración dunha nova.

SR. ALCALDE: Como xa manifestei, a nosa intención, dende logo, e derrogar a Ordenanza de animais. Se non se trae a este Pleno é porque queremos xa acompasala coa redacción dunha nova e estamos nese proceso e vai ser de aplicación inmediata.

SRA. MARTÍNEZ GALDÓS: Gracias, alcalde. Yo quería hacer una pregunta a la Concelleira de Festas respecto a la Feria Medieval que se va a celebrar en días próximos en Ferrol Vello. Yo leí textualmente en prensa, no sé si es así, por eso querría que me lo confirmase, que convocó usted con "unhas bases fixadas que tiñan que cumprir as empresas que se presentasen".

Yo, en caso de que existan esas bases, quería saber dónde se publicaron, porque yo no las he visto, pero, bueno, puede ser que yo no las haya visto y sí se hayan publicado. Quiero saber también el número de empresas que se presentaron en base, valga la redundancia, a esas bases y quiero también saber cuál es la empresa adjudicataria y al mismo tiempo conocer el programa de dicha empresa.

SRA. SESTAYO DOCE: En primeiro lugar, como saben, creo, na Feira Medieval había unha proposta exclusiva dunha soa empresa, que non sei se simplemente, -traslado o que se nos comunicou a Festas-, era adxudicataria acostumada nos procedementos da Feira Medieval. E dende o goberno trasladamos que nós íbamos aceptar a todas as empresas que se presentaran e logo proceder a unha avaliación en base a uns requisitos o máis obxectivos posibles e dende logo algún que recollera as liñas programáticas do goberno. Efectivamente, nese momento presentáronse cinco empresas nas que, na invitación que se lles fixo ás cinco que concorriron, se basearon en catro criterios, que se trasladaron por parte da funcionaria que está a levar Festas neste momento, -a que levaba tamén co goberno anterior-, por mandato, por suposto, do goberno, os seguintes requisitos:

Primeiro, que non houbera animais, presenza de animais na Feira Medieval. Bueno, había algunha que ofertaba tradicionalmente cetrería.

En segundo lugar, que se tería en conta a animación, as propostas de animación durante todos os días, os tres días.

En terceiro lugar tamén a programación infantil.

E, en cuarto lugar, o prezo que se lle ofertara ós artesanos.

Como sabe a Asociación de Artesanos de Ferrol e de Ferrolterra levaban anos protestando polos elevados prezos que se lles impoñían por parte da empresa tradicionalmente adxudicataria e, bueno, pois acudiron ó concello para mostrar unha mostra comparativa respecto dos prezos que se lles ofertaban noutros lugares.

Polo tanto ese foi un dos parámetros dentro tamén da liña programática de Ferrol de favorecer a creación de emprego e a dinamización das feiras. Con eses valores se tiveron en conta todas as propostas e foi finalmente adxudicataria Xema Comunicación, que será a que vai levar a Feira Medieval durante este fin de semana. Quero aproveitar, tamén coa cooperación de todos os artesáns de Ferrol e de Ferrolterra, que quero felicitar e dar as gracias pola

súa implicación e que, bueno, espero, e aproveito a pregunta de Dna. Susana, para invitar e pedir que concurran á Feira Medieval. Gracias.

SRA. MARTÍNEZ GALDÓS: Entonces, por lo que ha manifestado, fueron invitaciones a determinadas empresas, no se publicó en ningún medio, ni en la Web del concello ni en ningún medio de comunicación, fueron invitaciones a empresas concretas.

SRA. SESTAYO DOCE: A diferencia do goberno anterior a todas e cada unha de todas as empresas que presentaron ofertas. E, como saben, tanto para as festas como para o programa, a verdade é que chegamos moi xustos, como é unha obviedade. Tomamos posesión fai un mes e, polo tanto, o proceso chegamos e non había, salvo, insisto, esa empresa, que non sei se é certo, eu simplemente traslado, que di que se lle adxudicaban todas as ferias, só había esa proposta e apareceron cinco máis, catro ou cinco máis. Polo tanto, o requerimento e todos estes requisitos a todas as que se presentaban. A todas.

SRA. MARTÍNEZ GALDÓS: Bien, me ha respondido en cuanto a la publicidad.

También quiero decirle, simplemente por alusiones, que hubo varias fiestas medievales a lo largo de estos cuatro años que estuvimos aquí en el gobierno y existieron otras empresas que llevaron a cabo ferias medievales y le puedo pasar los nombres de esas otras empresas que llevaron a cabo esas otras ferias medievales.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levantou a sesión, sendo as trece horas e corenta e dous minutos, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

Visto e prace,
O Alcalde-Presidente

A Secretaria Accidental,

Don Jorge Juan Suárez Fernández

Dona Paula M^a Vázquez Carrasco